

ORBITA

Xornal do IES RIBEIRA DO LOURO. Maio - 2009
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Manuel Rivas:

"Unha lingua é un don maravilhoso que pertence ao mundo. Por iso, aínda que existan 6000 non chegan, porque son como 6000 ríos ou 6000 bosques, que sempre parecerán poucos"

“O IES Ribeira do Louro sitúase á cabeza de Galicia en proxectos internacionais”

Nos últimos anos o noso Instituto participou nuns 40 proxectos financiados directamente pola Unión Europea (entre os que se inclúen os Leonardo da Vinci, Sócrates, Programas de Aprendizaxe Permanente e Interreg), o que constitúe unha cifra récord que permitiu aos nosos alumnos de Comercio Internacional viaxar para facer as súas prácticas a moi diversos lugares do mundo: Estados Unidos, Finlandia, Malta, Romanía, Alemaña, Francia ... e no verán pasado, China. En páxinas interiores incluímos unha ampla entrevista ao noso profesor Amador Ordóñez, que nos informa de que practicamente non existen outros centros educativos en Galicia que manteñan liñas de colaboración con Asia



O noso instituto gaña o I Premio de Recolla de Tradición Oral, cunha actividade dirixida pola profesora Paz, Pereiro



As nosas xornalistas entrevistan a Amador Ordóñez, profesor de Comercio Internacional



Fotografía tirada o verán pasado por un dos nosos alumnos en Pequín

Polígonos estrelados

Os alumnos presentan os seus maravillosos deseños artísticos, nun proxecto dirixido pola profesora M^{ra} Xosé Iglesias



Máis de 500 equipos de normalización de Galicia asinan un manifesto no que amosan a súa preocupación polos anuncios en política lingüística do novo Goberno da Xunta



Autoxestión teatral

Estréase unha obra de teatro na que os propios alumnos dirixiron todo o proceso creativo

Grandes mulleres da historia

Alumnas do noso centro volven asumir o papel de figuras femininas de primeira liña e espallan as súas representacións por outros institutos

Visita á primeira Reserva Integral Mariña de Galicia



Ramón Piñeiro

Día das Letras Galegas - 2009





Velaquí unha parte dos estudantes que integran o equipo de redacción de Órbita

Órbita, xornal do IES Ribeira do Louro (O Porriño)

ALUMNADO

Equipo de redacción:

Xosé María Alonso (1º ESO-A), Ana Belén Piñeiro (1º ESO-B), Lidia Lago (2º ESO-B), Aitor Lago (2º ESO-B), Deborah Pulido (2º ESO-B), Ricardo González (2º ESO-C), Xosé Anxo López (2º ESO-C), Sheyla Pazos (2º ESO-C), Nerea Pedreira (2º ESO-C), Ángela Pereira (2º ESO-C), Leidy Johana Quiñones (2º ESO-C), Carla Sobral (3º ESO-B), Noelia Sousa (3º ESO-B), Adriana Vázquez (3º ESO-B), María Saa (4º ESO-A), Rebeca Rocha (4º ESO-A), Jorge Alonso (1º BACH.-A), Alexandre Pires (1º BACH.-A), Nerea Quintas (1º BACH.-A), Mª de la O Alonso (1º BACH.-B), María Alonso (1º BACH.-B), Lorena Besada (1º BACH.-B), Jessica Fernández (1º BACH.-B), Nerea Fernández (1º BACH.-B), Antía González (1º BACH.-B), Soffia Guisande (1º BACH.-B), Jéssica Río (1º BACH.-B), Mª Luisa Muñoz (2º BACH.-B), Iria Senra (2º BACH.-B), Beatriz González (PCPI-Mantemento de vehículos), Rubén Martínez (Comercio Internacional)

Colaboracións especiais:

Nerea Alonso (1º ESO), Sara Babelo (1º ESO), Julio López (1º ESO), Sara Silva (1º ESO), María Tobío (2º ESO), Jénifer Teixeira (2º ESO), María Chapela (3º ESO), Andrea Domínguez (3º ESO), Míriam Juste (3º ESO), Sofía Lorenzo (3º ESO), Goretti Lorenzo (3º ESO), Marta Viéitez (3º ESO), Coral Alonso (4º ESO), Sergio Alonso (4º ESO), Jénifer Álvarez (4º ESO), Xosé Antonio Bargiela (4º ESO), Iago Bastos (4º ESO), Óscar Jacobo (4º ESO), Sheila Pérez (4º ESO), Borja Romero (4º ESO), Jénifer Rodríguez (4º ESO), Iria Alonso (BACH.), Mónica Boente (BACH.), Iris Boulosa (BACH.), Javier Pérez (BACH.), Olaia Pérez (BACH.), Paula Rodríguez (BACH.), Gonzalo González (Comercio Internacional)

PROFESORADO:

Entrega e supervisión de traballos de estudantes:

Virxinia Calviño, Julia Cerviño, Mª Paz Fernández, Xosé Luis Galiñanes, María Gómez, Mª Xosé Iglesias, César Iglesias, Sonia Omil, Mª Isabel Saco, Mª Luisa Tenreiro.

Textos de seu:

Xulio César Abalde, Virxinia Calviño, Afonso Castro, Mª Paz Fernández, Antonio Geada, Mª Xosé Iglesias, Rubén Martínez, Dolores Méndez, Antonio Méndez, Sonia Omil, Ana Perdiguero, Mª Isabel Saco, Aurora Sobrino, Asunción Teixeira.

Outros agradecementos:

Óliver Acosta, Olalla Álvarez, Aquilino Araújo, A.C. Brandao, Xoán Carlos Casalderrey, Ana Mª Castro, Xosé Antonio Cid, Guillermo Comesaña, Sara Costa, Ana Dios, Antonio Faíña, Mª Lourdes Ferrín, Mª Esther Fraga, Mercedes Gago, Victorino García, Laureano Girón, Pilar González, Anxos González, Xesús Gutiérrez, Arturo Longa, Sara Mencía, Amador Ordóñez, Mª Sandra Pereira, Herminia Pérez, Rudesinda Ramos, Euloxio Reinoso, Mª Elvira Rey, Mª Encarnación Rodríguez, Mª Fernanda Salgueiro, Mónica Tocci.

Agradecementos a outros membros da comunidade educativa:

Mª Ángeles Pimentel, Antonio Vilar, Elvira Sabucedo, Enrique Teixeira, Carlos López, Ana Alén, Xusto Gutiérrez, Olimpia Gómez, Mª Carmen González, Cándido Pérez.

Asesoramento informático e tratamento para a versión dixital en Internet:

Xoán Manuel Álvarez, Xosé Luis Rodríguez, Miguel Antonio Salgueiro, Xosé Manuel Iglesias

Mecanografado de artigos manuscritos: alumnado de Xestión Administrativa, Xosé Manuel Míguez e Mª Sol Mouzo

Tradutores orais de inglés: Pablo Lorenzo e Gonzalo González

Complementos de audio e vídeo: David Barros

Coordinación: Delio García

EDITORIAL:

Outra vez entre todos vós un novo número da revista *Órbita*, o froito como sabedes de moitos meses de traballo e ilusión. Comezabamos o curso cunha boa nova para os que editamos este xornal, e era que a prestixiosa Asociación de Prensa Juvenil, que ten a súa sede en Barcelona, acababa de seleccionarnos para optar aos premios á mellor revista escolar do Estado, un galardón que finalmente recaeu na revista *La Puça*, elaborada polo IES Serrallarga Blanes (Xirona), e ao que lle damos os nosos parabéns. Tiñamos por tanto o listón moi alto pero neste número propuxémonos incluso superalo. Vós vulgaredes o resultado final (se queredes ler a versión dixital da revista, totalmente a cor, podeades entrar na web do noso centro: <http://centros.edu.xunta.es/iesribeiradolouro/>).

Por outra banda, dadas as informacións aparecidas nos últimos meses sobre a cuestión lingüística, queremos neste editorial unirnos aos desexos da Coordinadora Galega de ENDL e manifestar o seguinte:

QUE QUEREMOS?

1. QUE a lingua galega siga sendo parte do noso patrimonio cultural e da nosa identidade e, como tal, un ben común que nos une.
2. QUE se garanta que todo o alumnado sexa competente nas dúas linguas cooficiais da Comunidade ao final do ensino obrigatorio. Só a partir do coñecemento e da ausencia de prexuízos lingüísticos é posible a liberdade de elección de linguas.
3. QUE na actual situación sociolingüística de Galicia, na que o galego está a perder falantes como demostran os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia, o sistema educativo ofrezca ao alumnado espazos de uso, porque as linguas apréndense usándoas.
4. QUE non se discrimine o alumnado por razón de lingua, tal e como se regula na Constitución Española no artigo 14 e no Estatuto de Autonomía de Galicia no artigo 5.4.
5. QUE o noso alumnado estea formado para poder desenvolverse nunha Europa plurilingüe. Diversos estudos demostran que o alumnado de comunidades bilingües obtén iguais ou mellores resultados académicos cós das comunidades monolingües.

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

Preocupación na comunidade educativa polos anuncios en política lingüística do novo Goberno da Xunta de Galicia

Máis de 500 equipos de normalización do sistema educativo galego e centos de profesores de todas as especialidades asinan un manifesto a prol da lingua galega

No ano 2004, sendo presidente da Xunta Manuel Fraga, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade de todos os grupos políticos o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, na que se recollía que tanto “na educación primaria” coma “na educación secundaria obrigatoria” e “nos bacharelatos”, as autoridades educativas están obrigadas a “garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego”. Tres anos despois, no 2007, publicase o Decreto sobre o uso do galego no ensino, actualmente vixente, no que figuran exactamente esas palabras. Pois ben, diante da intención do actual presidente Rodríguez Feijoo de derrogar este decreto, centos de equipos de normalización e dinamización lingüística do país, entre os que se inclúe o ENDL do IES Ribeira do

Louro, asinaron un manifesto para que non se dean pasos atrás na lexislación sobre a lingua galega e non se tronche o consenso en materia lingüística que sempre existiu dende que se aprobou o noso Estatuto de Autonomía en 1981.

Incluimos aquí o texto íntegro do manifesto e unha interesante entrevista á voceira da Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, Valentina Formoso, aparecida na prensa. Tamén nos pareceu relevante, en canto que rebate prexuízos lingüísticos aínda arraigados, recoller o manifesto en defensa da lingua galega asinado por nove destacados científicos galegos no exterior, vencellados ao Centro Europeo de Investigación Nuclear, en Xenebra.

MANIFESTO ASINADO POLO ENDL DO IES RIBEIRA DO LOURO

Os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística abaixo asinantes (pódense ver no enderezo: www.coordinadoraelndl.org) queren manifestar a súa preocupación ante a intención do novo goberno de derrogar o Decreto 124/2007 polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo. Como dinamizadores lingüísticos, pero moi especialmente como profesionais do ensino que somos, queremos facer constar o seguinte:

1. Este decreto desenvolve o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia no ano 2004 e elaborado, na parte referida á educación, por unha comisión na que se integraban representantes das ANPAS, do profesorado, das organizacións pedagóxicas e das patronais do ensino concertado.

2. Supón a superación dunha lexislación, o Decreto 247/95, que -despois de 12 anos de aplicación- tiña demostrado que non estaba respondendo aos obxectivos para os que fora deseñada, tal como poñen de manifesto os últimos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia.

3. Persegue como finalidade última que o alumnado acadе, ao rematar os seus estudos, unha plena competencia lingüística que o capacite para expresarse oralmente e por escrito nas dúas linguas oficiais de Galicia, no marco dun ensino plurilingüe.

4. Favorece que cada centro elabore o seu propio Proxecto lingüístico, documento que debe ser aprobado polo Consello Escolar e que, polo tanto, require a implicación e o consenso de toda a comunidade educativa: profesorado, alumnado, pais/nais, persoal non docente e representantes dos concellos.

Dado que consideramos as medidas que se establecen no decreto como unha achega importante na tarefa dinamizadora e normalizadora que realizamos nos centros e que non pasou tempo suficiente para avaliar se os seus resultados satisfán os obxectivos para os que foi aprobado, solicitámoslle ao novo goberno que mantexa os compromisos acordados pola comunidade educativa e o Parlamento galego no Plan xeral de normalización da lingua galega.

CIENTÍFICOS GALEGOS NO EXTERIOR FAN PÚBLICO UN MANIFESTO EN DEFENSA DA LINGUA GALEGA



“Somos un conxunto de físicos e enxeñeiros galegos vencellados ao Centro Europeo de Investigación Nuclear (CERN) en Xenebra, a día de hoxe uns dos laboratorios científicos máis importantes do mundo. Desde a distancia, levamos meses asistindo ao debate que se está a xerar sobre a posición que debe ocupar a lingua galega no noso sistema educativo. Esta cuestión está a provocar unha confrontación continua de posturas e opinións que se estende a distintos ámbitos da nosa sociedade. Se ben consideramos este debate lexítimo tamén coidamos que as posturas deben ser mantidas e defendidas desde a máis absoluta rigorosidade, a mesma pola que nós estamos rexidos nas nosas actividades científicas. E vémonos na obriga de intervir cando determinados argumentos que non seguen esta máxima aparecen por parte de persoas cunha opinión que non se restrinxe ao ámbito privado.

En declaracións ao “Faro de Vigo”, o voceiro da “Confederación das Asociacións de Pais de Alumnos de Colexios Concertados” (Congapa), José Ramón Hermida, dicía: “Utilicemos el sentido común. Químicas o Físicas, con tantas nomenclaturas internacionales, no se pueden dar en gallego. No podemos retroceder”. Ben, for desde a ignorancia, for intencionadamente, declaracións deste tipo resultan totalmente inadmisíbeis. E dicimos isto con coñecemento de causa, pois no noso ámbito de traballo estamos acostumados a ter conversas de alto nivel científico de temas moi diversos en galego. Nun entorno no que temos a sorte de traballar con algúns dos mellores físicos e enxeñeiros do mundo, o galego está, modestamente a través de

nós, presente como vehículo de comunicación científica. E para isto é un idioma exactamente igual de válido que o francés, o alemán ou, desde logo, o castelán. Ben é certo que o galego non é empregado para as comunicacións nin publicacións científicas a grande escala, pero é necesario que se saiba que tampouco o é o castelán. A lingua franca da ciencia desde hai moitos anos é o inglés, e desde logo se algunha lle discutiu no pasado tal condición esa non foi o castelán.

O noso obxectivo con esta carta é simplemente evitar que se empreguen argumentos falsos (ou falseados) na discusión dun tema tan delicado e importante coma este. E tamén reivindicar o galego como lingua que nos identifica sen excluírnos estando como estamos lonxe da casa.

No CERN en Xenebra, a 26 de Maio de 2009

Xabier Cid Vidal, Licenciado en Física e estudante de Doutoramento - USC, experimento LHCb.

Patricia Conde Muíño, Doutora en Física de Partículas, Investigadora do LIP (Laboratório de Física e Instrumentação de Física de Partículas) - Lisboa (Portugal), experimento Atlas.

Daniel Esperante Pereira, Enxeñeiro de Telecomunicacións e estudante de Doutoramento na USC, experimento LHCb.

Teresa Fonseca Martín, Doutora en Física de Partículas, investigadora asociada da Royal Holloway University - Londres (Reino Unido), experimento Atlas.

Abraham Gallas Torreira, Doutor en Física de Partículas, investigador Ramón y Cajal na USC, experimento LHCb.

Manuel Gallas Torreira, Doutor en Física de Partículas, antigo staff do CERN no departamento de Física Experimental.

Marcos Mariño Beiras, Doutor en Física de Partículas, Catedrático de Física Matemática na Universidade de Xenebra (Suíza).

Diego Martínez Santos, Licenciado en Física e estudante de Doutoramento - USC, experimento LHCb.

Cibrán Santamarina Ríos, Doutor en Física de Partículas, investigador asociado na McGill University - Montreal (Canadá), experimento Atlas.

Fonte: *Vieiros.com*



Entrevista á Coordinadora de ENDL, Valentina Formoso, publicada no xornal *A Nosa Terra*

O resultado electoral ameaza con cambiar o papel do galego na educación, que opina?

O que sabemos é que van derrogar o decreto. Para nós era mellorable, pero servía. O problema é que agora non coñecemos a alternativa. Hai mensaxes contraditorias, ambiguas. Esperemos que promulguen outro e non quedarmos no limbo. Mandan a mensaxe da normalización e do multilingüismo pero non aclaran nada.

Entón están preocupados?

Si, porque non concretan, sobre todo despois de que se difundise o discurso baseado na mentira de que se impón o galego. Calquera que coñeza os centros de ensino sabe que iso non é certo. O decreto falaba dun 50% de materias en galego para conseguir a mesma competencia do alumnado nas dúas linguas. Aquí ninguén fala de monolingüismo en galego.

Ao seu xuízo, cales poden ser os resultados dunha política

de normalización na que os pais teñen a única palabra?

A política lingüística é política e correspóndelle facela ao goberno. Os pais non interveñen nos currículos porque sería absurdo que determinasen como hai que estudar as matemáticas. Supoño que a estas alturas non se discute o que di o Estatuto, que o galego é a lingua propia de Galiza, nin que a Lei de Normalización do 83 sinala que debe protexerse. Vemos que hai quen quere que o galego estea presente nunha soa materia, como unha lingua estranxeira. Isto impide que os nenos sexan bilingües e implica perder a nosa lingua.

Falta información?

Falta. Con independencia de se os pais deben decidir como se imparte a educación, descoñecen as vantaxes do ensino bilingüe porque hai quen se encarga de que non as saiban. Van a elixir que idioma queren sen ter información suficiente. Grazas ao ensino bilingüe, dos quince

premios estatais de bacharelato do último ano, seis eran galegos.

E que alternativa cabe?

Non somos quen para dicir nada, pero a alternativa é o sentidoño. Necesitamos unha lei para que o alumnado sexa competente nas dúas linguas. O bilingüismo debe ser para todos, non só para os que temos o galego como primeira lingua. E como todos temos dereitos, na administración terán que dirixirse a nós en galego se o requirimos. Haberá que formar agora a esas persoas que no futuro poderían ser funcionarios.

Que medidas tomarán os equipos para defender o galego?

A Coordinadora nace para organizar actividades conxuntas dos equipos de normalización no sentido de aproveitar recursos e aunar



esforzos na dinamización lingüística nos centros. Esa é a liña da Coordinadora, os obxectivos son as actividades nos colexios. Houbo unha primeira medida, puntual, que foi redactar un documento que sinalase a nosa preocupación, como tamén lle pedimos unha entrevista ao novo presidente.

Daquela non nacen contra o PP.

Iso hai que deixalo claro, nace-mos para traballar a prol da lingua. Temos xente de ideoloxía moi plural, como debe ser. Que non nos confundan con partidos nin nos instrumentalicen.

(25-4-2009)

Alumnos do IES Ribeira do Louro participan no Correlingua 2009, que este ano mobilizou a 45000 rapaces de toda Galicia

REDACCIÓN /

O IES Ribeira do Louro participou no CORRELINGUA en Tui. Celebrouse o trece de maio e este ano asistimos alumnos e alumnas de 1º de ESO

Chegamos a Tui ás once da mañá e o autobús deixounos na Corredeira. Xa estaban moitos rapaces e rapazas de todas as idades e viñeron moitos máis, de Tui, Salceda, Tomiño, A Guarda, O Rosal... Todos xuntos comezamos a marcha detrás de pancartas, nas que se podían ler diferentes lemas, animando

a todos, en especial aos máis novos, a falar a nosa lingua. Durante o percorrido a xente quedábasenos mirando e facía comentarios; chamáballes moito a atención as camisetas que todos levabamos co lema "EN GALEGO! PÁSAO!" Algunhas persoas achegábanse para dicirnos que o único xeito de defender a lingua é falándoa.

Rematamos a marcha no campo da feira; estabamos un pouco intrigados por saber cal era a sorpresa que nos anunciaban no instituto. Primeiro saíu

un señor de barbas, seica era un pintor moi famoso, falando da historia do noso pobo e da nosa lingua: outra clase máis, pensamos algúns, menuda sorpresa!

A continuación a cousa pintou mellor, coa representación teatral do desprezo que algúns galegos, bastante ignorantes, fan da nosa lingua. Rimos moito. Pero faltaba o mellor,



Actuación de Hugo Torreiro no Correlingua, un auténtico fenómeno de masas entre as adolescentes

a actuación de Hugo Torreiro. É un cantante moi novo e moi guapo que interpretou varias cancións. Todos e todas canta-

mos e bailamos con el. Regalounos CDs e camisetas; case hai lesionados, máis ben lesionadas, por conseguilas. Rematou a actuación á unha e quedounos pena porque non puidemos conseguir o seu autógrafa, tiñamos que volver rápido ao autobús.

Deica ao vindeiro ano que poidamos asistir a outro CORRELINGUA, pero mentras tanto exerce de galego, xa sabes: "EN GALEGO!.. PASAO!"



Alumnado e profesorado do noso centro no Correlingua 2009, celebrado en Tui



“Sobre o tema da lingua, veñen tempos de compromiso”

Entrevista a Afonso Castro, profesor de Ciencias Sociais en Adultos, expedientado en 1980 por impartir as súas clases en galego

O 13 de febreiro deste ano, o noso profesor Afonso Castro recibiu unha homenaxe no Teatro Principal da Estrada polo seu compromiso coa lingua galega no ensino en momentos moi duros da transición política, cando era mestre no CEIP O Foxo, no concello da Estrada. No acto presentouse a película documental de Xoán Carlos Garrido: *Breve historia do ensino estradense (“A derradeira lección do mestre”)* e salientouse o labor deste escolante que arriscou a súa carreira profesional por reivindicar o dereito a un ensino en galego. *Órbita* quixo estar co noso homenaxeado, e máis nun momento decisivo coma o presente, no que se quere cuestionar o uso vehicular da nosa lingua nos centros educativos.

REDACCIÓN

Como definirías a situación da nosa lingua na sociedade galega de 1980?

Pois lamentablemente en moitos aspectos, dun xeito semellante á de hoxe. O galego non estaba na realidade social nunha situación de igualdade co castelán. A nosa realidade lingüística era a de diglosia. O castelán ocupaba (e ocupa) os espazos de maior relevancia na estrutura socio-económica, nos medios de comunicación de masas (radio, prensa, televisión), no cine, no comercio, na igrexa... Polo tanto, cumpría (e cumpre) a defensa da normalización do idioma galego, que debería ser para todos os que traballamos na educación, e para os galegos en xeral, un tema prioritario.

Cal era a ambiente político que se respiraba?

Eran os primeiros tempos dunha democracia que sucedía ao réxime ditatorial de Franco. Moitos viamos con ollos críticos que non se optase por unha ruptura co réxime anterior, senón por unha reforma propiciada por políticos moi vencellados coa situación anterior, e que coutaba as nosas aspiracións republicanas e de posible autodeterminación para Galiza.

Pódesnos falar da túa situación profesional?

Exercía os meus primeiros anos de docencia como mestre especialista en Ciencias Sociais, no colexio

do Foxo, un centro educativo típico do rural galego, no que se concentraran as distintas escolas unitarias da zona. No contorno, os alumnos e os pais expresábanse totalmente en galego.

Podíanse impartir as clases en galego?

Non. O uso da lingua galega estaba prohibido nas escolas. O 20 de xullo de 1979 publicase o chamado Decreto de bilingüismo, pero este regulaba de forma moi escasa a incorporación da lingua galega ao sistema educativo: no E.X.B., 3 horas semanais para o galego como materia e 22 horas en castelán para o resto da áreas.

Cal foi a túa actuación persoal?

Comezar a impartir as clases de Ciencias Sociais en galego, en coherencia cos principais referentes pedagóxicos do noso país (Frei Martín Sarmiento, Viqueira, as galescolas de 1924 a 1930, algunhas escolas da emigración) e internacionais, como Paulo Freire ou as propias recomendacións da UNESCO.

Que consecuencias tivo a túa decisión de defender o uso da nosa lingua?

A escasa normativa legal permitía que os pais puiden denunciar aos profesionais da educación que impartiran as clases en galego. No meu caso uns pais denunciáronme e sucedéronse as presións de certos grupos de poderes sociais ocultos.



Afonso Castro, un profesor comprometido na defensa da lingua galega

Recibiches moitos apoios na túa decisión?

Recibín. A resposta social queda reflectida nunha importante manifestación o 16 de marzo de 1980 na vila da Estrada, no que milleiros de galegos de toda Galiza defendemos o dereito irrenunciábel ao uso do noso idioma e o NON a aquel Decreto, chamado de bilingüismo, pero que discriminaba enormemente á nosa lingua.

Como se resolveu o conflito?

Diante da miña negativa a dar as clases de sociais en castelán, a inspección educativa propúxome que impartira eu a materia de lingua galega, e acabei aceptando.

Que aconteceu nos anos posteriores?

As cousas continuaron moi complicadas para nós fundamentalmente ata a aparición do Decreto 247/1995, que introduciu na educación secundaria obrigatoria a área de Ciencias Sociais (Xeografía e Historia) en galego, e que supuxo un alivio para os especialistas desta materia, xa que por fin se recoñecía o dereito a impartir esta disciplina no idioma propio.

Que che parece o último

Decreto sobre o uso do galego (124/2007) que agora se quere derrogar?

Ese Decreto paréceme un avance, xa que o único que pretende é que se chegue polo menos a un reparto igualitario no uso dos dous idiomas oficiais do país. Querer derrogalo é querer voltar outra vez a situacións de manifesto desequilibrio. O sistema debe garantir que os nenos, unha vez que acaben a educación secundaria, teñan unha boa competencia lingüística tanto en galego como en castelán.

Falar neste caso de liberdade para aprender ben unha lingua e non a outra, e querer utilizar os pais neste tema, paréceme un disparate. Comparto a interrogante retranqueira que se expuxo na recente Semana Galega de Filosofía sobre a educación: “O novo Goberno separará o alumnado en función dos que queiran aprender a multiplicar pero non a restar? Ou haberá que lles preguntar aos pais se lles parece ben que a capital de Francia sexa París?”

Por favor, sexamos serios. A verdade é que pensei que todo isto xa estaba superado, pero en fin..., vexo que veñen novos tempos de loita e compromiso.

OS PROFESORES TAMÉN FORON NENOS. Nestas dúas páxinas ofrecemos as fotografías dalgúns dos nosos profesores e profesoras na súa infancia. Adiviñas quen son? (Solucións na pág. 37)





21



22



23



24



25



26



27



28




29

Coñece se os teus hábitos alimentarios son saudables

Velaquí unha actividade realizada polo estudantado de 1ºESO no Proxecto Interdisciplinar. Animaste a comprobar se os teus hábitos nutricionais son saudables?

A actividade foi sacada do interesante libro de Xulio e Montserrat Astor



Os meus hábitos nutricionais

1. O almorzo:
a) Normalmente non almorzo
b) Só almorzo líquidos
c) O meu almorzo normalmente componse de:

2. Se non almorzo é porque:
a) Non me apetece
b) Non me dá tempo
c) Por

3. A parva (media mañá):
a) Non como nada
b) Levo da casa

c) Merco

4. A comida:
a) Non como nada ao mediodía
b) Soamente como bocadillos
c) Componse de

pratos.

5. A merenda:
a) Normalmente non merendo
b) Normalmente tomo

Elix a resposta correcta

-Se marcas tres ou máis a), os teus costumes alimentarios precisan unha corrección seria

6. A cea:
a) Normalmente non cea
b) Nunca cea de prato (pico algo, tomo un bocadillo)
c) Componse de _____ pratos

7. O postre:
a) Normalmente non tomo
b) Consiste en _____

8. A froita:
a) Non consumo ou fago menos de tres veces á semana
b) Consumo diariamente.

9. A bebida:
a) Non bebo nas comidas
b) Nas comidas bebo _____

10. O viño:
a) Tomo _____ vasos desde os _____ anos de idade
b) Non tomo viño nas comidas

O meu consumo de graxas

1. Con que frecuencia consumes alimentos fritos?
a) A maioría dos días
b) Unha ou dúas veces por semana
c) Ocasionalmente ou nunca

2. Que comida pedirías nun sitio de comida rápida?
a) Pizza con xamón e queixo
b) Carne ou pollo con algunha salsa
c) Pasta con salsa de tomate e ensalada

3. Que tipo de leite bebes normalmente?
a) Enteiro
b) Semidesnatado
c) Desnatado

4. Con que frecuencia consumes bolos (bollos, donuts, donettes, madalenas, croissants...)?
a) Unha ou máis veces ao día
b) Algunha vez entre semana
c) Ocasionalmente ou nunca

5. Que elixirías de postre?
a) Algun tipo de torta con nata ou chocolate
b) Xeado
c) Unha peza de froita fresca

6. Que grupo inclúe un maior número dos teus ingredientes favoritos para un bocadillo?
a) Queixo, salchichas, lechup, maionesa con ovo

- b) Xamón cocido (ou york), pavo cocido, polo asado, atún
c) Vegetais, queixo fresco, tomate, pementos en lata

7. Que tomarías máis a gusto a media mañá?
a) Bolos
b) Fríames varios
c) Unha peza de froita

8. Cal destes se acerca máis ao teu almorzo normal?
a) Colacao con madalenas
b) Leite con galletas
c) Leite, cereais ou froita

9. Como cocíarías bacon, chuletas, salchichas ou outras carnes parecidas?
a) Fritas
b) Á grella
c) Non consumo carne

10. De cal destes xaritos prefires comer cocidos os vestrais (feixóns, califox, repolo...)?
a) Con bechamel, maionesa, aliada...
b) Cunhas gotas de aceite de oliva
c) Servidos sos

O puntos para cada resposta a); 1 punto por cada b) e 2 puntos por cada c).

15-20 puntos: tes un consumo razoable de graxas. Lembra que o tipo de graxa é tan importante como a cantidade.

14-9 puntos: consumo de graxas un pouco alto. Menos de 8 puntos: Consumo excesivo de graxas. Revisa a fondo a túa dieta



Performance realizada o 15 de maio polo alumnado de 2ºESO e 1º Bacharelato. A actuación consistía en permanecer inmóbiles, a xeito de estatuas, cun libro, cómic ou xornal en galego, e tivo lugar en distintos lugares do noso Instituto. A finalidade do acto era chamar a atención sobre a celebración do Día das Letras Galegas. Se chegaches ata aquí, sigue lendo, non pares nunca

CADERNO DUN LECTOR (III)

Cales son as razóns de que o grupo dos que len e escriben tenten gañar integrantes, de xeito continuo, para a súa opción?

Que mecanismos internos, cando algo escrito gusta, pulan a facer partícipes, os demais, desas boas sensacións?

Que está detrás desa invitación?

As posibles respostas deben encamiñar a un debate dinámico e interactivo. Eu supoñoas. Apetéceme adiantar algunhas:

-“Conformar un núcleo social máis afín”.

-“Atoparse nun lugar común”.

-“Practicar a oralidade”.

-“Un altísimo valor altruista”, ...

Resulta interesante que dende os blogs, redes sociais e todas cantas ferramentas teñamos: presenciais, audiovisuais, telemáticas... nos cite-mos para, dende esa carencia absoluta de egoísmo, agrandar as múltiples e individuais visións sobre a lectura.

A miña idea é que a lectura non é privativa de áreas e de profesorado concreto. É riqueza universal compartida por todas as disciplinas. A título de mostra vou citar algúns títulos, onde se observa unha íntima comunión entre a novela e diferentes temáticas -non mencionarei os autores

para axilizar o escrito.

Educación Plástica e Visual: “La cena secreta”; “La joven de la perla”; “Siete historias para la infanta Margarita”; “O Sr. Lúgris e a negra sombra”; “Gaudí. Una novela”; “La mirada de Gioconda”; “El misterio de Velázquez”.

Música: “La décima sinfonía”; “El enigma Vivaldi”; “El joven Lennon”; “Nunca seremos estrellas del rock”; “Flanagan blues band”; “Súper López-Cachabolick blues rock”; “El blues del detective inmortal”.

Ciencias da Natureza: “Historia de una gaviota y del gato que le enseñó a volar”; “Colmillo blanco”; “¡A la mierda la bicicleta!”; “El camino”; “As flores radiactivas”; “Contos por palabras”.

Inglés: “Intercambio con un inglés”; “¡Increíble Kamo!”; “Cuentos en verso para niños perversos”.

Matemáticas (en algún caso **Física**): “El asesinato del profesor de matemáticas”; “El crimen de la hipotenusa”; “El diablo de los números”; “¡Malditas matemáticas!”; “El gran juego”; “Cuentos con cuen-

tas”; “La fórmula mágica del profesor”; “Los crímenes de Oxford”; “La soledad de los números primos”; “La fórmula de Dios”.

Historia: “O lapis do carpinteiro”; “El capitán Alatriste”; “La voz dormida”; “Historia del rey transparente”; “Diario de Ana Frank”; “O neno co pixama de raías”; “Los girasoles ciegos”; “El asombroso viaje de Pomponio Flato”; “Tierra firme”; “Hace 1000 años que estoy aquí”; “El círculo de Juanelo”; “Invierno en Madrid”; “El judío de Shangai”; “El chino”; “Venga a nosotros tu reino”; “El mapa del creador”; “Mauricio o las elecciones primarias”; “La sangre de los inocentes” e “La muerte del papa”.

Filosofía: “El molinero aullador”; “Crematorio”; “La carretera”; “Carta a D. Historia de un amor”; “Desgracia”; “Delicioso suicidio en grupo”; “Asesinatos S.L.”.

Xuvenis sen temática concreta: “Marina”; “Triloxía da néboa”; “Rebeldes”; “Saga de Stephanie Meyer”; “O único que queda é amor”; “Made in Galiza”; “Poetízate”; “Cartas de amor”; “El último Patriarca”.

Invitaciones de últimas lecturas persoais: “Los hombres que no amaban a las mujeres”; “La chica que soñaba con una cerilla y un bidón de gasolina”; “Un home na obscuridade”; “El mejor de los mundos”; “Ochenta y seis cuentos”; “Bartebly y compañía”; “El jardín de los siete crepúsculos”; “Leer Lolita en Teherán”; “El búfalo de la noche”; “La maravillosa vida breve de Óscar Wao”; “La luna roja” e “Catedral”.

Preparada a loxística. Feita a primeira e persoal proposta. Aclarado o ánimo da multicplicidade e a aceptación, sen reservas, da diverxencia. O único que resta é marcar lugar e hora. Benvidos ó grupo dos entusiastas. Saúdos.

Xulio César Abalde García


Departamento de Lingua Castelá

UN ÁRBOL CRECE EN BROOKLYN

Nestes tempos de crise a xente angúriase pensando que, se cadra, o sistema de protección social se resinta e nos teñamos que ver obrigados a subsistir sen algúns dereitos, acadados despois de moitos anos de loita e esforzo, coma o das prestacións por desemprego, as pensións dos nosos maiores, certos servizos na sanidade, etc... Con todo, non se oe a ninguén laiarse sobre a posibilidade de que o noso sistema educativo se vexa, dalgunha maneira, afectado por esta crise, que o diñeiro non chegue para satisfacer algunhas necesidades básicas e haxa que recortar servizos. E isto é así por dúas razóns fundamentais:

Primeiro: como todos nós nace-mos nunha sociedade que garante o acceso ó estudo, consideramos a educación un dereito case natural, inmutable, incuestionable e perdemos a perspectiva da realidade do noso mundo, que non é outra máis que a de que a educación, incluso a primaria, e xa non digamos a secundaria e universitaria, é un privilexio ó alcance só duns poucos.

Segundo: na sociedade na que vivimos a educación case deixou de ser un valor, e ademais, por se fora pouco, incluso ás veces, se presenta a cultura coma un valor oposto ós valores supremos que rexen as nosas vidas: o do diñeiro, o da imaxe... Moita xente no mundo de hoxe declara oufana e sen rubor que eles non teñen formación, que rexeitaron a escola e decidiron aprender na “universidade da vida” e que así se converteron nuns triunfadores. Non se avergoñan de ser uns incultos! E mentres isto ocorre, por exemplo, ridiculizamos a persoas que intentan “falar ben”, que coidan a estrutura da lingua e utilizan en cada caso un léxico axeitado. Estas persoas son “pedantes” e as primeiras son “triunfadoras”. Nunha sociedade que pensa así, evidentemente, a educación e a cultura deixa de ser un privilexio e convértese nun lastre, as escolas pasan de ser centros de formación integral de persoas a aparcadoiros de nenos e adolescentes á espera de incorporalos, se se pode canto máis pronto mellor, ó mundo laboral a gañar diñeiro... Parece que diso se trata!.





No libro *Un árbol crece en Brooklyn*, de Betty Smith, a protagonista, unha nena que vive morta de fame e frío nun Brooklyn onde se amorean miles de inmigrantes que non coñecen nin unha palabra de inglés, loita por poder ir, sucesivamente, á escola, ó instituto e á universidade, axudada pola súa nai e a súa avoa, ambas as dúas analfabetas, pero moi conscientes de que o camiño da educación é o que ten que coller a súa filla para saír da miseria.

Botamos de menos aquilo que non temos e son, por tanto, dúas mulleres analfabetas as que recoñecen o valor da educación e da cultura, as que loitando por unha vida mellor para os seus fillos din que “o secreto está en saber ler e escribir”, e que “a educación fará as súas vidas máis levadeiras”. Pero o que realmente sorprende nestas dúas mulleres é que sexan conscientes de que a educación non só mellora as nosas condicións materiais, senón que nos fai mellores. Para a nai da protagonista a diferenza fundamental entre as persoas reside na educación, esta é a que nos ennobrece, a que nos sitúa por enriba de toda miseria e inmundicia moral e “a que nos elevará sobre a faz de la tierra”, porque nos libros está todo o prodixioso da vida.

Xa que logo, esta novela é unha defensa da importancia da educación como instrumento de progreso e elemento dignificador da vida humana.. É unha novela que naceu nunha sociedade na que a educación era un privilexio. Na nosa xa non o é. Todos podemos estudar. Pero deberíamos seguir sentindo que ese é o mellor privilexio de todos. Ó mellor a crise fainos recuperar esta idea cando vexamos que a educación é a mellor ferramenta para vencela.

Dolores Méndez

Departamento de Lingua Castelá





Como elixir a mellor televisión?

O profesor do Departamento de electrónica Antonio Méndez preparou para *Órbita* este traballo monográfico sobre os criterios que debemos ter en conta á hora de mercar un aparello de televisión. Unha vez que o leamos,

terémolo máis claro, pero iso si, aínda nos quedará o máis importante: reivindicar como sociedade o dereito a ter unha programación televisiva de calidade que poida complementar o sistema educativo sen traballar na súa contra.

Adquirir un monitor ou unha pantalla plana de televisión convértese nunha odisea para moitos usuarios debido a diferenza de tecnoloxías, siglas e variables que deben ser tidos en conta para realizar una compra óptima. A resolución da pantalla, xunto co tamaño da mesma, son algúns dos aspectos máis importantes, pero non os únicos. Ademais, certos dogmas en materia de resolución non son tales. Por exemplo, non é certo que a maior tamaño, mellor resolución, ou que a TDT só se vexa ben en pantallas planas e non nas clásicas de tubo.

A resolución da pantalla é o número máximo de píxeles que se poden mostrar nunha determinada superficie para completar unha imaxe. Esta máxima resolución da imaxe obtense mediante a multiplicación dos píxeles horizontais e verticais. Un píxel é a unidade mínima que compón as imaxes dixitais, e a unión de millóns de píxeles conforma unha imaxe en calquera pantalla. En teoría, canto maior sexa a resolución dunha pantalla, máis píxeles, mellor definición e maior nitidez terán as imaxes visualizadas nela.

TDT integrado

Televisión Dixital Terrestre ou TDT é a aplicación das tecnoloxías do medio digital á transmisión de contidos a través dunha antena convencional (aérea) ou de conexión por cable ou satélite. Aplicando a tecnoloxía dixital atínxense maiores posibilidades, como prover dun maior número de canles, mellor calidade de imaxe ou imaxe en alta definición (HD) e mellor calidade de son (empregando sistemas como AC3, Dolby Dixital).

As emisións de televisión dixitais contan con numerosas e

importantes vantaxes fronte ás actuais emisións en analóxico. A calidade das imaxes é comparable á dun DVD, e o sinal é moito máis inmune a interferencias que a analóxica (factor especialmente importante en áreas urbanas). A tecnoloxía dixital permite un maior número de emisoras no mesmo espazo radioeléctrico, pois pódense transmitir entre tres e cinco programas por cada canle UHF. Ao se tratar de transmisións de información dixital é posible unha gran flexibilidade nos contidos emitidos, sendo posible mesturar un número arbitrario de canles de vídeo, audio e datos nun só sinal.

Son xa moitos os televisores de LCD ou plasma que integran o TDT dentro das súas prestacións, o que nos permite gozar deste tipo de televisión dixital sen necesidade de instalar ningún tipo de descodificador externo ao televisor.

HD Ready e Full HD

Emprégase a marca "HD Ready" para resolucións 1280x720 e "Full HD" para 1920x1080, esta última claramente superior. Outro campo é o dos televisores de alta definición (HDTV), onde existen dúas resolucións principais: 1920x1080 píxeles (chamado 1080) e 1280x720 (720). Cada unha destas resolucións pódese conseguir mediante a técnica progresiva (p) ou entrelazado (i). A diferenza entre ambas técnicas radica en que mentres o progresivo escanea e visualiza na pantalla todas as liñas horizontais en cada imaxe, no entrelazado usa unha tecnoloxía consistente en visualizar a metade das liñas como medio para construír a imaxe: nunha primeira pasada visualiza as impares e posteriormente as pares. Xa que logo, a tecnoloxía progresiva (p) ten unha maior resolución

de mostraxe.

O selo HDTV emprégase para receptores de televisión -incluíndo tanto receptores externos como televisores con receptor de alta definición integrado - que poden recibir e descodificar alta definición (720p, 1080i) vía satélite, cable ou terrestre. Cabe recordar que ter un televisor Full HD non garante gozar da prometida plena alta definición, xa que tan importante como o dispositivo de visualización é a fonte de imaxe, as cadeas de TV que emitan en HDTV.



Aspect ratio

Unha televisión de alta definición debe ter un *aspect ratio* de 16:9 para levar o nome de HDTV. O *aspect ratio* ou relación de aspecto é a división de ancho polo alto. A televisión coa que medramos posuía un *aspect ratio* de 4:3. Por definición unha pantalla panorámica debe ter 16:9. Actualmente, a maioría dos programas da televisión difúndense cunha resolución 4/3. Casi todas as TV LCD se concibiron para ver programas en 16:9. En canto ás imaxes en 4/3 axústanse automaticamente ao tamaño da pantalla, xa sexa estirando a imaxe ou ampliándoa. O mesmo que ocorre nos modelos CRT 16:9, o maior inconveniente é que as imaxes se deforman en ambos procesos de axuste da imaxe.

Unha resolución elevada non é necesariamente sinónimo dunha imaxe de mellor calidade. A maioría dos televisores estándar contan cunha calidade VGA. O mellor xeito de vulgar a calidade de imaxe, en definitiva, é sentarse diante da pantalla. Os mellores indicadores dunha

boa calidade de imaxe son a cor da pel, así como o contraste de cores, especialmente o contraste nas escenas escuras ou en movemento.

Contraste

É a diferenza entre o branco máis brillante e o negro máis escuro. Un contraste alto permite a televisión representar máis cores e unha imaxe máis realista. Unha relación de contraste alta garante una ampla paleta de cores. Un contraste de 1500:1 por exemplo indica que a imaxe máis clara será 1.500 veces máis luminosa que a máis escura.

O contraste dinámico, nomeadamente pensado para que se adapte a calquera contorno, é unha función que fai máis doada a reprodución das imaxes cunha calidade óptima. Esta moderna técnica fai que o contraste mellore, dinamicamente, conforme á distribución de contraste do sinal de entrada. A técnica de contraste dinámico, que xera automaticamente unha imaxe perfecta ao controlala para que se axuste ao entorno, non só produce menos tensión nos ollos senón que ademais reduce o gasto de enerxía nun 30%.

Ángulo de visión (horizontal / vertical, en graos):

O ángulo de visión (en graos) determina o ángulo de visión máis alá do cal a imaxe da pantalla non se ve correctamente. Canto máis elevado sexa este valor, menor necesidade terá de permanecer de cara á pantalla para gozar dunha boa visualización de imaxe.

Polgadas e distancia de comodidade

O cálculo da distancia de comodidade depende de moitas variables pero, sobre todo, do tamaño da pantalla e a luz da habitación.

**CREPÚSCULO**

MARILÓ ALONSO / NEREA FERNÁNDEZ / JESSICA FERNÁNDEZ / MARÍA ALONSO

Crepúsculo é sen dúbida unha das mellores películas do 2008 e número 1 en moitos países; pero non só arrasa no cine do medio mundo, senón tamén nas librarías. A saga Crepúsculo é a día de hoxe a máis vendida na literatura xuvenil.

Este fenómeno literario comeza no ano 2005, cando a americana Stephenie Meyer decide plasmar nun libro un soño que tivo. O primeiro, chamado *Crepúsculo* (en galego sería *Solpor*), é o punto de partida. Bella, unha rapaza de 17 anos, decide marchar a vivir

co seu pai a unha pequena aldea estadounidense, Forks. Aí coñecerá a Edward Culler, un mozo irresistible, guapísimo e que posúe un “aque!” engaiolante, difícil de non caer aos seus encantos. Mais Edward parece non querer estar preto dela, senón que semella odiala sen tan sequera coñecela. Por algún extraño motivo a ela moléstalle ese comportamento, xa que non entende o que acontece.

A pesar deste mal comezo, Bella irase achegando cada vez máis a Edward, ata descubrir o seu extraño secreto: el e a súa familia son vampiros. Aínda que este feito debería ter asustado a Bella e afastado de Edward, nada máis coñe-

cer a verdade sobre o mozo, ela decide aproximarse aínda máis, chegando a aceptar a súa natureza coma algo normal. Ademais a protagonista descobre que Edward pode ler mentes, pero que a dela é a única que non escoita.

Comeza deste xeito unha arriscada relación entre os dous mozos, que se verán privados de contacto físico e do seu sentimento de atracción por ser demasiado perigoso para a rapaza. Pero o perigo está á espreita dende todas as partes e Bella verase involucrada nunha batalla na que ela será o punto feble. Por sorte agora ela conta cun vampiro



Cartel da película *Twilight*, estreada en castelán como *Crepúsculo* (*Solpor*, en galego). A longametraxe está baseada nunha novela escrita pola escritora estadounidense Stephenie Meyer

que no canto de matala, será o seu protector.

(Vén da páx. anterior)

Tamaño da pantalla

Unha pantalla de grandes dimensións nun espazo reducido distorsiona a imaxe e cansa a vista.

Na decisión de compra tamén interveñen outros factores que debemos ter en conta. O principal é pensar exactamente onde se ubicará dentro da habitación ou salón a pantalla, xa que é o que debería determinar as súas dimensións exteriores. Neste senso, a distancia entre a pantalla e a situación do usuario á hora de ver a televisión tamén resulta relevante, porque o maior tamaño da pantalla pide maior distancia de visionado para aproveitar a resolución.

Finalmente, as conexións que ofrece a pantalla tamén son importantes, xa que limitan os usos aos cales pode ir destinado o televisor. En xeral, deben dispor de varias entradas HDMI (conector multimedia de alta definición), entradas de audio, saídas VGA, vídeo por compoñentes, S-Video e SCART.

Tamaño da pantalla (cm)	Polgadas da pantalla	Distancia óptima de visionado (metros)
50 - 67,5	20' - 27'	0,75 - 1,50
80 - 92,50	32' - 37'	1,80 - 2,40
105 - 115	42' - 46'	3 - 4,20
125+	50'	3,60 - 4,80

Estes portos permiten tirarlle todo o rendimento ao poder conectar diferentes dispositivos como ordenadores, videocámaras, reprodutores de audio e vídeo, así como videoconsolas.

LCD ou Plasma?

Para empezar, convén resaltar que nas pantallas de plasma a luz se crea a partir da excitación dun depósito fosforescente que se atopa presente en todos e cada un dos millóns de píxeles individuais que conforman a imaxe. Pola súa parte, as pantallas LCD están formadas por miles de pequenos cristais líquidos que deixan pasar a luz ou a bloquean en función da carga eléctrica que se lles aplique.

Tradicionalmente, a tecnoloxía de plasma permitía fabricar televisores meirandes cós LCD, pero diferentes compañías empezaron a comer-

cializar modelos de ata 65". Aínda así, e malia este paso adiante, na maior parte dos casos o plasma segue a ofrecer maior calidade de imaxe nos televisores de máis de 50".

En troques, nos LCD pódense empregar resolucións de pantalla moi elevadas independentemente do tamaño da pantalla, o que as converte en ideais para a alta definición. Pola contra, o plasma só é quen de mostrar imaxes en HD nos modelos de máis de 50", unha circunstancia que aproveitaron os fabricantes de LCD para lles ripar cota de mercado nos últimos tempos.

Outro dos puntos fortes dos televisores LCD reside en que consomen entre un 20% e un 30% menos cós de plasma. En números, isto tradúcese en que os primeiros se conforman cun gasto de 100 a 120 W mentres que os segundos precisan dunha

potencia que nunca baixa dos 120 W e que por veces pode dispararse ata os 160 W.

As pantallas de plasma son quen de ofrecer un ratio de contraste de ata 1000:1, mentres que os LCD se conforman coa metade. En troques, estes últimos superan os primeiros no brillo co que poden dotar a imaxe. De por parte, ambas tecnoloxías dispoñen dun ángulo de visión máximo de ata 170° e contan cun período de refresco de imaxe inferior aos 20 milisegundos.

O período de vida útil dos LCD é dunhas 50.000 horas, o que equivalería a ter o televisor aceso 5 horas ao día durante os vindeiros 27 anos. No caso do plasma, a calidade da imaxe comeza a amosar sinais de cansera a partir das 25.000 horas.

Un último punto que nos gustaría salientarmos é que unha boa parte dos televisores de plasma sofren o chamado 'efecto queimado', que se produce o amosar unha imaxe fixa durante moito tempo, o que provoca que esta se quede marcada na pantalla.

Festival do Entroido 2009

Álbum de fotos

MARÍA SAA / REBECA ROCHA

Aquí van as fotos que tiramos no entroido deste ano. Van adicadas a todas aquelas persoas que coidan que o sentido do humor constitúe un indicio de intelixencia



As rapeiras gañadoras do Entroido 2009 (4º ESO)



As atractivas presentadoras desta edición



Os nosos adorables anciáns, gañadores tamén do primeiro premio (4º ESO)



A feliz parella de xogadores de balonmán



Dúas abellas agardan para recolectar néctar



Uns porquiños achegáronse tamén ao noso festival (1º BACH.)



Retesía artística entre vellos e mozos: á esquerda, os anciáns amósanos os seus dotes como cantantes e bailaríns; á dereita os rapeiros dano todo na pista (4º ESO)



Coreografía das alumas de 1º ESO-A



Os bailaríns enmascarados (1º ESO-A)



Unha divertida contadora de chistes



As xeitosas barbies de 1º ESO-B




Os alumnos de 3ºESO despregaron toda a súa creatividade para representar unha ampla gama de deportes: fútbol automobilismo, baloncesto, tenis...



A familia no seu formigueiro (4ESO-C)

Na catro imaxes inferiores podemos ver a distintos presentadores dos "Premios Galo" (1º ESO)



Dúas patinadoras maxistráis que abraiaron ao público



As concursantes escoitan a decisión dos membros do xurado

A profesora explica: "Nesta clase precísase máis disciplina" (2º ESO-C)



Alumnos e alumnas de 2ºESO nun intre da súa premiada actuación



As profesoras tamén se uniron á festa



Amor de verán, por Beatriz González



Un Magosto moi divertido



RICARDO GONZÁLEZ /

No mes de novembro celebramos o Magosto no I.E.S. Ribeira do Louro. Durou dúas horas pero foi divertido. Como en anos anteriores, houbo xogos clásicos como a petanca, a ra, os bolos, a buxaina, o xoga e tira, o xadrez e o tenis de mesa. Ademais dous nenos participaron na realización dunhas cabzas decoradas. Os mestres, coa axuda de todos os delegados, asaron as castañas.

Cando empezou o magosto todos os alumnos e alumnas foron como tolos a participar nos diferentes xogos. En cada xogo habia catro alumnos que se ían alternando e eran os encargados de coidalos e mantelos en perfecto estado para o ano seguinte. Mentres todos xogaban e se divertían, dous estudantes con moito sacrificio se encargaban de preparar e darlles cor ás súas cabzas. Os alumnos de 4º da ESO coa axuda dos mestres fixeron un boneco co nome do instituto.

Cando xa estaban as castañas asadas, foron todos á fila para coller o seu cucurucho e o seu vaso de refresco.

Estaban boísimas!!



Un xogador con moita habelencia



Brincos e risas durante o magosto



Dous alumnos decorando unhas cabzas







Alumnos e profesores diante do Meco



Os profesores encargáronse do abafante traballo do asado de castañas

As aventuras de Cletus, unha historia de Xosé Antonio Bargiela





Atrapada na túa mirada

Texto: IRIA ALONSO LORENZO

Ilustración: ANTÍA GONZÁLEZ

E aquí estou, vendo como a miña vida se vai. Estou morrendo, síntoo, cada membro do meu Corpo perde cada vez máis forza mentres que estou aquí, tirada, no medio dun charco do meu propio sangue. Escoito voces, ningunha é a túa, imaxino que xa marchaches, e preguntome..., preguntome como deixei que esta situación chegara a estes extremos, como non me dei conta antes e quedei atrapada na miña propia cegueira...

Todo comezou en xuño, ese bonito mes do ano en que comeza o verán e o sol, esplendoroso, ilumina os días dunha maneira indescribible. Aquela mañá erguime e mireime no espello. Por algunha extraña razón, un sorriso resplandecente debuxábase na miña cara; non recordo volver a sorrir así dende ese día. Decidín dar un paseo pola praia, deixando que a auga da beira do mar bañara lentamente os meus pés e acariciara os meus sentidos. Cheguei á zona rochosa e senteime sobre a rocha máis alta para ver como rompía o mar. Non me acordo por qué, se pola fermosura da miña visión ou pola inaudita felicidade que sentía daquela. Quizais dalgún xeito sabía que endexamais podería disfrutar outra vez desta visión, pero nese intre, escorreuse unha bágoa dos meus ollos para deslizarse polas miñas meixelas. Entón aparecíches, preguntándome se estaba ben e secando as miñas bágoas cos teus dedos. Dende ese primeiro momento, quedeime prendada, prendada de ti, e prendada deses enormes ollos verdes e engaiolantes, que me hipnotizaban.

Sen case me decatar, empezamos a saír xuntos. Era como un conto de fadas, ou se cadra un soño; mais fose o que fose, estaba segura de que non quería despertar. O mundo mirábanos, envexábanos, eramos o modelo de todos. Nada máis empezar o día, a natureza entoaba a nosa canción, ata o anoitecer, onde quedaba eclipsada pola lúa, que entraba pola ventá do noso cuarto mentres nós nos entregabamos ao pracer. Non quería que nada cambiase, todo era perfecto, todo... sufocante...

Pero o despertar, o quizais pesadelo chegou no inverno, o primeiro día de treboada. Ía moito frío, tanto que conxelaba, ¿lembras? Esa noite bebíches de máis... Volvíches a casa sumido na túa ebria personalidade. Endexamais te vira así, tan cheo de ira, tan... noxento. Intentaches facer o de todas as noites, e eu negueime. Nunca esqueceré esa labazada, a que me deches. Quedei abraíada, pareceume daquela que ti tamén. ¡Desgrazada de min! Esa noite durmiches no sofá, eu case nin durmín; bañada nun manto de bágoas, prometíme a min mesma que te deixaría e non te volvería ver, pero non estaba certa, e non o cumprín. ¡Inocente de min! Ao día seguinte, abrín os ollos e alí estabas, diante miña, pedíndome perdón cun ramo de rosas vermellas; e mireite aos ollos, eses ollos que me aprisionaban, non podía evitalo, e perdoeite. Eses malditos ollos...

De alí en diante todo seguiu igual, ata que un mes despois outra vez volvíches a beber, outra vez fixeches o mesmo, pero desta volta non houbo labazada, senón que me deches unha malleira; repetíame unha e outra vez que eu era túa, que era o teu obxecto, que te pertencía e debía obedecerte... Cando remataches arrastreime ata o baño e pecheime. Saloucando, afundíndome na miña propia desgraza, outra vez me prometín que te deixaría. Outra promesa que endexamais se cumpriría porque ao día seguinte repetíches o teu procedemento; volvínte mirar aos ollos, parecían tan sinceros, tan arrependidos, tan mentireiros...

E esa situación seguía se repetindo ata hai dous meses. Eu non saía de casa, por temor a que viran a miñas feridas e se deran conta na sombra na que se sumía a miña vida, o meu inferno. Aínda que eu pensaba que debía ser así; enganada como estaba, coidaba que estaba namorada e que ti, o mesmo; pero se queres a alguén non lle fas dano; enganada como estaba... polos meus verdugos... os teus ollos... que me escravizaban...

Entón un día que misteriosamente estabas sobrio, púxenme de xeonllos e supliqueíche que por favor deixaras a bebida, e fixéchesme caso. As miñas feridas recuperáronse, volvimos a saír da casa, o mundo envexábanos de novo, a natureza entoaba a nosa canción, todo volvía ser un soño. Volví a confiar en ti, dedicábasme palabras de amor, e amosábasme o teu sorriso e os teus ollos, uns ollos feitiçeiros, falsamente namorados. Pero dábase o mesmo, era primavera, e quedaba pouco para o verán, a miña estación, a nosa estación... E chegou...

Cumpríase un ano dende aquel día que nos coñecemos e me levaches a aquela praia. Estivemos alí todo o día e cando chegou a noite conducíchesme a través das rochas ata unha cala, onde nos bañamos, deixando que as ondas do mar arrolaran os nosos corpos espidos á luz da lúa. Definitivamente volví a confiar en ti e esquecín o pasado, convencida de que non volvería pasar, enganada pola túa mirada outra vez...

E chegou de novo o inverno. Un día de treboada. Soábame familiar. Quedei cunhas amigas para tomar un café. Cando marchei empezou a caer a chuvia deste ceo griseiro que agora estou vendo. Non levara paraguas, polo que botei a correr ata casa. Entrei pola porta da casa. Estaba empapada, pero non me importaba, quería verte, ver como me recibías co teu sorriso... De súpeto..., ese fedor... Había tempo que ese fedor non irrompía na nosa casa. Comecei a sentir medo e sentín como o pesadelo se botaba sobre min outra vez, e nese momento te vin: bebíches de novo..., na túa cara non quedaba nin pegada daquel sorriso teu, non podía ser..., non quería despertar do meu soño..., gustábame tal cal estaba... E miráchesme con ira nos ollos e dirixícheste cara a min cunha navalla na man, e botei a correr, onde fora, lonxe de ti. Cando estabas así, odiaba cada centímetro do teu Corpo, eras o ser máis odioso do mundo... Non lembro canto corrín, pero percorrín moita distancia e despisteite, ou iso cría. Cando me decatei estaba na nosa praia, outra vez alí, pero desta vez non era ningún recordo feliz. Senteime na miña rocha e quedeime pensando, vendo ese ceo griseiro que agora estou vendo. Escoitei un ruído e só recordo que me xirei, vin o destello da túa navalla, despois, só a dor...

E aquí estou, vendo como a miña vida se vai. Estou morrendo, síntoo, cada membro do meu Corpo perde cada vez máis forza mentres que estou aquí, tirada, no medio dun charco do meu propio sangue. Escoito voces, ningunha é a túa, imaxino que xa marchaches, e preguntome..., preguntome como deixei que esta situación chegara a estes extremos, como non me dei conta antes e quedei atrapada na miña propia cegueira... ¿Como puiden pensar, un mínimo momento, que eramos a parella perfecta? ¿Como me deixei levar por esta mentira? Que máis ten. Agora xa todo dá igual. Achégase o momento da miña morte e sinto que non teño nin forza para manter os ollos abertos e seguir vendo este ceo griseiro... ¿Por que non te abandonaría dende o noso comezo? En realidade, seino, deixei-me levar polos meus verdugos, pola prisión da túa mirada, polos teus ollos que eran cadeas para a miña alma..., polos teus malditos ollos...



Alonso Ríos, o político que se volveu mendigo para fuxir da morte

Exposición no Centro Cultural do Porriño sobre este mestre e político galeguista que salvou a vida milagreiramente durante a Guerra Civil

SOFÍA
GUISANDE /

O día 14 de xaneiro os rapaces de 1º e 2º de Bacharelato fomos ao Centro Cultural do Porriño a ver unha exposición sobre Antón Alonso Ríos, tamén coñecido co alcume de “o señor Afranio”. A exposición sobre este persoeiro estaba organizada pola Comisión Cidadá pola Verdade do 36, do Baixo Miño, co apoio da Consellería de Cultura e a colaboración dos concellos do Porriño, Salceda de Caselas, Tomiño e Tui.

O señor Afranio era o deputado Antón Alonso Ríos, que por un tempo tivo que estar fuxido polos montes e vilas galegas, como O Porriño, Tui, As Neves, etc., por causa da represión franquista. Antón Alonso Ríos escribiu o libro *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979) no que relata o que fixo e lle pasou no tempo que estivo fuxido.

Nesta exposición puidemos mirar o que fixo ao longo da súa vida: antes, mentres e despois de que tivese que estar agochado polos montes ata chegar a Portugal, para poder fuxir cara a Arxentina.

Nunha etapa da súa fuxida tívose que converter en esmoleiro, que é o mesmo ca dicir mendigo, e foi aí cando adoptou o nome de Afranio. El foi pedindo esmola por todos os pobos polos que pasaba ata chegar a Portugal. Pero non todo foi así de doado. Polo camiño perdeu amigos e estivo en perigo, pero ao final salvou a vida. Antón Alonso Ríos decidiu contar a súa historia debido a que o seu amigo Xose Mª Álvarez Blázquez porfiou para que o fixera;



Alumnas do noso instituto, no Centro Cultural do Porriño, cubrindo un cuestionario sobre a figura de Antón Alonso Ríos. Entremedias, fotografía deste mestre, escritor e político que durante a Guerra Civil se fixo pasar por esmoleiro para non ser asasinado



grazas a el, agora podemos saber o que lle aconteceu.

Biografía


Antón Alonso Ríos (1887-1980) naceu en Silleda e cursou en Santiago a carreira de Maxisterio. En 1908 emigrou a Arxentina. Alí validou o seu título e exerceu como mestre e director de diversas escolas. Foi profesor de Historia no Instituto Politécnico de Bos Aires. En 1921 participou nesta capital no congreso fundacional da Federación de Sociedades Galegas Agrarias e Culturais. No interior da Federación convivían dúas correntes maioritarias: por unha banda, o sector vencellado ao Partido Socialista (Ánxel Martínez Castro), e pola outra, os galeguistas, onde estaban Alonso Ríos, Suárez Picallo e Blanco Amor, entre outros.

A Federación foi virando cara a posicións galeguistas e coa proclamación da República en España en 1931, participou na fundación da ORGA (Organización Republicana Galega). Así mesmo, decidiu enviar a Suárez Picallo e a Alonso Ríos para que os representase en Galiza. En 1936 participa na organización do movemento agrarista en Pontevedra e intégrase na candidatura da Fronte Popular. Sae elixido deputado en Madrid e únese ao grupo dos deputados galeguistas, someténdose á disciplina do Partido Galeguista. Desenvolveu un intenso labor a prol da

aprobación do Estatuto de Autonomía de Galiza.

A nova do golpe de estado do 18 de xullo chegou a Galiza pola mañá, e pola noite Alonso Ríos participou na formación dun comité de defensa da República en Tomiño. Agrupa a gardas de asalto e concéntraos en Tui, coa finalidade de loitar contra os sublevados. Organizou a resistencia en Tui pero ten finalmente que fuxir da localidade.

Logo de vagar uns poucos de días por distintos concellos, atopou acollida, xunto con Guillermo Vicente (alcalde de Tui) nunha casa de Torroña, en Oia, onde permaneceu agochado dende o 31 de xullo ata o 11 de agos-



Excelente caracterización do actor galego Luis Tosar na película *Afranio*, do director Víctor Coyote, estreada recentemente

to. Alí chega aos seus oídos que andan na súa procura e que mesmo prometeran unha recompensa de 50.000 pesetas a quen o entregase (vivo ou morto) ou fixera coñecer o lugar no que se atopaba.

Decide marchar a Asturias, aínda en mans da República, e camiña polo monte ata que atopa un acubillo, quedando nel dende o 20 de agosto ata o 3 de setembro. Neste tempo decide pasar por mendigo. Pasa por lugares como Gondomar, as Gándaras de Budiño, Salceda de Caselas, As Neves, A Cañiza, Melón..., comendo e durmindo en pousadas e pedindo esmola nalgunhas casas. Pero comezou a serlle malo de camiñar sen documentación de pobre, xa que nalgunhas pousadas non lle deixaban entrar e xa lle someteran a algún interrogatorio.

Para poder responder ás preguntas e non ser descuberto, comezou a inventar unha nova identidade. Fíxose pasar por portugués, autobautizándose como Afranio de Amaral, nome dun naturalista brasileiro. Unha vez elixido o nome, inventou todo o demais: nacera preto de Lisboa, e aos cinco anos, co seu pai tamén chamado Afranio, foi percorrendo Portugal e pedindo esmola. Despois pasaron a Galiza e logo de traballar en diversos lugares, o seu pai morreu cando el tiña sete anos. Adicouse a traballar cun aprendiz na Guarda, ata que nunha casa de Quiroga o colleron como criado. Alí permaneceu ata a gripe de 1918, tralo que decidiu botarse ao camiño e pedir esmola. O seu pouco oficio de pobre e a súa xentileza provocou que a xente lle chamara “Señor Afranio”.

Alumnos do noso centro asisten á Feira da Formación Profesional

Organizada polo Ministerio de Educación, en abril deste ano tivo lugar en Madrid unha mostra de Formación Profesional, co obxectivo de dar a coñecer estas ensinanzas aos rapaces e rapazas que deben afrontarse a unha elección no seu itinerario formativo cando rematen a ESO, o PCPI ou o Bacharelato. O noso insti-


tuto quixo estar presente no evento e desprazou ata alí os nosos estudantes de 4º ESO e 1º BACH. A viaxe supuxo tamén unha oportunidade para realizar un percorrido cultural pola capital do Estado

CORAL ALONSO /

Os alumnos de 4º ESO e 1º Bach asistimos á Feira da Formación Profesional, e xa que tiñamos que desprazarnos a Madrid, aproveitamos tamén para ir ao parque do Retiro, ao musical "Fiebre del Sábado Noche", ao museo Reina Sofía e, por último, ao Teatro Real.

A excursión foi moi entretida!

No parque do Retiro puidemos navegar en barca por unha lagoa que había e pasear polos xardíns. No museo Reina Sofía vimos varias exposicións de diferentes pintores, pero principalmente nos detivemos a contemplar o cadro de Picasso "Guernica". No Teatro Real estivemos na sala onde se realizaban importantes óperas e percorremos diversas estancias do Teatro. E na feira da Formación Profesional, que era ao que iamos, resultou todo moi interesantes, xa que puidemos ver a oferta educativa que destas ensinanzas se dan por toda España, e tivemos a oportunidade de participar en diversas actividades: danza do ventre, aeróbic, masaxes, manicura, maquillaxe, etc. Foi todo moi divertido e teño ganas de volver.



(Vén da páx. anterior)

Dende o 18 ao 29 de setembro estivo en Boborás. Despois de partir, tras pasas por varios sitios, foi acollido nunha casa en Rois. Alí



Antón Alonso Ríos nunha fotografía anterior á Guerra Civil

ofrecéronlle o posto de patrón para gardar o gando e realizar diversas tarefas máis. Alí pasou nove meses. A seguir pasou a traballar nunha casa noutra parroquia de Boborás, onde estivo un ano. Despois de dous intentos frustrados, logrou pasar

a Portugal, onde tratou cun pastou para que lle fixese as xestións para o seu traslado ao Porto.

Como a policía estaba outra vez encol dos seus pasos, un home que xa axudara a pasar a fronteira a outros refuxiados, comprometeuse a axudalo, xa que o pastor o tería feito caer nas mans dos axentes de Oliveira Salazar, o ditador de Portugal. A gocho nunha cova da Serra da Peneda, xa en Portugal, onde pasou un mes. Despois puido chegar ao Porto, onde permaneceu varios meses, e máis tarde foi a Lisboa.

Embarcou para Marrocos e de alí para Bos Aires. Chega a Arxentina en xuño de 1939 e alí foi recibido como un símbolo do triunfo a da resistencia.

Unha vez en América, Alonso Ríos participou no galeguismo do exilio. En 1944 os únicos deputados galeguistas refuxiados en América (Alonso Ríos, Castelao, Elpidio Villaverde

e mais Ramón Suárez Picallo) fundaron en Montevideo o Consello de Galiza, do que foi presidente Castelao. Cando este morreu en 1950, Alonso Ríos ocupa a presidencia. Durante os derradeiros anos da súa vida, Alonso Ríos continuou participando activamente en todas as actividades galeguistas da colectividade galega en Arxentina, ata a súa morte. Alonso Ríos finou en Bos Aires en 1980 ao botarse debaixo dun tren. Un final paradoxal para un home ao que tanto esforzo lle custou sobrevivir.

Velaquí a súa obra: *Noite e Amanecer de Galiza* (1942); *Co pensamento na patria galega* (1942); *Da Saudade, Amor, Arte e Misticismo* (1956); *A cultura Galega na súa dimensión americana* (1961); *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979); *Nidia* (1992, póstumo); *Tratado da Velocidade*.



Estudantes na exposición

Fotos de profesores na infancia.

- Solucións:** 1: Mercedes Gago; 2: Antonio Faiña; 3: Mª Xosé Iglesias; 4: Delio García; 5: Mónica Tocci; 6: David Barros; 7: Sara Mencía; 8: Ana Dios; 9: Asunción Teixeira; 10: Mª Elvira Rey; 11: Afonso Castro; 12: Guillermo Comesaña; 13: Dolores Méndez; 14: Sonia Omil; 15: Olalla Álvarez; 16: Heminia Pérez; 17: Xulio César Abalde; 18: Xosé Manuel Míguez; 19: María Gómez; 20: Ana Perdiguero; 21: Mª Paz Fernández; 22: Mª Fernanda Salgueiro; 23: Ana Mª Castro; 24: Aurora Sobrino; 25: Victorino García; 26: Xoán Manuel Álvarez; 27: Mª Luisa Tenreiro; 28: Mª Sandra Pereira; 29: Arturo Longa

“Os políticos non se preocuparán do medio ambiente mentres non o fagan os cidadáns”

Entrevista a Anxo F. Saborido, presidente de ADENCO

Durante o outono deste curso, o Departamento de Ciencias Naturais e mais o Equipo de Normalización Lingüística organizaron a II Exposición de cogomelos, e contaron coa colaboración da asociación ecoloxista ADENCO e do seu presidente, Anxo F. Saborido, que nos axudou a clasificar as especie traídas por alumnos, pais, profesores e persoal non docente. *Órbita* quixo aproveitar a presenza entre nós deste procurador e activista na defensa da natureza, e mantivo con el a seguinte conversa.

LUISA MUÑOZ /
IRIA SENRA

Cal é o obxectivo de ADENCO?

Trátase dun grupo ecoloxista e, como tal, o que pretende é concienciar a sociedade, a todos nós, a todos vós, da necesidade de que todos os actos que levamos a cabo teñan o menor impacto sobre a natureza. Todas as actividades que realizamos van dirixidas a educar cara a un desenvolvemento sostible.

Cando e onde se creou?

ADENCO fundouse en febreiro de 1990 en Ponteareas por un grupo de xente nova, dado que nese concello a situación ambiental era crítica: existía un vertedoiro incontrolado no monte da Picaraña, a poucos quilómetros do centro da vila; o río Tea recibía todas as augas residuais sen depurar, e ademais a conciencia por parte da cidadanía sobre as cuestións ambientais era nula, como se reflectía por exemplo no feito de que no casco urbano non había unha soa papeleira e ninguén dicía nada.

ADENCO é o acrónimo da Asociación para a Defensa da Natureza do Condado, xa que na súa orixe o noso principal campo de actuación abranguíamos os cinco concellos do Condado: Ponteareas, Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves e Salvaterra. Con todo, despois estendemos a nosa acción ao movemento ambientalista galego en xeral, porque tamén pertencemos á Federación Ecoloxista Galega, con outros grupos ecoloxistas, e entre todos intentamos levar a cabo actividades conxuntas en toda Galicia.

Que conseguistes nestes anos?

Pois, por exemplo, que Ponteareas fose un dos primeiros concellos en que se

comezase a recoller papel, cartón, vidro e pilas. Debedes lembrar que en 1990 non había ningún tipo de recollida selectiva, xa non só en Ponteareas, senón en case todo o sur de Galicia. Tamén conseguimos que se instalase unha depuradora, logo das nosas campañas e manifestacións en defensa do río Tea; organizamos múltiples saídas para coñecer a natureza, para limpar os ríos, para defender os animais, e iniciamos diversas actividades que aínda hoxe se manteñen, coma o “Día da Árbore”, en primavera, e as Xeiras Micolóxicas, que levan realizándose 19 anos ininterrompidamente.

Que axudas recibe a organización?

A organización susténtase basicamente coa contribución dos socios. Ademais, concorremos a subvencións que publican diversos organismos, como pode ser a propia Xunta ou algún que outro concello, pero non todos, porque non todos os concellos fomentan o asociacionismo publicando esas subvencións de maneira pública. Por outra banda, algunhas empresas privadas tamén colaboran connosco.

Con que outras entidades ou asociacións colaboran?

Con calquera tipo de entidade que nolo pida, como as comunidades de montes, as xuntas de veciños, os concellos, os colexios e institutos, as universidades, pero sobre todo con outros grupos ecoloxistas no seo da Federación Ecoloxista Galega.

Como podemos facernos socios?

Pois é simple: cubrir un cupón e pagar a cota de inscrición. A cota de socio é de 6 € ao ano para a xente que



Anxo F. Saborido, presidente de ADENCO, amosa ás nosas xornalistas un *Lactarius vellereus*, durante a II Exposición de cogomelos celebrada no noso centro

este estudante ou estea no paro, e 12 € para a xente que estea traballando. Ser socio significa que podes involucrarte directamente na organización, e recibes periódica e puntualmente diferente información das actividades. Hai un boletín que se recibe por correo electrónico, porque xa non imprimimos en papel (é unha forma de aforrar en custes e recursos). Hai actividades que se restrinxen aos socios, aínda que a maioría delas son abertas a toda a sociedade.

O noso correo electrónico é adencotea@yahoo.es

A nosa páxina web:

www.adenco.org

O noso teléfono de contacto:

666893879

E, como chegou a ser presidente de ADENCO?

Pois, por casualidade e obriga (risas). Fíxeme socio no seu momento e, como sempre estaba participando en actividades de tipo ecoloxista dende a miña etapa no instituto e na universidade, propuxéronme e aceptei. De todos os xeitos, ser presidente vén a ser o mesmo ca ser un socio, porque todos temos o mesmo peso á hora de decidir. Facemos reunións abertas a todos os socios e aí decidimos o que facemos e o que non. Iso si, ser presidente implica ter unha maior visibilidade, pois hai que falar en público e nos medios de comunicación.

En que se centra especificamente o seu labor como presidente?

Sobre todo en impulsar dende dentro a asociación e en proxectarnos cara ao exterior. Calquera presidente dunha asociación normalmente é unha persoa que ten certa capacidade de traballo, esforzo e tempo libre para adicarllo á organización e darlle pulo ao seu funcionamento. Algunha das tarefas que me toca realizar?, pois atender as chamadas telefónicas, enviar correos electrónicos, elaborar notas de prensa, atender as chamadas dos medios de comunicación, pronunciar conferencias, etc.

E como vos proxectades no exterior?

Pois, por exemplo, participando en encontros internacionais de asociacións xuvenís. Nós estamos constituídos como asociación xuvenil, xa que os nosos socios non superan case en ningún caso os 30 anos.



Murais preparados para a exposición polos estudantes de CCNN



Estudantes e profesores ollando e valorando as distintas especies traídas por toda a comunidade educativa para a II Exposición de cogomelos do IES Ribeira do Louro. O noso Instituto tamén preparou unha belida exposición fotográfica sobre o eido da micoloxía e os estudantes realizaron traballos para a materia de CCNN

Cales son actualmente os principais problemas do medio ambiente?

O principal é que ninguén lle fai caso. Pensamos que é un recurso que está aí para usar, que non nos custa nada, e se desaparece ou se queima dános o mesmo. Pero a natureza fai un traballo importantísimo: toda a zona verde da Amazonia está absorbendo enormes cantidades de CO₂ e faino de balde, porque as árbores non nos cobran nada por libramos do suicidio. Ademais falta concienciación na actuación persoal: o gasto enerxético nas nosas casas, o uso ou non do papel reciclado, etc.

Poderíanos explicar que é a "Masa crítica"?

Trátase dun movemento social que se iniciou en San Francisco e que pretende fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte, xa que constitúe un medio ideal para desprazamentos que non superen os 5 Km. Téñense feito comprobacións que así o demostran. Por exemplo, cada ano organízase unha carreira na Coruña cun percorrido duns 6 ou 7 Km; nela compiten unha bici, un coche, un taxi, unha moto e unha persoa andando. Pois ben, a bici gaña sempre. Por que? Porque se valoran todos os custos que implican eses desprazamentos. Unha persoa que vai en coche non só gasta en tempo de chegada, senón en gasolina, en deterioro do coche, en tempo para aparcar. A bici é un vehículo que che vai custar moito menos, que non vai emitir ningunha contaminación, que che axuda a manterte en forma, que se aparca en calquera lugar, que ten un mantemento mínimo.

En países moito máis avanzados ca nesta república bananeira na que vivimos, a bici empré-

gase todos os días como medio de transporte, chova ou vaia frío; porque non hai mal tempo, senón simplemente unha mala indumentaria: cando chove ou vai frío, simplemente, abrigaste ou cóbreste doutra forma e utilízase a bici.

A "Masa crítica" é a que defende ese uso da bicicleta como medio ideal. Dise que naceu en San Francisco porque foi aí onde aconteceu algo extraordinario: en certa ocasión, nunha encrucillada sen semáforos na que os automóviles pasaban sempre con prioridade, chegou a producirse unha aglomeración tal de bicis procedentes de varias direccións, que foron capaces de facer frear os coches, de converterse nesa masa capaz de rebentar ese caótico tráfico automobilístico ao que estamos tan afeitos. Pero iso pasa moitas veces en China, onde se utiliza bicicleta porque non hai tantos vehículos e as bicis nun momento determinado son capaces de frear o movemento normal diario dos automóviles, e invaden a estrada.

Como asociación ecoloxista defendemos o uso da bici como medio de transporte, así como outros medios alternativos ao coche: o tren de cercanías, os autobuses e tranvías. A "Masa crítica" celébramola en Pontearreas dende hai un ano; todos os últimos venres do mes, ás 9 da noite, reunímonos na Praza da Igrexa.

De que nos vas falar na conferencia de hoxe?

Pois vou realizar unha pequena introdución sobre o monte galego e da necesidade de cambiar a concepción que moitos teñen sobre el: o monte non é simplemente un almacén de madeira ao aire libre, senón que pode constituír un espazo para múltiples aproveitamentos: bio-

masa, cogomelos, froitos, mel, gando, lugares para o lecer, etc. Despois farei unha pequena introdución á micoloxía e ao mundo dos cogomelos: cómo recollelos, cómo distinguilos, etc.

Que tal o está a facer a actual Xunta respecto ao medio ambiente?

Dende o noso punto de vista, mal. É unha política errática, é dicir, non saben a onde queren ir, e polo tanto non saben ir. E iso vese no Plan de xestión de residuos, ou cando se fala de macrodepuradoras de augas residuais, como pode ser a de Guillarei, que debía depurar toda a conca do Louro, e segue sen funcionar por moitas razóns. Pero hai outras alternativas moito máis viables economicamente e sustentables ecoloxicamente, como construír depuradoras máis pequenas.

Que concellos cres que teñen unha axeitada política medioambiental?

Coido que poucos. A política medioambiental é limpar estradas e beirarrúas; a iso chámalle política medioambiental. Non hai ningunha interlocución social cos diferentes colectivos, como poden ser as asociacións de veciños, as comunidades de montes, os colexios e institutos... Non hai ningún tipo de planificación, non hai ningunha estratexia, xa non só viable, senón pensada e repensada, sobre o transporte colectivo, sobre a recollida de residuos e a súa eliminación, o aforro enerxético, etc.

A concellaría de medio ambiente é unha oficina pechada na que utilizan papel reciclado, se o utilizan, e aí acaba todo. A relación dos concellos co medio ambiente realmente é tristísima, pero iso tamén reflicte que a sociedade non está realmente preocupada polo medio am-

biente, porque os políticos non se van preocupar do medio ambiente mentres os cidadáns non se preocupen.

Que podemos facer cada un de nós para mellorar o medio?

Moitas pequenas cousas. Dende que nos erguermos, pensar nos gastos que imos ter enerxeticamente. Se imos ao colexio ou instituto, cavilar en se poderíamos ir doutra maneira; e se non nos queda máis remedio que ir en coche, ver a posibilidade de compartilo con outras persoas; cambiar as lámpadas por outras de baixo consumo; mercar produtos a granel ou con poucos envoltorios (ás veces nas tendas atopamos caixas de madalenas que teñen plástico por fóra e plástico por dentro).

E logo, sobre todo, o que debemos é esixirlles aos que poden facer algo que o fagan, tanto ao instituto coma aos concellos, que se movan realmente, que prediquen co exemplo en moitísimas cuestións, e copiar moitas veces doutros concellos ou doutros países nos que hai cousas evidentes que axudan a reducir os nosos residuos, como por exemplo que os refrescos están todos en botes de cristal e ti compras o refresco, bébelo e devólvelo a unha máquina que che devolve a parte dos cartos que che custou, uns 15 céntimos por cada bote. Desa maneira a xente conciénciase e ese bote nunca desaparece porque ese envoltorio do refresco vai encherse outra vez.

Que facer se vemos un atentado medioambiental?

Pois, pola experiencia que temos na nosa asociación ecoloxista, recomendamos non ir ao SEPRONA senón mellor á Garda Civil, xa que estes inician sempre un atestado que ao final remata nos xulgados

“A miña lingua materna é o gaélico”

Entrevista a Róisín Sheehy, profesora axudante de inglés no noso instituto

Durante este curso, os alumnos de Bacharelato e Comercio Internacional tiveron a sorte de recibir clases dunha profesora axudante do Departamento de Inglés, Róisín Sheehy, directamente chegada de Irlanda. *Órbita* aproveitou a ocasión e mantivo unha conversa con ela, o que nos permitiu coñecer que a súa primeira lingua non era o inglés, senón o gaélico irlandés, a lingua propia de Irlanda, un idioma de orixe celta falado hoxe por unhas 350.000 persoas.

NEREA QUINTAS /
ALEXANDRE PIRES

Que actividades que realizas nas aulas?

Escoitamos cancións, falamos sobre a cultura anglosaxona, vemos películas en inglés, lemos textos, e tamén facemos algún que outro xogo.

Como ves o sistema educativo en Galiza?

Véxoo ben, pero coído que o nivel é demasiado alto para parte do alumnado. Quizais falten cleses para estudantes con menos nivel.

Q u e “Irlanda e Galiza teñen semellanzas, pero vexo que aquí hai demasiado tráfico e moitos eucaliptos” diferenzas atopas respecto do teu país?

En Irlanda as clases son máis longas: de 9:00 a 16:00. Alá hai dous niveis: un alto e outro baixo, dependendo do que queiras estudar. Pero parécense moito as materias.

Verbo de Galiza, que é o que che gusta mellor e peor?

O que prefiro é a comida (risas). Os produtos de alimentación que me gustaron mellor foron o marisco, o peixe, os viños e o pan de Ourense. Tamén me gusta moito a cultura que ten Galiza. Se tivera que salientar algún aspecto negativo, diría que o tráfico e que hai demasiada industria.

Atopas moitas diferenzas na forma de vida?

Aquí xántase moito máis tarde; en Irlanda faise ás 13:00, cando se sae do traballo para comer un bocadillo. Por outra banda, aquí vai moita calor. Galiza é outro mundo, é moi distinto, pero tamén hai semellanzas.

Gústache a paisaxe? É parecida á do teu país?

Sí, a paisaxe é semellante pero aquí hai moitos piñeiros e

eucaliptos.

Como ves os galegos?

Moi simpáticos.

Tratante ben?

A verdade é que me sinto moi ben tratada.

Que nos recomendarías para visitar en Irlanda?

A miña zona, Corca Dhuibhne – Dingle, porque está preto do mar e ten unha preciosa paisaxe.

Algún grupo de música?

Hai moito onde escoller. Algo tradicional: Liam O’Maonlaí; Iarla O’Lionáird; Seosamh O’

Commitments.

E por suposto, os clásicos:

T h e

Islandman, de

T o m a s

O’Criothain

(o libro orixinal foi escrito en irlandés);

T h e

Dubliners, de

James Joyce;

e algo para

nenos, *The*

Happy Prince

and Other

Tales, de

Oscar Wilde.


Son recomen-

dables tamén os poetas irlan-

deses Nuala Ní Dhamhnaill,

William Butler Yeats e Seamas

Heaney.



Róisín nun intre da conversa que mantivemos con ela

O gaélico fálase habitualmente en Irlanda?

Sí, pero pouca xente. Aquí fala máis xente o galego.

Dáse na escola?

Sí, impártese en todos os colexios. É unha materia obrigatoria. Ademais hai institutos nos que se dan todas as materias en gaélico.

Como ves o seu futuro?

Penso que o inglés vai ser moi dominante. Non obstante, hai moitos traballos en gaélico e existe moita xente disposta a aprendelo.

Como se di “grazas” en gaélico?

Go raibh maith agat (a pronuncia desta expresión sería aproximadamente *Go rev ma agot*).

“En Irlanda hai institutos nos que se imparten todas as clases en gaélico”



Róisín Sheehy cos nosos profesores do Departamento de Inglés

h-Eanai; Maighread Ní Dhomhnaill; Christy Moore; Planxty; Seamus Begley & Steve Cooney; Kíla; Clannad.

E algo máis contemporáneo: The Frames, Van Morrison, Thin Lizzy, Sinéad O’Connor, Juliet Turner, Maura O’Connell.

Un escritor e libro?

A novela *Circle of friends*, de Maeve Binchy; ou de Roddy Doyle, *The Snapper* e tamén *The*

Cal é a túa lingua materna?

O gaélico, a lingua propia de Irlanda.

(Ao gaélico tamén se lle pode chamar irlandés ou gaélico irlandés, e non debemos confundilo co gaélico escocés nin co galés, aínda que as tres son linguas celtas. En irlandés, gaélico escríbese *gaelainn* e pronúnciase *gailín*)

As claves do éxito escolar

Por que hai persoas que fracasan nos seus estudos? Depende só das capacidades intelectuais? Que podemos facer para acadar o éxito escolar? Neste traballo, as profesoras do Departamento

de Orientación Ana Perdiguero e Asunción Teixeira intentan responder a estas e outras importantes cuestións que nos poden axudar a eliminar o fracaso das nosas escolas

Estudar é unha actividade complicada que depende dunha combinación de factores: a túa propia capacidade intelectual, os coñecementos que adquiriches ao longo do tempo, as túas experiencias, o material de estudo que manexes, a situación familiar ou escolar na que vives... e, sobre todo, o **interese** e a **motivación** que teñas perante os estudos.

Ofrecémosche de seguido unha serie de recomendacións xerais, que en todo caso deberás sempre axustar á túa situación persoal, é dicir, ao que comprobemos que sexa máis efectivo para ti.

Polo tanto, non se trata de que estudes **máis**, senón de que estudes **mellor**.

QUE DEBES FACER NA CASA?

Está claro que é preciso rodearse dun ambiente, dunhas condicións que favorezan o estudo e a concentración. Para obter un rendemento óptimo, cómpre controlar os estímulos internos e externos durante todo o proceso.

Con respecto a estes estímulos, hai unha serie de condicións que poden incidir positiva ou negativamente no estudo e que debemos ter en conta. Unhas son de tipo persoal (saúde, repouso, alimentación, preocupacións...) e outras, de tipo ambiental (estudar sempre no mesmo lugar, luz e temperatura axeitadas, material ordenado...)

CONDICIÓNS PERSOAIS

Existen factores persoais de orde físico e outros de orde psíquico que están intimamente relacionados.

Factores de tipo físico:

- A **saúde** é fundamental. Dificilmente poderá un concentrarse no estudo se se está enfermo.
- A **alimentación** será racional e

e **q u i l i b r a d a**. Deberemos comer aqueles alimentos que máis conveñan ao esforzo mental: leite e queixo (ricos en calcio e fósforo); trigo, amendoas (ricos en calcio e magnesio); ovos, carnes, peixes, verduras e froitas. É importante mastigar ben os alimentos para favorecer a dixestión. É necesario almorzar ben todos os días antes de iniciar a xornada escolar.

-O **descanso** tamén é imprescindible para recuperarse tanto física como mentalmente. O noso propio organismo é o que nos pide o tempo que necesita de repouso. Hai que salientar que a actividade da mente non se interrompe totalmente durante o sono, xa que o cerebro segue a traballar a nivel inconsciente durante este e iso contribúe a estruturar e sedimentar o estudado. O recomendable é durmir un mínimo de 8 horas diarias.

-O **exercicio físico**, mellor se é ao aire libre, é fundamental para manterse en forma tanto física como mental. A actividade física fai traballar a todo o corpo, ao mesmo tempo que permite o descanso da mente.

-En momentos de maior tensión, como na preparación de exames, ou se es moi nervioso, convén practicar **técnicas sinxelas de relaxación e/ou respiración**, xa que incrementan a capacidade de atención e concentración e a resistencia á fatiga, facilitando o axeitado funcionamento do cerebro mediante a achega dunha maior cantidade de osíxeno.

-**Evita** aqueles produtos que prexudican a túa saúde, como por exemplo o alcohol e o tabaco, xa que son especialmente contraproducentes para o estudo.



Factores de tipo psíquico:

Un equilibrio de tipo psíquico crea unhas condicións idóneas para afrontar o esforzo do estudo. Cando se emprende o estudo, débese ter unha boa disposición psíquica. Isto quere dicir: -Amosar unha **actitude positiva** perante a tarefa que se vai iniciar, con optimismo .

-Estar certo e **confiado das propias capacidades** (confiar en que poidas facelo)

-Saber **reaccionar perante os atrancos** que poden aparecer no transcurso do estudo dunha materia. Cando atopas algunha dificultade, non abandones a tarefa e tenta solucionala buscando distintas alternativas.

-Se tes a mente ocupada por algunha **preocupación** importante, é malo de poder concentrarse no estudo. Polo tanto, trata de resolvela facéndolle fronte. Se ves que non es quen de facelo só, busca unha persoa que poda axudarche (pais, profesores, amigos...)

-Manter unha boa hixiene mental, cun bo uso do tempo de lecer. Evita excesivas horas no uso da videoconsola, televisión, ordenador... e **procura facer actividades variadas**.

CONDICIÓNS AMBIENTAIS

Así como é preciso manter unhas boas condicións persoais, tamén é importante o ambiente que rodea ao estudo na casa: -Procura ter un **lugar** fixo para

estudar con comodidade, illado de ruidos. Pode ser o teu propio dormitorio ou outra estancia da casa.

-A **mesa de traballo** estará ben arraxada e con todos os materiais necesarios para cada unha das tarefas previstas (dicionarios, libros de consulta...). Tanto a mesa como a cadeira deben ter a altura axeitada. A cadeira debería ter respaldo e non ser nin demasiado cómoda (pode favorecer a somnolencia) nin demasiado dura (se estás incómodo, estarás desexando rematar).

-Favorece o **silencio e a concentración**: evita no posible os ruidos que poidan distraerte (música, televisión, teléfono). En xeral, é preferible estar concentrado mentres se estuda e escoitar música nos descansos ou ao final da sesión..

-Ten **luz** suficiente, a ser posible natural e que veña do lado contrario á man coa que estas a escribir. Se tes que usar luz artificial, que enfoque directamente o material de traballo. Isto evitará o cansancio ocular.

-A **temperatura** da habitación debe ser agradable. O frío non permite concentrarse pero a excesiva calor tamén adianta a fatiga. É conveniente ventilar acotío o cuarto de estudo.

-Adopta unha **postura** relativamente cómoda e axeitada. Unha mala postura ao estudar pode provocar malformacións de tipo físico na columna vertebral (escoliose) . Hai posturas (tumbado no sofá ou unha cama...) que provocan sono e non son, daquela, axeitadas para estudar.

“O papel dos pais e nais no éxito escolar dos rapaces é fundamental”

A PLANIFICACIÓN DO ESTUDO

Planificando o estudo, acadarás un mellor e maior aproveitamento do tempo que lle adiques, así como do esforzo que che vai supor estudar, organizando ao mesmo tempo o teu descanso e as túas afeccións. Deste xeito, non descoidas nin o teu traballo diario nin o teu tempo de lecer. Por iso é importante o seguinte:

-Busca o **intre** de estudo que mellor se adapte ao tempo de que dispós, ao teu propio rendemento e ás túas características persoais, pero lembra que estudes de día ou de noite, debes procurar non madrugar nin trasnoitar en exceso.

-**Estuda todos os días**, aínda que non teñas tarefas para o día seguinte. Sempre hai algo pendente que facer (ler os libros propostos, revisar os contidos traballados cada día...)

-Ten preparado sempre **todo o necesario** antes de empezar a estudar para non interromper a sesión unha vez iniciada.

-Axúdate dunha **axenda** para planificar e controlar o teu traballo.

-Establece unha **orde** para realizar as tarefas e sinala para cada unha delas un tempo determinado. Toma pequenos repousos entre os períodos de estudo que te propoñas.

-Sé **flexible** neste horario. Poden xurdir imprevistos: interrupcións, adicar máis tempo do agardado a algunhas tarefas...

O MÉTODO DE ESTUDO

Ningún método ou técnica evitan o esforzo que require o estudo, pero si axudan a organizalo e facelo máis eficaz. Non hai receitas máxicas nin cursiños milagreiros: só a vontade, a constancia e o traballo farán posible a realización das tarefas.

Non existe un método único, cada estudante é un caso particular. Porén, os consellos que se ofrecen de seguido, poderán axudarche:


Técnicas xerais

Subliñar

-Subliñar é sinalar cunha raia algunha palabra ou algunha

frase para chamar a nosa atención sobre ela. Permitenos distinguir claramente, dun só golpe de vista e en forma de síntese, as ideas principais e as ideas secundarias dun texto.

-Un bo subliñado vai nos permitir que o que estamos estudando o estudemos mellor, para que, pouco a pouco, precisemos menos tempo.



-Se estudamos subliñando, estamos moito máis atentos ao que facemos que se simplemente lemos a lección.

-Segundo vaiamos subliñando, xa hai moitas cousas que nos van quedando na memoria e se está ben subliñado logo imos aforrar moito tempo á hora de repasar as leccións

Esquematizar

-Esquematizar consiste en colocar as ideas máis importantes dun texto de xeito ordenado e de forma xerárquica, por orde de importancia.

-Serve para converter o estudo nun labor activo e fai que consigas comprender mellor o texto.

-Axuda a fixar a atención na tarefa e a memorizar visualmente os contidos

-Ten que ser breve. Xa que se trata de expresar as ideas máis importantes, debes escribir o menor número de palabras.

-Busca e elixe o modelo de esquema que mellor se axuste ao contido do texto. Un falar, para textos con pouco contido, utiliza esquemas de chaves ou barras e para textos amplos, esquemas numéricos.

-Intenta facer os esquemas nunha soa cara do folio. Gañarás en comodidade e rapidez cando teñas que estudalos ou repasalos.

Resumir

-Resumir consiste en extraer as ideas principais do texto ao teu xeito e utilizando as túas propias expresións.

-Ten que ser persoal. Utiliza as túas propias palabras, non necesariamente as palabras exactas do texto.

-Faino en forma de redacción. Debe ter unidade e sentido por si mesmo: Non pode ser unha simple enumeración e sucesión de ideas soltas. Debe ser breve. Un bo resumo non debería superar o 30% do texto orixinal.

Estas tres técnicas son moi útiles para "organizar" os contidos. Secomasí, debes acudir ao libro ou aos apuntamentos para completar datos.

Técnicas específicas segundo a materia

Cada materia, pola súa natureza, esixe unha forma diferente de abordar o seu estudo. Así, por exemplo, as matemáticas implican gran comprensión e abstracción, os idiomas necesitan certa fluidez expresiva e boa memoria verbal; as ciencias naturais e as sociais reclaman observación, capacidade de síntese, memoria...

-**Materias nas que predomina a parte teórica sobre a práctica (materias de letras).** Os pasos a seguir serían os seguintes:

- Ler e comprender
- Aplicar unha técnica xeral de estudo
- Memorización
- Repaso

-**Materias nas que predomina a parte práctica sobre a teórica (matemáticas, física...).** Neste caso é mellor facer o seguinte:

- Aprender a teoría (comprendera e memorizar fórmulas...)
- Facer exercicios modelo
- Realizar exercicios de reforzo, para comprobar que o tema está completamente asimilado.

Como facer unha sesión de estudo?

Unha aplicación prác-

tica de todo o explicado ata o momento sobre o método de estudo, podería ser o seguinte modelo, aínda que cada persoa en función das súas características e dos seus gustos terá que buscar o que máis lle convén:

1º paso ==> Lectura exploratoria

Sería unha lectura rápida do tema para obter unha visión xeral do contido do mesmo.

2º paso ==> Lectura comprensiva

Consiste nunha lectura detida de cada apartado do tema, entendendo ben o que se está a ler, localizando as ideas principais de cada parágrafo así como as secundarias que aclaran e complementan estas.

3º paso ==> Aplicación dunha técnica concreta de estudo (subliñado, esquema...)

Neste apartado é cando se "traballa" o contido a fondo, tal e como sinalamos anteriormente. Permite estruturar os datos para facilitar o estudo.

4º paso ==> Memorización

Nesta fase deberanse memorizar as ideas fundamentais, que nos permitirán lembrar, por asociación, as ideas secundarias e os miudallos.

Lembra que o erro de moitos estudantes é limitarse só a este paso (a memorización) nas súas sesións de estudo, prescindindo dos anteriores. Isto resulta insuficiente para unha aprendizaxe efectiva e, ademais, favorece os bloqueos ("quedeime en branco...") se se esquece unha parte do memorizado.

Hai algunhas técnicas para perfeccionar a capacidade de memorizar: regras mnemotécnicas, uso de acrósticos (construír palabras ou frases claves a partir das primeiras letras dunha lista de datos), etc.

“A maior parte do estudado esquecese nas primeiras horas. Por iso é tan importante facer repasos”



5º paso ⇒ Repaso

A maior parte do estudo esquecese nas primeiras horas que seguen a esa aprendizaxe. Por iso é tan importante facer repastos (simplemente botar unha ollada periodicamente ao estudado, recitalo mentalmente, escribilo...). Está comprobado que é máis eficaz adicar varias sesións ao estudo que unha soa. De aí a importancia do estudo diario e non só no día anterior aos exames.

QUE DEBES FACER NA AULA?

A aula é outro lugar onde vas pasar moitas horas ao día. Durante ese tempo vas recibir unha gran cantidade de información que pode ser de moita utilidade para o teu posterior traballo na casa. Para aproveitar ao máximo este tempo, debes preparar as clases e procurar atender a estes aspectos:

-Participa na clase. Faino de maneira activa, escoitando ao profesor. Exprésate de xeito claro cando preguntes algo, para que te escoiten ben e presta tamén atención ás preguntas dos teus compañeiros..

-Pregunta sempre cando teñas dúbidas

“Todo o que traballes na aula ben atento e concentrado che quedará ben asentado na memoria e é traballo que aforras de estudo posterior na casa”

-Mantén un bo nivel de atención durante as clases. Sen atención, non hai concentración e sen esta e case imposible aprender e coñecer. Os momentos iniciais e finais da clase son especialmente importantes neste sentido, así como cando o profesor anuncia que vai explicar algo concreto .

-Procura manter un bo autocontrol durante o transcurso da clase, sobre todo non fales a destempo..

-Presenta sempre as tarefas, exercicios, traballos... propostos para casa.

-É imprescindible traer sempre o material necesario para cada clase (libro, caderno, material de plástica, deportivo...).

En definitiva, PARTICIPA

ACTIVAMENTE na clase. Lembra que todo o que traballes na aula ben atento e concentrado che quedará ben asentado na memoria e é traballo que aforras de estudo posterior na casa.

A PREPARACIÓN DE EXAMES

Para avaliar as aprendizaxes existen varios instrumentos: valoración dos traballos escritos, preguntas dentro da clase, observación do grao de interese e actitude xeral do alumno perante a materia e, claro está, os exames.

Os exames poden ser orais ou escritos. Estes últimos poden ser, en xeral, de preguntas abertas (nas que hai que redactar unha resposta máis ou menos longa) ou tipo test. Isto condiciona a maneira de preparalos.

As principais recomendacións á



hora de preparar calquera tipo de exame inclúen qué facer antes, durante e despois da súa realización:

Antes do exame

-Realiza unha planificación do tempo de estudo, en función do contido que teñas que preparar.

-Comproba se es quen de expresar ben o que estás a estudar (escribindo, preguntándote a ti mesmo ou respondendo preguntas sobre o tema).

-O día anterior ao exame, procura deitarte á hora habitual. Non trates de estudar febrilmente ata altas horas da madrugada

Durante o exame

-Acude ao exame con acougo, tendo repousado e confiando nas túas capacidades. Pensa de xeito positivo. Se estudaches, estás preparado para contestar ben ao que che preguntan.

-Bota unha ollada xeral a todas as preguntas do exame e planifica mentalmente como abordalo. Non te preocupes se semella que non lembras nada, mantén a calma, podes “perder” un minuto, ten en conta que a memoria funciona asociativamente e

pouco a pouco irán xurdindo as ideas.

-Le ben cada pregunta, comprendendo exactamente o que che piden. Fíxate na palabra clave do enunciado (non é o mesmo definir, que enumerar, que describir ou que comparar)

-Consulta as dúbidas ao profesor.

-Comenza a responder aquelas preguntas que saibas mellor.

-Limitate ao tema central de cada pregunta. Non divagues, nin pretendas dar a impresión de que sabes moito pola cantidade de follas escritas.

-Coida a presentación, a boa letra, a ortografía e a expresión escrita, independentemente da materia da que te estás a examinar.

-Procura deixar un tempo final para repasar as túas respostas. Non te precipites nin te poñas nervioso porque algúns compañeiros vaian entregando os seus exames.

Despois do exame

Cando che entreguen o exame corrixido e cualificado, non mires só a nota. Fíxate nos erros cometidos e procura aprender deles para evitar volver a cometelos.

E QUE PODEN FACER OS PAIS?

O papel dos pais no éxito escolar dos seus fillos é fundamental, pero non tanto polo nivel de coñecementos que eles teñan, senón máis ben polo interese, adicación e apoio que lles proporcionen. En concreto, é moi importante ter en conta estes aspectos:

a) Favorecer un axeitado desenvolvemento da súa persoalidade:

-Darlles seguridade e confianza en si mesmos, para que acaden unha axeitada autoestima. Aceptalos como son, non como lles gustaría aos pais que foran.

-Fomentar dende pequenos a súa curiosidade. Non deixar de responder nunca ás súas preguntas.

-Adicarlles tempo. É máis importante a calidade que a cantidade.

-Poñerlles límites, normas.

-Axudarlles a ser responsables e



asumir as consecuencias das súas accións

b) Transmitir o “valor” do estudo

-Valorar o estudo como un valor en si mesmo, non só como un fin, que serve para a formación da persoa e non só para a obtención dun título ou a consecución dun traballo.

-Valorar o esforzo realizado polo fillo, non só o resultado.

c) Facer máis doadas unhas boas condicións de estudo:

-Un lugar axeitado para realizar as tarefas na casa

-Vixiar a súa alimentación, repouso...

-Distribuírlles o tempo. As actividades extraescolares non deben supor unha sobrecarga.

-Controlar o uso do tempo de lecer: TV , Internet, videoconsolas. Estar atentos aos lugares e amizades que frecuantan.

d) Supervisar o seus estudos:

-Fomentar que se autorresponsabilice dos seus estudos, para que acaden cada vez máis autonomía.

-Amosar interese polas tarefas escolares e ofrecer axuda cando sexa necesario.

e) Colaborar co centro escolar:

-Procurar asistir sempre ás xuntanzas convocadas

-Solicitar tamén entrevistas.

-Perante posibles problemas, buscar solucións conxuntas. O obxectivo de pais e profesores é o mesmo.

Para saber máis, recomendámosvos esta interesantísima e moi premiada web:

http://www.isftic.mepsyd.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2006/aprender_estudiar/index2.html

(Podedes ir a Google, escribir *Aprender a estudar* e xa vos aparecerá o enlace)

Entre círculos e polígonos: á procura da perfección arquitectónica

A profesora María Xosé Iglesias, do Departamento de Plástica, preparou para *Órbita* este traballo que nos fai entender a importancia da xeometría á hora de procurar os espazos perfectos. O texto serve tamén como presentación das excelentes creacións de polígonos estrelados que os alumnos de 4ºESO deste ano, e os de 1º BACH do curso pasado, realizaron na súa materia.

A xeometría é un sistema de relacións exactas. A historia da arquitectura e da filosofía está chea de cidades ideais irrealizables, onde as relacións xeométricas determinan unhas formas que á súa vez caracterizan as distintas funcións. Pensando en atopar un espazo perfecto, estas disciplinas recorreron ao pensamento xeométrico.

Unha das figuras xeométricas máis importantes ao longo da historia foi O CÍRCULO (en galego tamén se lle pode chamar CIRCO). No mundo antigo considerábase este como unha forma xeométrica perfecta, relacionándoo co máxico ou o divino. Por exemplo, venerábase o Deus Solar que se representaba en forma de disco. Os cristiáns presentan o corpo de Cristo con esta forma nos seus actos relixiosos. E




Madonna da la Sedia, de Rafael (1510)

isto, por que? Unha das posibles explicacións é a perfección da forma circular, carente de ángulos e a súa forma pechada que a independiza do espazo exterior, o que orixina que pareza aboiar no espazo.

No noso mundo cotián redeámonos de obxectos circulares como moedas, rodas, pratos, etc., pola simple razón de que se desprazan con suavidade por calquera superficie; as mesas redondas permiten o paso das persoas e non interrompen a comunicación; os pratos circulares ao seren circulares son máis doados de usas e lavar.

Os círculos que



Rosetón da catedral da cidade italiana de Troia

aparecen nas manifestacións artísticas máis primitivas de calquera lugar do mundo, cóidase que foron nun principio pictogramas que representaban fenómenos naturais. As chamadas rodas solares apareceron talladas en rochas cunha antigüidade que se remonta ao Neolítico.

Na pintura o formato circular denomínase "tondo" e a súa orixe débemola buscar nas medallíñas que se regalaban aos nenos co gallo do seu nacemento durante o Renacemento. Os artistas empregaban o tondo para representar escenas divinas, como a Virxe co Neno ou a Sagrada Familia. Un exemplo é o cadro de Rafael *Madonna da la Sedia* (A Virxe da cadeira), de 1510.

Na arquitectura elixiuse o círculo ou a esfera na construción de edificios de carácter relixioso e lugares de culto



Pentágono, sede do Departamento de Defensa dos EEUU. Foi inaugurado en 1943

(acordádevos do significado primixenio do divino), como por exemplo, a praza de San Pedro (1556-67) en Roma, onde a forma circular da mesma ten a forza de recorrer á xente que se adentra na praza cara ao seu centro, marcado por un obelisco.

Dende as súas orixes, o ser humano, ao observar a natureza, advertiu as múltiples vantaxes que ofrecían as formas poligonais e, máis concretamente, as de configuración regular. Esta palabra de orixe grega significa *poli* = moito e *gono* = lado, e se lle engadimos o adxectivo *regular* = constante = igual, obtemos que é unha figura de moitos lados iguais. O polígono máis simple que coñecemos é o triángulo, de tres lados e tres ángulos iguais, chamado triángulo equilátero. A medida que aumentamos o número de lados, o seu nome varía: cadrado,




Praza de San Pedro, en Roma

do, se é de catro; pentágono, se é de cinco, etc. Un exemplo en arquitectura deste último é o edificio do centro de defensa norteamericano, cun nome que fai referencia á forma na que foi construído.

Se agora xuntamos cos polígonos o aprendido anteriormente sobre o círculo, o resultado será algo espectacular. Todos os polígonos regulares se representan inscritos nunha circunferencia. Se o polígono ten moitos lados poderemos unir de forma alternativa os seus vértices resultándonos o que chamanos polígono estrelado.

Na arte nazarí desenvolvida no reino musulmán de Granada durante os séculos XI e XV, os artistas realizaron unha serie de mosaicos cheos de polígonos estrelados. Na




Exemplo de alicatado


Alhambra pódese ollar unha ampla gama destes polígonos, facendo pavements e frisos. O alicatado era a súa especialidade, cuxo nome vén da acción de cortar azulexos (pequenos ladrillos vidrados) con alicates, para lles dar formas poligonais.

Na arquitectura coñecemos moitos exemplos de polígonos estrelados, sobre todo realizados no románico, coma os rosetóns das catedrais en forma de vidreiras.

Como podedes ver, estes exercicios dos nosos alumnos e alumnas que na páxina seguinte vos presentamos veñen cunha carga máxica e unha gran historia. Agardo que gocedes deles.



Iago Bastos Lorenzo (4º ESO)




Iago Bastos Lorenzo (4º ESO)




Óscar Jacobo Bacelo (4º ESO)




Óscar Jacobo Bacelo (4º ESO)




Sheila Pérez Garrido (4º ESO)



Sheila Pérez Garrido (4º ESO)




Jénifer Álvarez Méndez (4º ESO)



Jénifer Álvarez Méndez (4º ESO)




Sergio Alonso Pérez (4º ESO)




Sergio Alonso Pérez (4º ESO)




Borja Romero Rodríguez (4º ESO)



Jénifer Rodríguez Varela (4º ESO)




José A. Bargiela Pérez (4º ESO)




Iris Boullosa -1º Bach



Mónica Boente Porto (1º Bach.)



Mónica Boente Porto (1º Bach.)



Olaia Pérez Martínez (1º Bach.)



Paula Rodríguez González (1º Bach)



Javier Pérez Benavides (1º Bach)



Javier Pérez Benavides (1º Bach)

Unha biblioteca en transformación...

Nestes últimos anos a Biblioteca sufriu numerosos cambios que poñen de manifesto o compromiso que o noso Centro mantén coa súa constante mellora. Resumiremos moi brevemente os máis salientables.

Reordenáronse os espazos de lectura e almacenamento para obter unha atmosfera máis acolledora e cálida, na que a luz natural resultase privilexiada, ao tempo que se incorporou unha zona de lectura informal, adicada ás revistas, cómics, etc. na que a distribución de asentos e mesas propiciase a conversa.

Reubicáronse os ordenadores nunha estancia apropiada e habilitouse a conexión wi-fi para os usuarios. A informatización dos fondos e dos servizos de préstamo levada a cabo, permite agora unha mellor e máis rápida xestión dos mesmos, xunto coa posibilidade de consultalos *on line*, dende calquera lugar, a partir do enlace da páxina web da Biblioteca. Ésta última tamén foi completamente renovada, ofrecendo servizos coma o devandito, enlaces a páxinas de interese, lecturas e textos na rede, accesos a dicionarios ou obras de consulta, informacións das actividades organizadas dende a Biblioteca, cuestionarios e concursos, recomendacións de libros para as vacacións, etc. Tamén, neste campo das TIC, o Club de Lectura dispón de un blog, adicado á información sobre ás lecturas propostas e ós comentarios dos membros.

A idea de que a Biblioteca non é só un espazo físico, senón un xeito de entender o traballo de todos, profesorado e alumnado, e, igualmente, o noso lecer, é o punto de partida de numerosas actividades que foron organizadas no presente curso, entre as que se atopan: concursos (Darwin, As orixes do home...), gravacións




Os espazos de lectura e almacenamento da nosa biblioteca arraxáronse doutro xeito para obter unha atmosfera máis acolledora e cálida



a descuberta do cine non comercial ou invitan ao salto á literatura na que moitos teñen a fonte da súa inspiración.

as nosas necesidades culturais máis amplas, útil e adicado a compartir amigablemente moito do que nos fai máis humanos.



Recitación de textos literarios por alumnos e profesores; pódese descargar a antoloxía, as gravacións e mais os minirelatos redactados por grupos na Web da Biblioteca:

<http://sites.google.com/site/biblioribeira/actividades-do-dia-do-libro>.

de lecturas, intercambio de libros, lecturas en público, exposicións, mostra de libros, reunións do Club de Lectura, e tamén, por que non?, algunha festa. A isto súmase a creación do servizo de préstamo de DVD, con títulos que fomentan

Na diversidade dos cambios revélase, en efecto, o protagonismo que unha biblioteca debería ter no ensino: un centro de recursos, documentación e actividades ao servizo de todos, aberto, vivo, capaz de alimentar

O camiño, pois, é longo, pero tamén ilusionante...

Biblioribeira



Sesión dunha das gravacións dos relatos que se poden descargar na páxina Web da Biblioteca



Cartel informativo, na fachada do IES, da celebración da Semana do libro




Un libro sempre dá froito: Unha actividade na que alumnos e profesores intercambiaron libros e recibiron unha froita como agasallo.



Entrega de premios e festa final



Viaxe a Burgos: crónica dun percorrido pola Prehistoria, a Antigüidade e mais a Idade Media



Os estudantes paseando polas Médulas

Primeira parada:

Túnel romano de Montefurado

Este lavadoiro de ouro data do século II, nos tempos do Emperador Trajano. Construído en forma de bóveda de canón, posúe 40 m de longo, 19 de ancho e ten 17 m de altura media. Fíxose para desviar a canle do río Sil coa finalidade de apanhar as pebidas de ouro que arrastraban as correntes.

Trátase dun túnel escavado na rocha, xusto onde o río Sil debuxa un meandro.

Como se conseguiría a extracción do rico metal? Para responder a esta pregunta bara-



Túnel romano de Montefurado (séc. II), atravesado polo río Sil



Estrada Quiroga- O Barco. Baixamos do autobús e intentamos contemplar o túnel de Montefurado...

A visita aos xacementos arqueolóxicos de Atapuerca está xa a piques de se converter nun clásico do noso instituto e *Órbita* sempre estivo alí. Amais de seguir afondando no coñecemento destes importantísimos achados prehistóricos, desta volta o noso xornal quixo analizar algúns monumentos artísticos e de paisaxe nos que os alumnos se detiveron ata chegar a Burgos. Velaquí unha guía dos lugares visitados preparada pola profesora do Departamento de Historia, Isabel Saco, e mais polas alumnas Luísa Muñoz e Iria Senra.

Iláronse dúas hipóteses:

- A primeira defende a fabricación dun túnel que debía de cumprir tres requisitos fundamentais: ser longo (desta forma

mente os labores de bateo.

Un comentario crítico:

Resulta bastante tristeiro comprobar que, a estas alturas,



Mapa do itinerario da viaxe: O Porriño - Montefurado - As Médulas - San Isidoro de León - Burgos - Atapuerca

dábaselle tempo suficiente ao mineral para depositarse no fondo), profundo (canto máis fondo, maior número de depósitos auríferos) e estreitos (o que evita a dispersión do ouro). Unha vez cheo, o traballo de baleirado e extracción do ouro facíase en seco, desviando o río polo seu curso natural: o meandro.

A segunda hipótese volve pola explotación das áreas fluviais (mediante bateo) que se ían concentrando xusto no punto onde o río debuxa o seu meandro. A extracción do ouro realizábase en época estival, cando o caudal de auga é mínimo, característica que xunto ao desvío da canle do río a través do túnel, facilitarían enorme-

ninguén se teña preocupado de acondicionar na zona un espazo que sirva de miradoiro desta fenomenal obra de enxeñería.

Segunda parada:

As Médulas

Esta paraxe é o que queda da maior mina de ouro que os romanos explotaron ao noroeste da Península, utilizando un procedemento coñecido como "ruina montium". Estivo en funcionamento máis ou menos 160 anos, entre o séc. I e o séc. III d.C.

Minábase o corazón da mon-



Panteón dos Reis, en San Isidoro de León. Aquí xacen ata 33 reis da corte leonesa. As súas bóvedas están policromadas con expresivos debuxos de escenas sacras e mais un maxistral calendario agrícola

taña cunha intrincada rede de galerías de distinta lonxitude e nas que se sucedían os tramos máis anchos con repentinos estreitamentos. Máis tarde, liberábanse sobre os túneles enormes masas de auga (traída das montañas próximas mediante unha rede de canles e almacenada preto da explotación), o que producía o colosal derrube. O lodo que así se xeraba era lavado para extraer o ouro. Como un vestixio máis da actividade mineira do imperio, consérvase o lago de Carucedo, formado polas augas utilizadas na extracción e lavado do ouro.



Atapuerca: trincheira do ferrocarril

Hoxe, as Médulas, declaradas en 1998 pola UNESCO patrimonio da humanidade, impresionan pola súa beleza. Unha beleza que é froito da man do home, do paso do tempo e do capricho da natureza.

“Resulta lamentable que aínda non se acondicionase un miradoiro para o túnel de Montefurado”



... e logo dunha boa andaina, isto foi o único que puidemos ver

Terceira parada:

San Isidoro de León

Orixe

A filla de Afonso V, a infanta dona Sancha, dómina do Infantado antes, e raíña de León despois, procurou co seu



A Real Colegiata Basílica de San Isidoro, ou simplemente San Isidoro de León, é un dos conxuntos arquitectónicos de estilo románico máis sobranceiros de España. Foi construído durante os séculos XI e XII.

esposo, o rei Fernando I (1037-1065), de elevar o mosteiro á máis alta dignidade. Substituíron o templo de tapias por outro de pedra, e con el daban comezo á arte románica nos seus reinos.

Elixiron o pórtico da igrexa para cemiterio real e alí dispuxeron que fosen enterrados os seus corpos. Quixeron dignificar a súa igrexa palatina con reliquias de santos insignes. Lograron o traslado do corpo de San Isidoro dende Sevilla, e o de San Vicente dende Ávila.

Coa consagración da igrexa, extraordinarios festexos solemnizaron o día 21 de decembro de 1063 e, ao día seguinte, celebraron a translación do corpo de San Isidoro. Nesta ocasión fixeron espléndidas doazóns ao templo en xoias e ornamentos litúrxicos que aínda hoxe contemplamos e coñecemos como o Tesouro de León.

Características

É un templo de tres naves con cabeceira formada por tres ábsidas. A Capela Maior (1513) é un espazo cuberto por bóveda de crucería con terceletes, ao exterior o seu aspecto é de fortaleza ou torre ameada e atribúese a Juan de Badaxoz, o Vello.

A porta principal do templo denomínase Porta do Año, xa

que este é o tema principal que aparece no tímpano, o Año místico sostido por anxos, o sacrificio de Isaac, Sara á porta da tenda, Ismael o porteiro cabalgando polo deserto. Á esquerda figura San Isidoro, á dereita San Pelayo. Completan o programa iconográfico, o rei David, cinco

músicos e os signos do zodíaco.

Porta do Perdón é o nome que recibe o portal do cruceiro sur, que está consagrada aos peregrinos. Un can e un león, gardiáns do templo, sosteñen o tímpano co Descendimiento da Cruz, as Marias perante o sepulcro e a Ascensión. A ambos os dous lados do arco aparecen San Pedro e San Paulo.

O Panteón dos Reis

Dentro do conxunto arquitectónico de San Isidoro, cómpre salientar o Panteón dos Reis, unha construción de planta cadrada de tres naves.

Alí atopamos a Capela dos Arcos, así chamada porque une o recinto do Panteón coa muralla, mediante bóvedas de arista e arcos per-

piaños.

A cronoloxía do Panteón é dubidosa, aínda que se daba por data segura a anterior a 1063, en que é consagrada a igrexa de Fernando I. Tamén é dubidosa a datación das pinturas murais, que tiveron que ser executadas antes de 1149, ano en que se consagrou a nova igrexa.

O Panteón ten unha nómina importante de capiteis: sorprendentes por ser os primeiros que na arte románica española reproducen escenas evanxélicas

As seis bóvedas están totalmente decoradas con pinturas murais, e posúen tal beleza, extensión e conservación que ao recinto se lle deu o nome de Capela Sixtina da arte románica.

As imaxes pictóricas están

realizadas ao temple sobre estuco branco. As escenas enmárcanse por orlas decorativas. Descoñécese o autor ou autores da obra. O programa iconográfico é variado: escenas evanxélicas e da Apocalipse, personaxes do santoral e un calendario agrícola.



Profesor e alumnos diante da "Porta do Año"




PANTOCRATOR

É a bóveda central do Panteón, Cristo Pantocrator ou Creador do Universo. O tema enmárcase por unha orla de chamuscas, nubes ou ondas. No centro, como é habitual, Cristo en Maxestade, dentro da mandorla (améndoa) mística bendicindo e co libro, con fondo de bóveda celeste, o alfa e o omega. Ao redor del, o Tetramorfos (símbolos dos catro evanxelistas) cos seus nomes.



DEGOLACIÓN DOS INOCENTES


A escena está enmárcada mediante uns arcos moi esquemáticos. No centro da composición o rei Herodes ordena e presencia, sentado sobre o seu trono, a matanza dos fillos homes do reino a mans dos soldados. O tema trátase con gran realismo e expresividade.



Tema vexetal



A curación do leproso



Resurrección de Lázaro



Calendario agrícola, no que o artista retrata a vida real dos aldeáns. Desenvólvese no intradós dun arco e é a obra máis coñecida do Panteón

Cuarta parada

Atapuerca

Historia do xacemento


A finais do século XIX a compañía inglesa *The Sierra Company Limited* cortou unha enorme trinchera de máis de un kilómetro de lonxitude e ata 20 metros de profundidade na caliza da Serra para o paso dunha liña de ferrocarril mineira que transportaría minerais dende a Serra da Demanda ata o pobo de Villafra.

A construción desta trinchera do ferrocarril puxo ao descuberto numerosas cavidades colmatadas con recheos pleistocenos, que hoxe forman algúns dos xacementos coñecidos na Serra con gran abundancia de restos arqueo-paleontolóxicos. Aínda que se coñece desde o século XIX, o proxecto iniciase a raíz da descuberta de restos humanos en 1976. Dous anos máis tarde, Emiliano Aguirre, Catedrático de Paleontoloxía Humana da Universidade Complutense de Madrid, forma un equipo interdisciplinario que dirixe ata a súa xubilación.

A partir de 1991 o proxecto é codirixido por E. Carbonell, J.M. Bermúdez de Castro e J.L. Arsuaga, que, entre outros moitos éxitos profesionais, reciben o Premio Príncipe de Asturias de Investigación en 1997.

As numerosas covas que contén foron utilizadas de forma diversa, dende hai aproximadamente 1 millón de anos ata hai uns 10 ou 15 mil anos.

Pero tamén na prehistoria recente, é dicir, durante o Neolítico e a Idade de Bronce, en épocas protohistóricas e históricas, documentouse a presenza de asentamentos.




A Serra de Atapuerca é un labirinto de covas habitadas hai centos de milleros de anos



Situación dos diferentes xacementos sobre una foto aérea da Trinchera do Ferrocarril: 1 Gran Dolina, 2: Galería, 3: Sima do Elefante, 4: Acceso ao recinto

As investigacións e escavacións que se realizan anualmente na Sierra evidenciaron a existencia de diversas ocupacións humanas de especial interese. É importante non só pola súa antigüidade, senón tamén polas implicacións de subsistencia e de economía que se deducen do estudo dos restos desas comunidades humanas.

A información obtida nos xacementos da Serra de Atapuerca son moi importantes para o estudo da evolución humana en Europa.



Homo antecessor.
Hai 800.000 anos. Machada de pedra atopada na Gran Dolina



Homo heidelbergensis.
Hai 400.000 anos. Machada de pedra atopada na Sima dos Ósos



Homo sapiens. Hai 6.000 anos.
Machada de bronce atopada na Cova do Miradoiro

“Unha falanxe do *Homo antecessor* atopada no 2008 é a máis antiga de Europa”

Entrevistamos a Lorena, a persoa que nos guiou por Atapuerca

LUISA MUÑOZ /
IRIA SENRA

Que estudos realizou para que hoxe estea a traballar como guía?

Estudei Patrimonio Histórico, que é algo parecido á Historia.

De onde procede o voluntariado que vén á Serra nas escavacións dos veráns?

Son na súa maioría persoas que posúen o doutoramento ou a licenciatura; o resto está formado por estudantes. Escavan especialistas en vinte disciplinas diferentes, entre as que destacan: Arqueoloxía, Bioloxía, Xeoloxía, Paleontoloxía, Zooloxía, Polinoloxía ... A fin deste reparto é que en cada xacemento existan abundantes especialistas para poder ensinar de forma máis directa aos estudantes que veñen a colaborar.

De que universidades proceden estas persoas?

Da Universidade de Burgos, da Universidade de Tarragona (Rovira i Virgili), da que procede o persoal docente investigador e do que destaca Eudald Carbonell, que é director do “Instituto Català de Paleoeoloxía Humana I Evolució social” (IPHES) e un dos tres codirectores do Proxecto de Investigación de Atapuerca. Da Universidade Complutense de Madrid, da cal procede Juan Luis Arsuaga, catedrático de Paleontoloxía e codirector de Atapuerca e da Universidade de Zaragoza, da cal proceden espe-

cialistas en microfauna. Cómpre mencionar a José M^a Bermúdez de Castro, o terceiro codirector da Atapuerca, especialista en Paleontoloxía e Licenciado en Bioloxía, que pertence ao “Consejo Superior de Investigaciones Científicas” (CSIC)

Hai que remexer moita terra para atopar restos fósiles?

Trátase de algo incerto e imposible de precisar, pero por exemplo na Gran Dolina, hai máis ósos que terra.

Cales son os últimos achados?

No 2007 atopouse unha mandíbula humana que tiña aproximadamente uns 1,3 millóns de anos. No 2008 unha falanxe que pertence ao *Homo antecessor* e resulta ser a máis antiga de toda Europa. Ambas descubertas producíronse no xacemento chamado a “Sima do Elefante”

Que proxectos de futuro hai en relación con Atapuerca?

Estanse a crear novas infraestruturas na cidade de Burgos asociadas aos xacementos de Atapuerca: O “Centro Nacional de Investigación sobre la Evolución Humana” (CENIEH), que vai ser o referente para o estudo da evolución humana a nivel mundial, e o “Museo de Evolución Humana” (MEH), a onde se trasladarán todos os restos que se descubran en Atapuerca. Estes dous organismos aspiran a ser dinamizadores de ciencia e divulgación do coñecemento.

Para saber máis, velaquí dúas webs sensacionais:

www.evolucion.org (sobre Atapuerca, en Burgos)

www.sanisidorodeleon.net (sobre San Isidoro, en León)



Dúas xornadas coa xente do mar, na primeira Reserva Integral Mariña de Galicia

En abril do ano 2007 a Xunta de Galicia aprobou a creación do único espazo do noso país no que está absolutamente prohibida a pesca e co que se pretende conservar a diversidade biolóxica do medio mariño. O Departamento de CCNN e mais o Equipo de Normalización Lingüística culminan unhas xornadas adicadas ao mar coa organización dunha viaxe á parroquia carnotán de Lira, dirixida aos alumnos de 4ºESO e 1º BACH.

JORGE ALONSO /

Durante os días 12 e 13 de marzo, os estudantes de 4ºESO e 1ºBACH. participamos nunha viaxe ao concello coruñés de Carnota, na comarca de Muros. A viaxe ata o noso obxectivo levounos algo máis de dúas horas.

O primeiro lugar que visitamos foi o porto, onde nos agardaba un guía. Camiñamos ata unha antiga caseta de mariñeiros, acondicionada agora como pequeno museo, na que asistimos a unha exposición sobre as embarcacións, redes e aparellos empregados dende finais do séc. XIX ata a actualidade.

Alí o guía explicounos os métodos de traballo dos mariñeiros, a forma de conservación dos aparellos (por exemplo, indicounos que no pasado lle tiñan que dar un tratamento as redes fervendo auga con codia de piñeiro, para que non podrecesen, xa que eran vexetais) e os anovadores métodos de conserva do peixe introducidos polos industriais cataláns. Ademais, o noso monitor foi facendo observacións sobre a linguaxe típica do mundo do mar: por exemplo, cando se atopa nunha embarcación, un mariñeiro nunca fala de 'cordas', senón de 'cabos'; para un home de mar as únicas cordas que existen son as do reloxo. Puidemos ademais comprobar como o noso monitor falaba un galego con moitas verbas distintas das nosas, e



O guía amosa aos nosos estudantes unha especie de alto valor comercial no porto de Lira, o ourizo de mar

tiña un galego propio da Área fisterrá, do Bloque occidental, xa que usaba seseo total e cheísmo.

Despois dirixímonos á lonxa e fixemos unha poxa virtual para intentar comprender os mecanismos da compra e venda do peixe e marisco, e os procedementos que se utilizan nunha lonxa para evitar que os maioristas que acoden alí a mercar pacten os prezos. Ao rematarmos, fomos levantar unha nasa que o monitor previamente botara dende o peirao, e puidemos contemplar unha gran cantidade de caixas de ourizos, de preciosas cores por certo, que uns mariñeiros estaban descargando.

Pola tarde, mentres xantamos, paseamos pola praia, e despois estivemos na chamada Reserva Integral cunha mariscadora da confraría de Lira, Pepita, unha muller emprendedora e apaixonada co seu traballo. Explicounos como un grupo de catorce mulleres de Lira montaran unha cooperativa co obxectivo de poder vivir do mar dunha maneira digna

e a importancia que para elas tiña a creación na súa zona da primeira Reserva Integral de Galiza (noutros lugares da beiramar española existe dende hai anos esta figura).

En Lira existen dúas figuras oficiais de protección dos recursos mariños: a **Reserva Mariña** (abrange unhas 2000 hectáreas), na que só está permitido un número moi limitado de licenzas de pesca e na que se esixe que o tamaño das especies capturadas sexa superior aos estándares normalmente establecidos; e a **Reserva Integral** (dividida en dúas áreas, unha ao norte de 80 hectáreas, e outra ao sur de 62 ha), na que está terminantemente prohibido pescar, que pretende ser un santuario para a diversidade biolóxica e tamén un auténtico viveiro no dende o que recuperar poboacións de especies moi castigadas pola s sobreexplotacións

dos recursos.

O máis interesante é que a iniciativa de crear esta reserva partiu das propias mariscadoras e mariñeiros e foi aprobada no 2008 pola Consellería de Pesca; o órgano de xestión está constituído a partes iguais por funcionarios da administración autonómica e os traballadores e traballadoras do mar da parroquia de Lira.

Aínda así, Pepita contounos, indignada, que seguía habendo bastante pesca furtiva, como ao día seguinte poderíamos comprobar nós mesmos.

Por outra banda, a nosa mariscadora advertiunos dos perigosos que son para o baño as praias de Carnota e relatounos unha historia de había pouco tempo na que un home perdera a súa muller, o que nos deixou bastante impactados. Camiñamos con esta traballadora do mar polos lugares habituais para a extracción de mexilla (cría do mexillón que aparece nas rochas e que se vende para cría nas bateas), percebe, berberecho, ameixa, ourizo, poliqueto (é dicir, a miñoca de mar), etc.



As augas de Carnota son moi perigosas para o baño

Un buzo que estivo camiñando durante once anos polos fondos de Rande revelounos: “É imposible que na ría de Vigo haxa galeóns con ouro, a non ser á altura das Illas Cíes”

Por último, houbo tamén tempo para a lembranza, e contounos con emoción o heroico traballo levado a cabo polos voluntarios durante a catástrofe do Prestige, e as consecuencias do afundimento do petroleiro para o ecosistema da zona; por exemplo, a coquina (un bivalvo exquisito semellante á ameixa, moi abundante en Lira e que atinxía prezos elevadísimos no mercado) desapareceu completamente do lugar.

Logo deste percorrido, fomos ceiar a Muros, despois de relaxarnos un pouco por unha praia deste concello, ao pé do monte Louro, preto da coñecida lagoa.

O día seguinte erguémonos bastante cedo, almorzamos e partimos dende o noso albergue cara á Reserva Integral Norte, para facer un bonito percorrido a pé na compañía doutra guía, esta vez, bióloga de formación. Mentres camiñabamos pola beiramar íanos explicando o nome das especies e a toponimia do lugar. A praia estaba moi tranquila e transmitía unha sensación de paz e tranquilidade. Seguimos movéndonos pola praia ata que vimos algo co que non contabamos: uns pescadores furtivos que estaban collendo marisco das rochas. Esa visión provocou a indignación de todos os que alí

estabamos e decontado a nosa guía chamou á confraría para que os vixiantes viñeran a chamarlles a atención e efectuar a correspondente denuncia, cousa que aconteceu para a nosa ledicia dez minutos máis tarde. Logo continuamos ata o porto, e alí vimos un vídeo que resumía moitos dos aspectos que nos foran comentando.

Xantamos e pola tarde fixémoslle unha visita a un buzo retirado que nos explicou como facían para desmontar os barcos afundidos. No pasado era frecuente que cando se afundía un barco, alguén o mercase para vender o metal. Revelounos que durante uns once anos estivera camiñando polos fondos de Rande, unha zona que coñecía á perfección, o mesmo ca outros buzos da zona, e por iso podía dicir sen medo a enganarse que era absolutamente imposible que houbera algún galeón con ouro ou prata no fondo da ría de Vigo (quizais máis na entrada, contra as Illas Cíes, cunha fondura maior aos 40 m, que era o límite ao que podía chegar un buzo, puidera ser que si). Despois visitamos unha pequena capela, e finalmente os dous canastros ou hórreos máis longos de Galiza, o de Carnota e o de Lira. Por último, logo de dúas instrutivas xornadas, voltamos para os nosos fogares.



Percorrido pola liña de costa da Reserva Integral Mariña, un santuario no que se pretende conservar a diversidade biolóxica do medio mariño



Na andaina estabamos moi atentos a todo o que íamos atopando



Verdello (alga mariña)



Herba de namorar




Unha lección sobre a vida no mar a cargo dunha mariscadora

Á dereita, canastro ou hórreo de Carnota. Mide 34,74 m de longo e 1,90 m de ancho (é un dos tres de maior tamaño de Galiza). De feitura barroca, foi construído en 1760



Visita a unha antiga caseta de mariñeiros, acondicionada como pequeno museo



Estudantes na lonxa de Lira (Carnota)



A nosa revista puido captar esta instantánea na que se ve a un furtivo apañando marisco na Reserva Integral



A nosa bióloga explica sobre o terreo as características da Reserva Integral



Un buzo xubilado contanos en que consistía o seu traballo



Velaquí unha bota que formaba parte da vestimenta dun buzo, cuxo peso debía ser moi preciso para permitir á persoa camiñar polas profundidades como o facemos en terra

O entroido en carteis

Éxito de participación no I Concurso de carteis sobre o entroido

Impulsado polo Departamento de Plástica, este ano o noso instituto convocou o I Concurso de carteis de entroido. Foron moitos os deseños artísticos presentados e a través deles puidemos viaxar polo entroido ourensán perseguidos polos peliqueiros e cigarróns; fomos quen de probar as receitas tradicionais que nos amosaron nalgún cartel moi didáctico; e tamén tivemos a oportunidade de


brincar cara ao entroido veneciano: máscaras de plumas e abelorios, e un séquito de animais agochados tras antefaces moi divertidos. Na entrega dos premios, a profesora Sonia Omil manifestou o seu desexo de que no vindeiro ano sexan aínda máis os carteis presentados, e deulles as grazas a todos os participantes e a súa felicitación aos gañadores.



Andrea Domínguez e
Goretta Lorenzo (3º ESO-A)



Sara Silva (1º ESO-C)
CARTEL PREMIADO



Marta Viéitez e Sofía Lorenzo
(3º ESO-B). CARTEL PREMIADO



Julio López (1º ESO-C)



María Chapela (3º ESO-A)



Míriam Juste (3º ESO-A)



María Tobío e Jénifer
Teixeira (2º ESO-B)



Nerea Alonso e Sara Baceo
(1º ESO-A)

(Vén da páxina anterior)

O Museo

Ademais deste percorrido sobre a elaboración dos libros

antes da invención da imprenta con caracteres móbiles por parte de Gutenberg, a mediados do séc. XV, tivemos tamén tempo

para coñecer o conxunto das instalacións deste museo

A nós as dúas gustounos moito o labirinto de palabras e pareceunos moi interesante

a cámara escura, a través da cal nos explicaron o proceso da realización de fotografías.



Estudantes e profesores diante da espléndida Casa das Palabras, en Vigo, unha vez concluída a visita



Os alumnos de 2º ESO visitan a Casa das Palabras

Unha magnífica exposición temporal permite aos nosos estudantes coñecer mellor a elaboración dos libros na Idade Media, antes da invención da imprenta.

SHEILA PAZOS /
NEREA PEDREIRA

Os alumnos e alumnas de 2º da ESO fomos o día 19 de novembro de 2008 ao museo Verbum ou Casa das Palabras, en Vigo. Alí asistimos a unha exposición temporal titulada *Scriptorium verbumiense*. Velaquí algunhas das cousas que aprendemos:

No séc. XIII os monxes eran os encargados de copiar os códices ou libros a man, xa que non había imprenta. Facíanos nos mosteiros, onde por certo nos comentaron que non había calefacción, e era alí onde se atopaban as únicas bibliotecas que existían.



Os libros ilustrábanse moitas veces con miniaturas. Algúns deles son auténticas obras de arte



A tinta fabricábase con bugallos de carballo ou con carbón, e para escribir usábanse plumas e canas

Como elaboraban os códices?

Utilizaban o corno do carneiro como tinteiro e escribían con plumas. Tamén empregaban unha cana peque-



Estudantes copiando a man os libros, o mesmo que se facía na Idade Media

na que lles servía para escribir ou para pintar os debuxos. Escribían sobre un papel chamado pergameo, que se facía con peles de animais: cabra, ovella...

O pergameo

A pel do animal tiña que estar mergullada en cal hidratada uns 3 ou 4 días para que amolecese.

Unha tradición antiga afirma que o proceso de preparar pergameos se inventou na antiga cidade grega de Pérgamo (hoxe pertence a Turquía), durante o reinado de Eumenes II (197-160 a. C.), cando o rei Tolomeo V de Exipto prohibiu a exportación de papiros, o material de escribir máis común da antigüidade, que neste caso se elaboraba cunha planta acuática.

Para transformar a pel en pergameo había que dobrala en 4 partes e rompela para que se parecera a un libro.

Os monxes non tiñan liñas nos cadernos e para facelas utilizaban o compás, a escuadra e o cartabón. Estes tres instrumentos, e algún máis como o lapis ou a tinta que lle servía para escribir, facíanos tamén os monxes nos mosteiros.



Como obtiñan os materiais para escribir e pintar?

Utilizaban os bugallos de caballo para facer a tinta negra, que tamén se podía obter con carbón ou co bagazo do viño. Facían os pinceis con pólas de castiñeiro.

biblioteca á que pertencen. Como remate desta primeira parte da visita, os organizadores da exposición montaron un divertido obradoiro no que durante un tempo nos convertemos en copistas e iluminadores de libros, utilizando os mesmos materiais dos monxes medievais nos seus *scriptoria*.

(Segue na páx. 21)



Letras iluminadas que aparecen en manuscritos medievais. Adiviñas cales son? De esquerda a dereita: M N D H S P O C

Encadernación dos libros

Encadernaban os libros utilizando unha agulla e un fío, normalmente duro. Decoraban as portadas dos libros con unha especie de masa xelatinosa. Ao resto das follas dabanlle brillo con xema de ovo. Na Idade Media os libros manuscritos ilustrábanse acotío con miniaturas, é dicir, pequenas pinturas cheas de miudallos. Primeiro alguén debuxaba e logo outro coloraba ou 'iluminaba' ese debuxo, ou por exemplo unha letra capital.

Utilizaban a cera de abella para os *ex libris*, é dicir, eses selos ou etiquetas que se estampaban xeralmente no reverso da tapa dos libros, para indicar o nome do seu dono ou da



Alumnos diante do pelo dunha cabra, que, unha vez tratado, servirá para a fabricación do pergameo. Escribir era moi caro na Idade Media



A monitora explica o funcionamento da cámara escura, base da fotografía



Catro xornadas de encontros interculturais en Romanía

DIARIO POR TERRAS DACIAS

RUBÉN MARTÍNEZ SABINO /

A finais do mes de novembro, o grupo de alumnos de 2º curso de Comercio Internacional e varios do PCPI de Comercio do IES Ribeira do Louro viaxaron, acompañados cos seus respectivos mestres, ata Romanía, co obxectivo de participar nunhas xornadas educativas europeas, as cales reuniron a educadores e estudantes de distintas nacionalidades no proxecto educativo "YOUNG PEOPLE IN NEED CONNECTED TO WORKING LIFE", que está promovido pola Unión Europea. O primeiro encontro levouse a cabo na cidade de Galati, lugar onde se atopa o centro participante por Romanía, a escola de Artes e Oficios Simion Mehedenti, que xunto ós integrantes turcos do Instituto Vocacional Industrial De Nusaybin, un centro educativo escocés e o composto polo de Porriño conforman os cinco socios do proxecto educativo europeo EOGYN.

Enmarcado dentro do programa Leonardo Da Vinci, o proxecto EOGYN trata de crear pontes de información e formación, nomeadamente nas áreas de inmersión laboral, entre a xuventude que se está a formar nos centros de estudos técnicos no marco do Unión Europea. Velaquí un pequeno diario daqueles días, nos que con ilusión por coñe-

cer novas xentes e lugares, e ganas de aprender, emprendemos rumbo cara a Europa do Leste. Alí atopámonos con integrantes de distintas realidades, mais con semellantes necesidades e preocupacións, que conforman un amplo e diverso espazo europeo. Alí entendemos ben como, mediante o encontro e diálogo, se trata de traballar e fomentar programas educativos comúns que faciliten e promovan un movemento persoal en réxime de aprendizaxe ou prácticas de traballo, que axude a achegar neste tempo de crise económica a riqueza que supón a diversidade cultural do territorio europeo.

Luns, 24 de novembro

5:00 da mañá a pé e tiramos para Peinador, onde nos atoparemos a folga de lixo que todo o inunda: ai, airiños da miña terra!!, na nosa despedida... Estamos todos, non falla ninguén e embarcamos cara a Madrid. Chegados á T-4, aproveitamos tempo de espera para tomar bocadillo de xamón e zume, e buff 7?!!, no que se refire ós cartos, menos mal que imos para Romanía e non para Escocia, se non, sangría de pounds polos meus petos xa vía!!.

Chega a hora, "hasta luego, España" e "bunna, bunna Romanía". Estamos no aeroporto da capital romana, Bucarest, e vai frío pero o sol recíbenos no ceo. Toca agora viaxe de catro horas en microbús cara á cidade de Galati, situada o Leste do país, moi preto da

desembocadura do río Danubio no mar Negro. Estamos moi lonxe pois da imaxe típica de Romanía, coas súas montañas tenebrosas e cumes nevados, con castelos acugulados de historias e lendas vampíricas. Así pois, as chairas invádeno todo, e así o microbús vai a toda mecha por estradas estreitas e desgastadas, solitarias unhas e cheas outras de camións que tamén conducen

a toda mecha por rectas infinitas. Imos cruzando paraxes de paramos e chairas con fábricas térmicas, polígonos industriais, viñedos, casas con tellados metálicos que favorecen a caída da neve e carros tirados por cabalos e burros. Ás 17:00 estamos en novembro, xa é noite, toca un alto no camiño para ceiar algo nunha tasquiña de estrada no medio de ningunha parte. Primeiros bocados romaneses, con imaxes do país na pequena pantalla, e parece que lles gusta cantar e cantar, coma pronto ben descubriremos. Trala primeira cea rumana, regada coa cervexa Ursus, a máis consumida no país, reanudamos a viaxe e tras atoparnos o gran Danubio, por fin se ven as luces de Galati. Xusto antes de chegar ó hotel, atopámonos a Anca, directora do colexio



Amigos romaneses coa vestimenta tradicional

romanes, que nos recibe feliz e chea de gracia. Pero foi abrir a porta e "ai, mimadriña, que frío redió!", pero que raios, tras case 24 horas de viaxe estamos por fin no que será o noso fogar romanés por unha semana. Isto hai que celebralo: tírome na cama, non sen antes botarlle unha ollada ás diferentes canles da tv rumana, e a durmir e descansar que estou reventado, mamma mia Rumania!!

Martes, 26 de novembro

Ás 8:30 e tralo vigoroso almorzo romanés, estamos postos e dispostos para ir coñecer á escola e pasar unha mañá de encontros e presentacións. Así logo do previo percorrido polas instalacións do centro guiados pola directora do centro,



Velaquí alumnos e profesores do IES Ribeira do Louro cos compañeiros doutros países. Con eles compartimos catro xornadas moi instrutivas en Romanía

atopámonos co resto dos integrantes do proxecto, profesores e alumnos, na aula de exposición de instituto. Despois das presentacións oficiais e na que destacaba a presenza do arcebispo da cidade, a tenente alcalde do concello e a TV de Galati, os alumnos do centro agasállanos cun especial e divertido show con bailes e cantos tradicionais, sen faltar unha particular visión do cancionero español a ritmo de "Chayane" cunha coreografía que parecía saída de Coyote Dax, con chapeu vaqueiro e todo. Polo medio do espectáculo tivemos un pequeno descanso para tomar o té, nunha sala especial acondicionada para a ocasión e onde se podían contemplar algúns dos traballos feitos polos alumnos da escola técnica e unha réplica en miniatura dunha particular Casa de Europa, feita tamén polos alumnos e que coñeceríamos o día seguinte. Son as 12:30 e chega a hora de xantar. A tarde adicámola a ir visitar o concello, onde nos reciben as respectivas autoridades e se organiza unha mesa redonda, na que hai un intercambio de agasallos e palabras a prol do traballo conxunto. A continuación dirixímonos á Catedral de Galati, onde nos recibe o mesmo arcebispo da mañá, que nos amosará o sacro edificio da relixión ortodoxa, o máis importante na cidade.

Tralas visitas ós edificios públicos, antes da cea, temos un pouco de tempo libre para pasear polas rúas da cidade e ir familiarizándonos coas súas xentes e lugares.

Xa á noite temos unha velada nocturna e conxunta nunha bolera, onde os escoceses amosan a súa particular pericia para este xogo.

Mércores 26

Loce o sol pero vai un frío e un vento que corta o espírito, e máis preto do río Danubio, exactamente no xardín botánico de Galati, lugar a onde nos diriximos todos os participantes do proxecto, tanto estudantes coma profesores, para asistir á presentación da Casa Europea. Esta consiste nunha pequeniña casa feita en madeira e realizada por alumnos do centro romanés, onde se trata de representar a unión dos distintos países por medio dun simbólico fogar común, que poida ser compar-

tido por diferentes hóspedes sen discriminación de sexo, raza ou condición. Nesta casina adornada coas bandeiras dos diferentes países participantes, cada representante achega cousas representativas das súas respectivas orixes para encher o interior desta senlleira e simbólica casina.

A continuación dirixímonos cara ás instalacións dos estudos técnicos do centro romanés, para coñecer en persoa os alumnos e o profesor responsables da construción da casina. Cómpre sinalar que o centro conta entre os seus alumnos con mozos orfos ou en situacións problemáticas nos seus fogares, e tamén alumnos con discapacidades mentais, que se cabe lle dan máis valor ó traballo realizado na construción da casina. Logo os diferentes profesores manteñen unha reunión conxunta, onde disertarán sobre a situación educativa dos diferentes países e as dinámicas que se poderían pór en marcha para facilitar o movemento do estudiantado europeo a prol de facilitar a búsqueda de traballo a nivel europeo. Mentres tanto os estudantes quedamos na aula magna do centro, onde os do Porriño aproveitamos para facer unha presentación *powerpoint* en xeral de España, Galicia e en particular do centro de Ribeira de Louro.

Xa pola tarde e tras a comida de rigor, dirixímonos cara a un centro de primaria e secundaria, que nos parece doutra época, por unha parte pola fastuosa decadencia do edificio, onde o paso do tempo mostra a súa pegada nunha decoración de corte clásico que semella pertencer a séculos pasados, e por outra pola educación que nel se imparte, como se pon de manifesto cando entramos nunha aula de primaria e os rapaciños se poñen de inmediato de pé e amosan ter un dominio moi bo do inglés.

Antes da cea facemos unha visita a un centro comercial para realizar algunhas compras. Polo camiño e axudado polo ceo gris dese día, pasamos por zonas da cidade que semellan postais dos anos soviéticos, con eses fríos e sucios bloques de edificios, cos ve-

llos tranvías cruzando as empedradas rúas por onde circulan unha gran cantidade de Dacias, marca de coche nacional, onde sobrancea o modelo do que aquí era o noso antigo Renault 12.

Xa no centro comercial, púxose de manifesto unha vez máis a realidade económica do país, que a pesares de contar cunha renda per capita moito máis baixa cá nosa, os prezos das cousas non diferían dos de aquí. Supoño que enganche de bolillos é o que deben facer as familias romanas máis humildes para chegar a finais de mes e máis ante o panorama tan negro a nivel económico destes momentos que estamos a vivir.

Xoves 27

O último día que pasaríamos en Galati, pois ó día seguinte teríamos que marchar moi cedo cara ó aeroporto de Bucarest, adicámolo pola mañá a manter novos encontros de discusións entre profesores e alumnos respectivamente, onde se afondaron nas realidades sociais e culturais dos integrantes do proxecto e se adelantaron as accións a realizar nos seguintes encontros que terán lugar nas outras sedes. Pola tarde, tivemos tempo libre que adicamos a pasear pola ribeira do inmenso e histórico Danubio e a pór en orde e contrastar entre nós as impresións e ideas ori-



Casa de Europa




Igrexa-fortaleza de Galati



Rúas de Galati



Paraxes romanesas



Danubio

xinadas neste encontro intercultural que nunca esqueceremos, tanto polo aprendido como polo gozado.



Alumnos do IES Ribeira do Louro completan a súa formación en China durante un mes

RUBÉN MARTÍNEZ SABINO /
(Texto e fotografías)

No pasado mes de xullo do 2008, un grupo de mozos do IES Ribeira do Louro, alumnos dos Ciclos de Informática e Sistema de Telecomunicacións e de Comercio Internacional, por medio dunha bolsa de estudos da Xunta de Galicia, tiveron a ocasión de acudir a capital chinesa, Pequín, durante o mes de xullo para participar nun curso de idiomas. A viaxe resultou unha experiencia única para ampliar tanto os coñecementos teóricos dos seus estudos mediante a realidade laboral de China, coma as perspectivas vitais que supón entrar en contacto cunha cultura tan lonxana e diferente como é a do país asiático, que está influenciando a transformar o mapa xeopolítico, económico e social a nivel internacional.

As clases na academia

Tanto o aloxamento coma a academia estaban ubicados na mesma zona residencial, o que facilitaba a chegada a punto ás clases. O horario lectivo era mañá (de 10:00 a 13:00), agás os mércores, en que ás tardes tiñamos leccións de cultura



Metro da capital asiática

(Vén da páxina 15)

Nas túas longas estadias no estranxeiro e en contacto directo con profesores e alumnos de moitos países, que diferenzas principais atopas respecto do noso sistema educativo e que podemos aprender deles?

Coido que os sistemas educativos en xeral están como copias dos outros, aínda que poidan existir variacións. Se nos fixamos na formación profesional, existen en Europa dous sistemas: un deles é como o que temos en España, dividido en dúas fases, a primeira de carac-

chinesa: caligrafía, xeografía, historia... Durante os descansos contabamos cos ordenadores do centro por se queríamos surfear en internet.

De cando en vez tiñamos contacto cos estudantes chineses de español, en especial o último día, onde compartimos unha clase con eles e puidemos intercambiar palabras e sorrisos falando das similitudes e diferenzas das nosas culturas.

As leccións eran impartidas por unha mestra chinesa castelánfalante chamada Sofía, moi atenta e agradable a pesar do duro traballo ó que estaba sometida no centro, xa que moitas veces a atopabamos organizando as contas, buscando información, facendo de guía... O resto do cadro de persoal estaba formado por outra moza chinesa, María, que adoitaba estar en secretaria e que de cando en vez nos acompañaba, especialmente os primeiros días, para aprender a movernos pola cidade. O equipo completábase o xerente da academia, un arxentino de aspecto e maneiras chinesas, chamado Daniel, e que durante a primeira semana e dende o primeiro momento, na chegada ó aeroporto, foi o noso particular cicerone pola inmensa e descoñecida Beixin.

En canto o aloxamento, xunto á comodidade que supuña a cercanía da vivenda na que residiamos respecto á academia, cómpre sinalar a amplitude do piso e as comodidades que tiña, nomeadamente o aire acondicionado, electrodoméstico vital para poder soportar a abafante calor do verán pekinés.

ter académico, na que o alumno estuda no instituto as distintas materias teórico-prácticas, e a segunda, na que fain prácticas nunha empresa; o outro sistema europeo, vixente en países como Suíza, Alemaña, Dinamarca, etc., é o que se chama "dual", quereuse dicir, aquel mediante o cal o alumno traballa e estuda á vez: o alumno está por exemplo 2 meses na empresa e 2 meses na escola, ou 2 días á semana na escola e 3 na empresa, etc.; funciona moi ben pero esixe unha vinculación moi estreita coa empresa. Se vos dades conta, este é o sistema que se está pondo en práctica aquí de xeito

A vida diaria

Polo xeral, logo das clases, íamos xantar a algún restaurante preto da academia, xa fose no centro comercial máis próximo ou na morea de restaurantes chineses. Noutros casos, perante a intención de coñecer algún lugar de interese, adoitabamos tomar algún autobús urbano e ahegarnos ata a parada de metro para logo decidir o destino final. Aínda que ás veces o taxi era o mellor medio para moverse, especialmente polo exceso de xente á hora punta e a calor que batía en tan pronto saías da academia.

Cómpre dicir que o cambio de euro a yuan, moeda chinesa, facía que privilexios de aquí como comer en restaurantes e andar en taxi resultasen moi económicos debido á forza da moeda europea.

Despois das clases pola mañá, as tardes eran aproveitadas para coñecer xentes e lugares do macrocosmos que supón a cidade de Pequín, co seu preto de 18 millóns de habitantes. Así foi frecuente a visita ós inmensos parques e lagos, con xente de todas as idades paseando ou facendo exercicio, en especial o pingpong, as indiacas, os columpios para adultos ou artes marciais, así coma o thai chi ou o wushu; tamén paseamos polas prazas, algunhas tristemente famosas coma as de Tianamen; visitamos museos, como a Art Factory 798, chea de

experimental nunha das modalidades dos PCPIs.

Cal é o país do que quedaches máis fascinado e por que?

Pois a verdade é que quedo fascinado cada ano ao coñecer un país novo. Todos os pobos do mundo son abraiante, aínda que por suposto nas impresións persoais inflúen moito os estados de ánimo do momento e as experiencias vividas. Un país que me encanta pola súa paisaxe é Noruega, e de aí temos recibido bastantes alumnos. China é un país interesantísimo, un monstro económico que está medrando a unha velocidade increíble; toda Europa está con-



A cidade prohibida, en Pequín. Foi a residencia dos emperadores chineses dende o séc. XV. (ninguén podía entrar nin saír sen consentimento do emperador), e sede do goberno ata 1911.

galeries de arte coas obras dos artistas chineses máis modernos; percorremos zonas comerciais, inzadas de establecementos con todas as marcas occidentais, xa fosen falsas ou verdadeiras, lugares onde o deporte nacional por excelencia era o regateo e onde se puña en práctica cos estranxeiros por medio de calculadoras e de palabras clave, no noso caso "español tacaño", "barato"... E tamén nos interesamos por aquelas zonas comerciais antigas, con mercados de baratixas e antigüidades, onde podías atopar dende antigos falos feitos de xade, mineral apreciado na artesanía chinesa, ata os vellos libros vermellos coa ideoloxía de Mao.



Rúas de Pequín (Beijing)

centrada en mandar alumnos a China para que aprendan o seu idioma: en Inglaterra e EEUU existe a posibilidade de estudar chinés nas ensinanzas primaria e secundaria, e parece que nós estamos poñendo o chinés como o coco do que temos que fuxir, cando todos sabemos que unha parte dos produtos que se venden aquí son feitos en China. Pero tamén é fascinante a India, Turquía, Malta..., e por suposto España e Galicia. Cada país ten o seu engado.

Cantas linguas sabes falar?

Falar, falar...: galego, castelán, portugués, e un pouco de inglés, francés, italiano e chinés.

As visitas para as que necesitabamos máis tempo deixábanse para a fin de semana. Foi así como coñecemos os lugares máis turísticos e de interese en Pekín e os seus arredores: a Muralla Chinesa, as Tumbas Ming, a Cidade Prohibida, o Templo do Ceo, o Palacio de Verán, o Templo dos Lamas...

Tivemos tamén ocasión de coñecer a vida nocturna pequinesa. Así puidemos descubrir o apaixonados que son os chineses por cantar, en especial nos coñecidos KTV, inmensos karaokes que ocupan todo un edificio e onde alugan por horas unha habitación, con prezos diferentes segundo o tamaño, e tes a tua disposición unha particular sala de karaoke para ti e os teus acompañantes.

Logo estaban as discotecas, por unha banda discotecas de maioría chinesa, onde estaban de moda as pistas saltarinas, que co seu pequeno abano cara arriba e abaixo axudaban nos teus brincos "jastando pista". Logo estaba unha zona unha zona máis para guiris, chamada Sanlitung onde había máis disparidade de nacionalidades e locais de ocio: cafeterías, terrazas, pubs, bares, restaurantes, discotecas e coma non karaokes.

Valoración persoal

Di o escritor Eduardo Galeano que lle gusta verse coma un máis do millón de mosquitos que deben picar o elefante, e esta é a descrición máis gráfica da miña experiencia vital na capital chinesa, un mosquito máis nun elefante, Pekín, comandando unha gran manada de paquidermos que forma o resto de China.

O exceso do que che rodea e a insignificancia dun perante esa abundancia de formas, sons, cheiros e costumes diferentes, foi a primeira sensación que me entrou nada máis dirixirme dende o aeroporto ata a capital: o exceso de tráfico, de polución no aire, de avenidas e rañaceos, de xente polas rúas..., unha sensación persoal esa de abraio fronte a semellante choque cultural, e que irá aumentando durante a vida diaria, coma por exemplo durante as idas e voltas en metro entre tanta xentiña onde se quedan moitos tan alucinados ó verte coma ti a eles; ou ó sortear o inmenso tráfico non só de vehículos senón tamén de bicicletas e carromatos que non respectan pasos de cebra nin vian-

dantes; ou a aventura de comer, con palillos, nun restaurante chino e non saír escaldado co picante que a todo lle botan; ou o celo das autoridades en seguridade cidadán, coa presenza de policía ou cámaras de vídeo por todos os lados ante o inminente inicio dos xogos olímpicos.

Sen dúbida os Xogos marcarán un antes e despois, tanto en Pekín coma no resto do país. O aspecto da capital, segundo me comentaban tanto foráneos como nativos, mudou considerablemente. Pero a pesares das novas superconstrucións, coma a zona olímpica, que implicou a destrución dunha morea de antigos barrios chineses, chamados hutongs, e da aparición de rechamantes centros comerciais con Mcdonalds abertos as 24 horas por todas as esquinas, aínda é posible atoparte co auténtico espírito milenar chinés nas súas xentes e lugares, xa sexa en sitios coma templos ou parques, ou perdetes por rúas e recantos antigos onde a xente máis humilde e máis pobre, moitos procedentes do campo, vive ou sobrevive, contrastando o seu vivir cos luxos dos fillos ricos de funcionarios e diplomáticos que cada noite se exhiben cos seus cochazos na entrada das discotecas ou, xa dentro, gastan cartos en zonas vip, alcohol e concubinas.

É a contradición resultante da fusión dun determinado sistema económico e social coa ideoloxía promulgada polo goberno, o que desemboca nun caso único no mundo creo eu, dun sistema político e socio-económico que semella un totalitarismo capitalismo-comunismo, que xa é forma de vida.

China é hoxe en día o maior consumidor do mundo. A súa economía non para de crecer e saíron mais persoas da pobreza que en calquera outro país ou época. Centos de millóns de persoas abandoaron as zonas rurais para traballar nas cidades industriais da costa leste, coma Pekín. Agora, nas cidades, hai moita xente con cartos e propiedades privadas, cousa antes nunca imaxinada. Están preocupados nas relacións privadas: moitas mulleres chinesas prefiren a occidentais; ou no sentirse coma estranxeiros que teñen os propios chineses emigrados as cidades; ou a problemática de ter que pagar a hipoteca; ou a dificultade de con-

seguir un visado. Parece non haber preocupación por reformas políticas, liberdades e dereitos, ou outro tipo de cuestión de ámbito nacional. Hai coma un pacto non escrito entre poboación e goberno de non falar de política para así facer máis doado o enriquecemento de quen consegue triunfar.

Aínda así, o desplome da demanda estranxeira provocado pola actual crise esta a asestar un duro golpe ao país. As exportacións caíron un 2,8% en Decembro, a maior caída en dez anos. Miles de empresas botaron o peche. E á crise súmase o efecto que xa tiñan coas maiores esixencias de calidade, leis laborais e medioambientais máis estritas, e a apreciación do yuan. Nesta novo escenario, o Goberno pretende manter un crecemento da creación do emprego e trata de impulsar fortes medidas para evitar a inestabilidade social. Aprobou xa un plan de reactivación económica por valor duns 440.000 millóns de euros ata 2010, que axude a potenciar o consumo interno e reducir as dependencias das exportacións, que representan o 40% do produto interior bruto, e pediu ós seus empresarios que non fagan despedidos masivos, coma se está a levar e que están provocando a volta ós seus fogares de orixe, dos millóns de campesiños que emigraran es cidade en pos dunha mellora de calidade de vida.

Malia esta realidade de transformacións socioeconómicas e tallante



Alumnos do noso Instituto con compañeiros de estudo chineses na Praza de Tiannamen

control governamental, eu sentínme alucinado e alunizado nun pobo sabio e milenar que consciente dunha historia dolorosa (este ano celébrase o tritemente aniversario da revolta social de 1989), se sente, hoxe en día máis ca nunca, coma os seus dous símbolos nacionais: por unha parte renecendo das cinzas coma a ave fénix e por outra sentíndose coa forza resplandecente do dragón.

Polo visto e pescudado, síntome privilexiado de ter tido a oportunidade de coñecer esta cidade, este país, este pobo. E iso por dúas razóns: por unha banda, dende o punto de vista da aprendizaxe e estudos, porque constitúe un campo incomparable para entender de primeira man a realidade mundial do comercio internacional; e por outra, a nivel persoal, por todo o vivido, polo disfrutado e o sufrido. Tomando a Camarón como voz do meus sentimentos alí aflorados (canto me lembrei del e da comunidade xitana de Torneiros ó coñecer os xitanos chineses da lonxana e desértica provincia de Xinjian, emigrados á capital), ao pensar naquelas terras e xentes nun principio extraterrestres e finalmente amadas, a el cantaríalle aquilo de: "Enamorado de la China, aunque a veces duueeeela !!!"



Espectacular imaxe que tomamos da Muralla Chinesa. Foi construída e reconstruída entre o séc. V a.C. e o séc. XVI, co obxectivo de protexer a fronteira norte do imperio. Ten 8850 km de longo, de 4 a 5 m de largo, e de 6 a 7 m de alto. Foi declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco

“O noso Instituto está á cabeza en Galicia en proxectos internacionais”

Entrevista a Amador Ordóñez, profesor do Ciclo Superior de Comercio

No noso centro pódese estudar o Ciclo Superior de Comercio Internacional e máis unha rama de comercio nun PCPI. Todos os anos os estudantes de Comercio Internacional viaxan a diversos países do mundo (EEUU, Francia, Portugal, Reino Unido, Noruega, Romanía, China...) para completar a súa formación, e

estudantes e profesores doutros estados visitan tamén o noso instituto. *Órbita* quixo entrevistar ao principal artífice destes intercambios, o profesor Amador Ordóñez, unha das persoas que posibilitou que o IES Ribeira do Louro se sitúe á cabeza en Galicia en proxectos internacionais.

ANTÍA GONZÁLEZ /
JÉSSICA RÍO

Cales son as materias que se estudan en Comercio Internacional?

Disciplinas que teñen que ver coa loxística: informática, inglés, francés, financiamento, xestión...

Que saídas profesionais ten?

Basicamente as relacionadas co departamento de exterior dunha empresa, co obxectivo de manter relación con compañías doutros países e tramitar importacións e exportacións. Outra posible saída é a de traballar como axente de aduanas.

Que porcentaxe dos alumnos que estudaron neste instituto Comercio están agora traballando?

Pois eu diría que o 100%, algúns en postos de traballo moi ben remunerados e outros gañando algo menos; a clave está no perfil de cada un e no empeño que poña en desenvolver a súa profesión. Saídas hai porque, dende que entrou España na UE, as empresas de aquí non tiveron máis remedio que saír a vender fóra, como os de fóra viñeron aquí. Nós non somos un país tradicionalmente exportador, polo que hai bastantes necesidades neste eido.

Canto pode cobrar nunha empresa un titulado en Comercio Internacional?

O que neste intre están a gañar os nosos alumnos sitúase nunha franxa que vai dende os 800 € ata os 2500 € ou 3000 € dalgún. Non se debe esquecer que algúns dos nosos alumnos remataron hai uns anos e están desenvolvendo postos de gran responsabilidade.

Os estudantes do noso instituto fan frecuentes visitas a diversos lugares do mundo.



Amador Ordóñez nun intre da entrevista mantida coas nosas xornalistas

Que países tedes visitado nos últimos cursos e cal é a finalidade destas viaxes?

O ano pasado estivemos facendo prácticas en China, en Pequín máis concretamente, e tamén en Malta e en Romanía. Temos mandado alumnos a Finlandia, Alemaña, Portugal, etc. Este ano van ir uns cantos a Francia. Traballamos durante 5 anos con EE.UU e neste curso emprendemos unha nova colaboración con este país, en concreto co estado de Iowa. Por outra banda, estamos abrindo canles de comunicación coa India porque coidamos que este país está sendo un dos máis importantes en canto a comercio internacional; é certo que o número un é China, pero hai que lembrar que a India é un país de 900 millóns de habitantes e está a converterse nun país moi exportador en téxtil e en determinados produtos; por todo iso, estamos analizando a posibilidade de enviar algúns dos nosos estudantes ata alí. Por último, pódovos dicir que mantemos contacto cunha universidade de Dubai, país moi interesante tamén no tocante ao comercio internacional, e é probable que nos vindeiros cursos traballe-mos con eles.

É normal que noutros centros se fagan tantas viaxes fóra?

Pois dentro de Galicia eu diría que hai dous centros que se sitúan á cabeza no que respecta á cantidade de países aos que se viaxa: o noso e a Escola de Artes de Ourense, onde tamén traballan en numerosos proxectos internacionais e cos que, por certo, colaboramos bastante. Por suposto, hai bastantes centros que fan proxectos pero é máis normal que traballen só con un par de países. Por exemplo, os únicos centros educativos galegos que posúen liñas de colaboración con Asia somos nós os dous.

Podes explicar os proxectos europeos nos que leva participado o noso instituto?

É unha pregunta algo complicada. Podíamos dicir que en 30 ou 40 proxectos financiados directamente pola Unión Europea. De entre os principais temos participado en proxectos Leonardo da Vinci, Sócrates, Programas de Aprendizaxe Permanente, Interreg. Cada ano programamos dous ou tres proxectos de mobilidade de alumnos. Agora mesmo estannos vi-

sitando uns centros socios en Turquía, na fronteira con Siria e Iraq, outros de Escocia e outros de Romanía. Coidamos que os alumnos deben ter unha visión ampla do mundo, sobre todo se queren traballar a nivel internacional, e o único xeito para facelo é que saian fóra. Diciannos o outro día os profesores dun centro de Iowa que unha cousa é a América de Hollywood e outra a América real, que non se semellan en nada, e foi o mesmo que sentimos cando comezamos a facer proxectos no estado de Utah.

Que programas educativos financia a Unión Europea e que se precisa para acceder a eles?

A UE financia cada ano un importante número de proxectos educativos, non sei, 80, por pór unha cantidade. O que fai falta é moita vontade, tempo e traballo, e por suposto o primeiro é estar informado das axudas que se publican no Diario Oficial de Galicia, e sobre todo, no Diario Oficial da UE e na páxina web da UE. Realmente hai proxectos de todo tipo, algúns moi complicados e outros máis sinxelos, algúns que còmpre facer no marco de redes moi amplas, como son os proxectos Interreg, cun financiamento de 1.000.000 - 2.000.000 €, e outros en redes de tamaño intermedio, como Leonardo da Vinci, Programas de Aprendizaxe Permanente, cunha dotación de 400.000 a 600.000, e nos que por cento o noso centro leva participado. Ademais convócanse moitas axudas para proxectos máis pequenos que se xestionan a nivel estatal. O denominador común de todos os proxectos apuntados é que teñen que ser transnacionais, é dicir, no que teñen que estar implicados varios países.

(Segue na pág. 16)



Alumnos e profesores de catro países debaten no noso instituto as posibilidades do emprego xuvenil en Europa

Leonardo da Vinci: "Young people in need connected to working life"

RUBÉN MARTÍNEZ SABINO /

O IES Ribeira do Louro, durante a semana do 2-7 de Febreiro deste ano, acolleu varios alumnos e profesores dos centros educativos europeos a través do proxecto EOGYN que analiza as posibilidades de emprego xuvenil en Europa.

O conxunto dos socios de Romanía, Turquía, Galicia e Escocia enfocará o presente proxecto na aprendizaxe e a experiencia adquirida nos cen-



Unha das xornadas adicouse tamén a intentar establecer pontes de coñecemento e tolerancia entre algunhas das opcións relixiosas ou filosóficas en Europa: católica, ortodoxa, musulmá e agnóstica

tros socios, dando a oportunidade de visitar os países

socios, co fin de aprender e participar nas boas prácticas de

aprendizaxe destes países así como no seu sistema educativo, aprendendo valores sociais e culturais diferentes.

O proxecto enmarcado dentro do programa Leonardo da Vinci terá unha duración de dous anos, e englobará unha serie de actividades onde o principal obxectivo é a creación dunha rede de centros que se se falicitarán o intercambio da información, principalmente relacionada coa inmersión laboral da xuventude no marco da Unión Europea.

Xornadas sobre Alimentación, Saúde e Benestar

O día 24 de Abril de 2009 celebrouse no centro unha animada exposición de relatorios baixo o título de *Alimentación, Saúde e Benestar*.

Desenvolveuse no salón de actos, cunha nutrida asistencia de profesores e alumnos do noso centro, así coma unha representación de profesorado estranxeiro de países como Turquía, Lituania e Romanía.

Velaquí os diferentes relatores e temas:

- "Saúde a través da auga", por Antonio Freire Magariños, especialista en Hidroloxía Médica e Hidroterapia.

- "Alimentación e Suplementos nutricionais no Deporte", por Fernando Zapata Varro, licenciado en Medicina e Cirurxía, master en Medicina do Deporte

- "Benestar Total", por José Luís Rodríguez Acevedo, fundador do Ximnasio Dei Som.

As charlas resultaron moi interesantes con temas de gran actualidade e interese que provocou a atención dos asistentes. Logo das exposicións, chegou a quenda de preguntas, aínda que non se puido prolongar demasiado por falta de tempo.

Todo iso vén precedido das diferentes xuntanzas que en base ao proxecto realizado polo instituto con centros estranxeiros, denominado "EDUCATION FOR THE HEALTH OF PEOPLE", culminaron deste xeito. Os participantes dos diferentes países aloxáronse no Porriño durante uns días e compartiron connosco os seus coñecementos e expectativas. Así mesmo realizaron unha visita xeral ao centro e puideron ver como se desenvolvía a formación e o material do que se dispoñía. A actividade reflectiuse nunha nota de prensa.

Antonio Geada Pardeiro (Profesor de Comercio Internacional)



Intre dun dos relatorios sobre Alimentación, Saúde e Benestar

Que é o importante?

GONZALO GONZÁLEZ /

E iso para que serve? E iso de que me vale? Quen non se fixo este tipo de preguntas algunha vez. Aínda sendo unha simple opinión persoal, coído que todo o mundo cavilou nelas máis dunha vez. Ás veces non nos damos nin conta de que o facemos, mais adoita ser moi frecuente cando se trata de algo que ou ben non nos interesa ou simplemente atopamos demasiado aborrecido. Dende aquí, e grazas á oportunidade que se me brindou para escribir este artigo, quixera facer chegar a todos, especialmente alumnos, o sentimento e grao de importancia do que gozan algunhas das actividades desenvolvidas a través deste centro. Para iso gustárame centrarme nas xornadas interculturais levadas a cabo o pasado mes de febreiro e das cales moitos de nós fomos testemuñas, algúns mesmo participando de forma activa.

Estas xornadas tiveron dous apartados moi ben diferenciados. Por unha banda o achegamento doutras culturas a través da relixión e por outro os cambios xurdidos en Europa en xeral, debido aos grandes movementos migratorios, e en particular nos países de orixe dos participantes nas devanditas xornadas.

Cando mencionei que me dirixía nomeadamente aos alumnos, fíxeno porque durante o desenvolvemento destas actividades, tan interesantes, observei a reacción de moitos deles e esta non foi precisamente dun gran interese. Este feito queda remarcado coa pobre participación levada a cabo no apartado final de preguntas. Gustárame tamén deixar moi claro que o que me moveu e motivado a escribir este artigo non é en absoluto a crítica, senón o feito de motivar a todo aquel que adique uns minutos do seu tempo na lectura do mesmo.

Poida que para moitos, o feito de que noutros países os seus habitantes teñan distintos costumes aos nosos, non sexa máis ca un miudallo sen importancia. Sen ir máis lonxe, ese era o meu pensamento ata o día que decidín experimentar eses cambios en primeira man. Eu era unha desas persoas que a miúdo me facía a este tipo de preguntas: "E iso de que me vale se aquí as cousas non funcionan así?" Pois ben, debido ao desmesurado crecemento e desenvolvemento do noso planeta, e máis ao cada vez menos relevante papel das fronteiras entre países, debido aos distintos procesos de integración como a Unión Europea, o mundo parece cada vez máis pequeno. Isto provoca que o contacto entre países sexa cada vez máis frecuente. Só debemos botar a vista atrás uns cantos anos para decatarnos dos cambios experimentados tanto a nivel social como relixioso, económico, etc.

Xa que logo, este achegamento, unido aos masivos movementos migratorios ocorridos nestes últimos anos, provocarán que cidadáns de diversas nacionalidades se vexan na obriga de convivir uns con outros e de aí a importancia do coñecemento doutras culturas, países, relixións, etc., o que nos axudará a respectar e a ser respectados, o cal será a base dunha convivencia en harmonía.

Se isto o levamos ao terreo profesional, que é o que a moitos de nós nos atinxe, pódese tirar moito rendemento posto que o coñecemento doutras culturas, costumes e sobre todo outras linguas pode ser a característica diferencial que nos faga conseguir un emprego ou pola contra ser rexeitados.

Poida que a moitos lles pareza que nada do anteriormente comentado lles serve para moito nestes momentos pero, e aquí é onde quero chegar, debido á rápida transformación da nosa sociedade se cadra nun futuro non moi afastado moitos deles verán as cousas dende outro punto de vista.

Por iso, dende aquí animo a todos aqueles que se pregunten "E iso de que me vale?" a que o pensen dúas veces e intenten buscar unha resposta xa que toda pregunta merécese ser respondida. Se cadra aí, e co paso do tempo, cheguen a valorar aquilo que realmente importa. Para rematar gustárame agradecer a todo o persoal docente involucrado por terme dado a oportunidade, primeiro, de participar activamente nesas xornadas, das cales saquei moito proveito e experimentei novas vivencias e, segundo, de reservar un pequeno espazo no cal poder expresar esta opinión.

O grupo Wiiama Crew grava a súa primeira maqueta

Trátase dun grupo de hip-hop constituído por estudantes do IES Ribeira do Louro

XOSÉ ANXO LÓPEZ /

O grupo Wiiama Crew naceu no verán de 2008 e comezamos a traballar na composición un ou dous meses máis tarde. Somos tres rapaces: Xosé Anxo López (co pseudónimo Zones), Iago González (Yaakov) e Antonio Otero

(Wiski); este último é o Dj que nos axuda a seleccionar as bases sobre as que logo cantamos. Gravamos unha maqueta co nome de "Balas de persecución" e consta de 5 cancións: Track 1: Balas de persecución (Presentación); Track 2: "El fin del mundo"; Track 3: "Buenos días"; Track 4: "Yo nunca"; Track 5: "El fin

del mundo" (Remix). Cada unha das pistas posúe temáticas diferentes e estamos contentos co resultado. Na actualidade o mc' Zones está a traballar nunha maqueta que aínda non ten data de saída e na que aparecerán distintas colaboracións: Dcimo, Gian, etc.

Por outra banda, o emece Yaakov está a

preparar outra maqueta que recibe o nome de "Nueva vida", a cal contará con colaboracións como Hutter e mais mc. Agardamos que escoitedes as nosas cancións e dende estas páxinas comprometémonos a empezar a compor tamén en lingua galega. Velaquí unha primeira proba:

A FIN DO MUNDO

É a fin do mundo,
isto estoupa nun segundo.
Xa chegou a hora
xa o planeta se evapora.

É o 2008, todo o que reces será pouco.
Este mundo rematou e non, eu non choro,
supuxen que para esta data eu non estaría aquí, pero si,
este tema-mundo vai para ti.

Axente suicídase, non quere ver a fin da súa curta vida,
non hai ninguén, nin nas rúas nin nas avenidas,
están frías coma as miñas mans.

Collo o bolígrafo, serán as últimas letras que escriba,
o rei da creación non aguanta máis as súas feridas.

Cargámonos o planeta e con el a súa vida,
neste lugar xa non se respira,
o caos, sucumbiu o planeta. Haberá outra vida?
E se a hai, quen a ten ben merecida?

Vivo sobre a faz
dunha humanidade voraz
que come recursos irrenovables con solaz.
Os que teñen moito diñeiro intentan salvarse meténdose nun iglú,
e os demais que?, que lles dean polo cu?



Grupo musical de hip-hop Wiiama Crew. Os seus integrantes son alumnos do noso centro. De esquerda a dereita, Iago González, Xosé Anxo López e Antonio Otero

Profesores de luxo no IES Ribeira do Louro



Durante este curso, os alumnos do noso instituto tiveron a oportunidade de completar a súa formación musical con dous grandes instrumentistas: Oliver Acosta, violinista, e Olalla Álvarez, oboísta.

Á esquerda podemos ver a Óliver interpretando cos alumnos un retrinco da Sinfonía "Novo Mundo", do compositor checo Antonín Dvřak.

Á dereita, a profesora Olalla amosando aos estudantes o fascinante son do oboe, a través dunha das súas pezas favoritas, o Concerto para oboe, de Johann Strauss





Bos días. Chámome Dian Fossey e nacín en California (EEUU) en 1932. Fun unha gran defensora da vida dos animais en perigo de extinción e máis concretamente dos gorilas que viven en África Central. Viaxei por primeira vez a este continente en 1963 e alí coñecín o antropólogo británico Louis Leakey, quen me fixo ver a importancia do estudo dos grandes simios para comprender a evolución humana. O seu apoio foi fundamental para que a *National Geographic* me contratase coa finalidade de estudar o comportamento destes misteriosos animais, dos que se sabía moi pouco.

O meu método de estudo como zoóloga foi realmente revolucionario. Sabía que se quería coñecer a vida dos gorilas en liberdade, debía achegarme a eles o máis posible e para que me permitisen facelo, canto menos me diferenciase deles, mellor sería. Así, por exemplo, imitaba os seus sons e comía ruidosamente apio salvaxe, o mesmo que eles o facían. A miña paciencia e meticulosa observación permitíronme gañar pouco a pouco a aceptación de varios grupos, e cheguei a ter unha relación de confianza e afecto con eles. En 1983 publiquei o libro *Gorilas na brétema*, que foi o resultado dos meus 22 anos de estudo con estes animais, e do que despois se faría unha película.

O meu libro cambiou moito as nocións que se tiña sobre os gorilas, sobre os cales existía o prexuízo de que eran violentos e moi perigosos para as persoas. Debedes lembrar que o seu ADN é idéntico ó dos humanos nun 98%, e que moitos estudos parecen demostrar que os grandes simios (chimpancés, gorilas e orangutáns) posúen racionalidade e autoconsciencia. Precisamente por iso, no momento no que vivides existe unha organización internacional chamada Proxecto Gran Simio que propón a liberación de todos os que están en cautividade e que non se experimente con eles no laboratorio. Pero eu non só me limitei a estudar a estas criaturas. Tamén me adiquei a crear unha conciencia en contra da caza furtiva que estaba a rematar cos gorilas. Esta loita creoume moitos inimigos e foi se cadra a razón do meu asasinato en 1985.



Dian Fossey (María Alonso)

Chámome Maruxa Mallo e nacín en Viveiro en 1902. Son a pintora galega máis valorada internacionalmente. Estudei na Academia de Belas Artes de Madrid, e alí fixen amizade con outros escritores e artistas da miña xeración: Salvador Dalí, Rafael Alberti, García Lorca ou Luis Buñuel.

En 1931 expuxen en París a miña obra e artistas como Picasso ou André Breton acollérona con entusiasmo. Durante o tempo da II República, fun unha das intelectuais que me anotei como voluntaria para participar nas chamadas

Misións Pedagóxicas, un proxecto que consistía en facer chegar a cultura ata os recantos máis esquecidos do Estado, sobre todo ás zonas rurais, ás que levamos bibliotecas e museos circulantes, cine, teatro, música e conferencias. Cando estaba a Guerra Civil en España, teño que exiliarme, primeiro en Arxentina e logo en Nova York, onde seguí pintando e realizando exposicións. O meu cadro "Espantallo" é unha das grandes obras do surrealismo, e algúns críticos aseguran que os meus retratos de mulleres son precursores da Arte pop estadounidense. Fínei en Madrid en 1995.

Moitas grazas.



Maruxa Mallo (Raja Rizki)

Chámome María, a Profetisa, e os historiadores supoñen que nacín en Alexandría no séc. III. Son unha das primeiras alquimistas coñecidas e a que inventou ese método de quantamento indirecto que no tempo no que vós vivides segue levando o meu nome, o baño María, un método que serve para quantar unha substancia de xeito suave e constante, e que empregades moito xa non só na cociña, senón nos vosos laboratorios de química e na industria farmacéutica e conserveira.

Aínda que ás veces na cultura popular fálanse de nós, os alquimistas, con desprezo, como persoas sen ningún rigor científico que pretendiamos transformar o chumbo e calquera metal vulgar en ouro, debedes lembrar que a alquimia foi unha das principais precursoras das vosas ciencias modernas. Así, moitas das substancias, ferramentas e procesos da antiga alquimia serviron como alicerces fundamentais nas vosas modernas industrias químicas e metalúrxicas. En realidade, ata o século XVII a alquimia foi considerada unha ciencia seria en Europa. Por exemplo, Isaac Newton adicou moito máis tempo e escritos ó estudo da alquimia ca ó da física. A miña obra foi destruída no segundo incendio da Biblioteca de Alexandría, acontecido no ano 389, pero afortunadamente e dado que era moi famosa e posuía moito prestixio, diversos autores citan o meu nome nos seus libros, e as miñas teorías e descubertas. Boa parte dos utensilios de laboratorio utilizados ata o século XVII débense ás miñas descrições.

Por certo, aínda que eu non logrei a transmutación da materia, moito tempo despois, no século XX, os físicos lograron transformar átomos de chumbo en átomos de ouro mediante reaccións nucleares, aínda que iso si, os novos átomos de ouro, ó seren isótopos moi inestables, resistiron menos de cinco segundos antes de se desintegraren. Gracías.



María "a Profetisa" (Raquel Fernández)



Arriba, distintos momentos das actuacións nas aulas por parte das nosas actrices

Se queres ver a cor todas as páxinas da nosa revista, entra na web do Instituto:

<http://centros.edu.xunta.es/iesribeiradolouro/>

Bos días. Chámome Rigoberta Menchú e nacín en 1959 no concello de Uspatán, en Guatemala. En 1992 outárganome o Premio Nóbel da Paz pola miña defensa dos dereitos humanos. Son unha indíxena maia descendente dos pobos orixinais que habitaban o meu país, e outras zonas estremanas coma o sur de México, antes da invasión de América polos españois. Dóenos que algúns sigan falando de descuberta de América e non nos parece correcto, xa que os maias se descubriron a si mesmos moito antes da caída do Imperio Romano e do Medioevo europeo.

Nestes cincocentos anos os pobos indíxenas foron divididos e sufriron o xenocidio, a represión e a discriminación, e durante toda a miña vida traballei coa finalidade de que esta situación cambie para os 60 millóns de indíxenas que aínda habitan a nosa América. Queremos que os indíxenas non sufran racismo, que se eliminen os seus arrepiantes índices de mortalidade infantil, de desnutrición, de falta de educación, de analfabetismo, de salarios de exterminio. Desexamos que se respecten as nosas terras e culturas, entre outras cousas porque temos unha visión da vida que pode dar ideas para salvar a humanidade. Para nós a terra é unha nai porque nos dá a vida, e non só unha mercadoría. Nunca nos consideramos donos da natureza, senón parte integrante dela, por iso sabemos vivir en harmonía con ela, sen sobreexplotar os recursos naturais e sen producir contaminación. En Guatemala fálanse 21 linguas diferentes do castelán e desexamos que se respecten e ensinen nas escolas. Agora, para rematar, eu quero darvos as grazas nunha delas, o kakchikel, falada por máis de medio millón de guatemaltecos: Matyox (=Grazas).



Rigoberta Menchú (Anais Oya)

Chámome Rita Levi-Montalcini e nacín na cidade italiana de Turín en 1909. Fixenme moi coñecida cando en 1986 me concederon o premio Nóbel de Medicina. Os meus traballos serviron para descubrir que as células só se comezan a reproducir cando reciben a orde de facelo, orde que é transmitida por unhas substancias chamadas factores de crecemento.

A miña familia era xudía e cando rematei a licenciatura de Medicina en 1936, comecei a traballar como axudante do famoso histólogo Giuseppe Levi. Pero dous anos despois, en 1938, o que daquela era presidente de Italia, Benito Mussolini, prohibiu a todas as persoas xudías acceder a calquera carreira académica ou profesional. Pero a min apaixonábame a Medicina e o que fixen entón, ata que acabou a Segunda Guerra Mundial, foi construír un laboratorio na miña propia casa; alí estudei o crecemento das fibras nerviosas en embrións de polo, o que me había valer como base para futuras investigacións. Dirixín durante moitos anos o Centro de Investigación Neurobiolóxica de Roma e despois o Laboratorio de Bioloxía Celular.



Rita Levi-Montalcini (Nerea Fernández)

Aínda que moitos non me cren, eu sempre digo que a miña é unha intelixencia mediocre. Os meus méritos foron o esforzo e o optimismo. Hai sete anos que perdín a vista, pero agora que vou cumprir cen anos estou a centrar os meus esforzos en asuntos sociais e na formación educativa das mulleres africanas novas. Cando alguén me pregunta se non teño pensado xubilarme sempre respondo o mesmo: endexamais. A xubilación destrúe cerebros. O corpo engrúfiase co paso do tempo, é inevitable, pero non o cerebro, e o meu aínda está perfecto.

Chámome Susan Sontag, nacín en Nova York en 1933 e fun considerada unha das principais escritoras e intelectuais dos Estados Unidos das últimas décadas. Aproveitei moi ben os meus estudos de adolescente e tiven a sorte de poder completar a miña formación académica en cinco universidades de prestixio. Todos dicían que a miña cultura era amplísima e o certo é que todo espertaba o meu interese: a poesía e a novela de todos os países, a pintura, a música, o cine, a arquitectura, a política e os dereitos humanos.


En 1968 durante a guerra de Vietnam, no que morreron máis de un millón de persoas, acusei ó meu país, EEUU, de xenocida, o mesmo que podería facer hoxe coa guerra de Iraq. Sabemos con exactitude o número de estadounidenses mortos polo de agora, pero non o número de iraquís. O goberno de EEUU e os grandes medios de comunicación que repiten a súa voz acusáronme de traidora e antipatriota, pero non me importou. Sempre me pareceu escandaloso que os occidentais valoremos a vida dos membros da nosa tribo por enriba de todas as demais. Comprometinme moito na defensa dos escritores que están no cárcere por escribir o que pensan e no ano 2003, un ano antes de finar, recibín o premio Príncipe de Asturias das Letras. Neste acto pronunciei un apaixonado discurso en defensa da literatura. Por iso anímovos a todos a que leades. A literatura é un dos xeitos fundamentais de nutrir a conciencia, de crear a vida interior, de aumentar a nosa sensibilidade cara a outros seres humanos.



Susan Sontag (María González)

Bos días. Chámome María Casares e nacín na Coruña en 1922. En 1939, pouco antes do remate da Guerra Civil Española, meu pai, Santiago Casares Quiroga, que fora Xefe do Goberno durante a II República, tivo que exiliarse en Francia para que non o mataran e eu acompañei. Estudei arte dramática e interpretación no Conservatorio de París, no que conseguín entrar malia as dificultades do idioma.

Protagoniceí varias obras escritas por Albert Camus, con quen por certo mantiven unha relación sentimental, e convertínme na musa do existencialismo francés. En Francia consideráronme a máis importante actriz teatral da segunda metade do século XX. Tamén participei en películas. Se queredes podédesme ver na obra Orfeo, de Jean Cocteau, de 1950, pola que me fixen moi popular, aínda que na España de Franco sempre fun silenciada. Cando a España chegou a democracia, voltei nalgunhas ocasións para representar diversas obras. En 1996 aceptei que os premios de teatro de Galiza levaran o meu nome, pero a morte estando en Francia impediume asistir á súa primeira edición. Beizóns.



María Casares (Jennifer Teixeira)




Entón, lector! Aquí estamos seis mulleres que destacamos en diversas disciplinas do saber. Se queres coñecer algo máis sobre nós, consulta o número anterior da revista *Órbita* (pódela descargar da web do instituto).



Rosalía de Castro: escritora galega (Vanesa Leboreiro)



Ada Byron: programadora informática
(M^a Luisa Muñoz)



Safo: poetisa grega (Leidy Jhoana Quiñones)



Hipatia de Alexandría: matemática
(Eliana dos Anjos)



Olympe de Gouges: líder feminista francesa
(Iria Senra)



Hildegarda de Bingen: médica alemá
(Adriana Vázquez)

Mulleres excepcionais da historia visitan as nosas aulas

Nesta actividade teatral búscase practicar o discurso en galego e eliminar estereotipos sexistas

Por segundo ano consecutivo, o Departamento de Filosofía e mais o Equipo de Normalización organizaron no noso centro a actividade teatral Grandes mulleres da historia, na que as nosas alumnas lles deron voz a trece figuras femininas excepcionais do pasado e do presente.

Neste curso visitaron as aulas do IES Ribeira do Louro algúns personaxes xa coñecidos: Hipatia de Alexandría, Hildegarda de Bingen, Ada Byron, Olympe de Gouges e Rosalía de Castro, e incorporáronse outros sete por primeira vez: María "a Profetisa", Maruxa Mallo, María Casares, Susan Sontag, Dian Fossey, Rita Levi-

Montalcini e Rigoberta Menchú.

As actuacións, que tiveron lugar nas propias aulas, foron moi ben acollidas polo alumnado asistente e resultaron un auténtico éxito. O mesmo có ano pasado, diversos institutos de secundaria puxéronse en contacto connosco para convidarnos a representar nos seus centros, e desta volta puidemos acudir ao IES Val do Tea, onde nos recibiron de marabilla e lles encantaron as actuacións.

A preparación destes monólogos teatrais, con mulleres que representan as máis variedades disciplinares do saber parécenos



María Casares, a extraordinaria actriz galega, durante o seu discurso. Está acompañada doutras mulleres con relevancia histórica

un excelente xeito de eliminar estereotipos sexistas e discriminatorios e, ao mesmo tempo, practicar o discurso público oral en lingua galega. Como fixemos no anterior número de *Órbita*, pu-

blicamos aquí íntegros os textos que, logo dun proceso de documentación, se elaboraron para cada personaxe, coa finalidade de que calquera centro educativo os poida utilizar.



Hipatia de Alexandría, explicando a súa traxectoria vital



Olympe de Gouges, a líder feminista francesa, en acción



Na imaxe da esquerda vemos os profesores Virxinia Calviño e Delio García acompañando as nosas actrices xusto na entrada do IES Val do Tea, de Pontearreas, ata onde levamos os nosos monólogos teatrais. A fotografía da dereita, e todas as demais, corresponden ao día en que actuaron nas aulas do noso Instituto

Alumnos do noso instituto escriben, dirixen e interpretan a súa propia obra de teatro

É a primeira vez na historia do noso centro que uns estudantes autoxestionan todo o proceso de creación teatral

Durante este curso tivo lugar un acontecemento extraordinario, inédito na historia do noso instituto e que moi poucas veces acontece nun centro educativo: un grupo de estudantes, maioritariamente constituído por alumnas de 4ºESO, puxéronse de acordo dende o comezo do curso co obxectivo de preparar unha obra de teatro para a Semana das Letras Galegas, pero coa particularidade de que todo o proceso estaría autoxestionado por eles mesmos.

Deste xeito, a partir dun texto teatral en catro actos titulado *Historias que contar*, escrito polas alumnas María Saa e Rebeca Rocha, todo o grupo se puxo mans a obra: repartiron os papeis, ensaiaron durante meses as escenas e buscaron o vestiario, o decorado e mais a ambientación musical. O resultado foi a representación dunha magnífica comedia e unha mensaxe esperanzadora para toda a comunidade educativa: por que non organizarse sen esperar recibir ordes de ninguén?

REDACCIÓN

As orixes desta iniciativa remóntanse aos últimos meses do curso pasado, cando alentados pola súa titora, Esther Fraga, que buscaba a realización dunha actividade de aula que axudase a mellorar a relación do grupo, unha serie de estudantes do seu grupo decidiu concentrarse na realización dunha obra de teatro.

A peza *Historias que contar*, presentada durante a Semana das Letras Galegas deste ano, é unha versión ampliada e mellorada do primeiro texto escrito durante aquel curso.

Uns días antes da representación, a nosa revista Órbita quixo estar cos membros deste grupo de teatro e isto foi o que nos contaron sobre o argumento e características desta comedia:

“A partir do relato dunha narradora (Lucía Alonso), que servirá de fío condutor, esta obra de teatro cóntanos distintas historias que transcorren no mesmo espazo e tempo, e nela as risas están aseguradas.

Dunha banda amósase a rivalidade estre dúas mulleres: Remedios (Judit Vila) e Petronila (Jénifer Rodríguez), a cal dirixe o seu propio negocio. A tenda de Petronila, moi coñecida no barrio polos continuos roubos dun ladrón chamado Manoliño (en principio interpretado por Alba Rodríguez, aínda que o día da representación tivo que asumir o papel José Antonio Bargiela), animado polas ideas do demo (Lara Rodríguez) e ignorando as do anxo (Laura Nomiella). Pero estas dúas mulleres teñen unha cousa en

común, e é que as dúas están casadas cos policías do barrio: Policarpo (María Saa), marido de Remedios, e Xervasio (Rebeca Rocha), casada con Petronila. Estes dous pasan todo o día no bar Tío Pepe, dirixido pola camareira




Elenco de actores e actrices: (detrás, de esquerda a dereita) Virginia Pereira, Adrián Teixeira, Lara Rodríguez e Laura Norniella; (entremedias) José Antonio Bargiela, Judit Vila, María Saa, Rebeca Rocha e Jennifer Rodríguez; (diante, sentados) Alba Rodríguez, Adriana Vázquez e Diego Sánchez



Mª Auxiliadora (Adriana Vázquez) sacando uns extras como pitonisa. O incauto cliente é Risto Mejide (Adrián Teixeira)



Virxina (Virginia Pereira), a camareira que soña con ser cantante



Os policías do barrio: (de esquerda á dereita) Policarpo (María Saa) e Xervasio (Rebeca Rocha)

Virxinia (Virginia Pereira), unha moza que sempre soñou con ser cantante, e que quizais vexa axiña cumprido o seu desexo, xa que tamén estará polo barrio Risto Mejide (Adrián Teixeira), xurado de Operación Triunfo

Por outra banda, aparece en escena unha pobre muller chamada María Auxiliadora (Adriana Vázquez), a cal, para comer, ten que se enfrontar a Fulxencio (Diego Sánchez), outro

esmolante que loita pola supervivencia, e a Rodolfo (José Antonio Bargiela), o varrendeiro do barrio, que xa está farto de rifar con Mª Auxiliadora e Fulxencio para que fagan as paces.

Mª Auxiliadora tamén posúe o seu propio negocio para sacar algo de diñeiro e adícase á bruxería. Con todo, a súa vida dará un xiro de 360º ao descubrir quen é o seu fillo, ao cal abandonara había moito tempo.

Nesta obra non faltarán os elementos cómicos para rir. Ademais gozaredes dos orixinais musicais que vos teremos preparados, xunto coas inesperadas sorpresas que nos darán os actores e actrices”.

Os nosos parabéns aos creadores e intérpretes desta comedia, que, efectivamente, o día da súa estrea resultou un auténtico éxito.

(Segue na páx. 8)



Dous personaxes rifando; Petronila (Jénifer Rodríguez) e Remedios (Judith Vila), perante a indiferencia dunha terceira.



O eterno dilema: ser virtuoso ou sucumbir á tentación. No centro, Manoliño (Alba Rodríguez); na parte esquerda, o demo (Lara Rodríguez) e á dereita, o anxo (Laura Norriella)



Dous esmolantes (Adriana Vázquez e Diego Sánchez) disputándose a miseria, mentres o varrendeiro (José Antonio Bargiela) se inhibe



Estes policías pasan todo o día no bar, e moitas veces extralimítanse nas súas funcións. María Saa e Rebeca Rocha, que aparecen aquí de policías, foron as autoras deste texto teatral titulado *Historias que contar*

Vocabulario da xerga xuvenil do Porriño

ALEXANDRE PIRES /

Neste artigo intento recoller algunhas palabras e frases que forman parte da xerga utilizada pola xente nova no Porriño e os seus arredores. A xerga xuvenil está constituída por aquelas formas lingüísticas que usan acotío os rapaces e rapazas para falar entre eles. Un dos temas característicos e máis repetidos na xerga xuvenil é aquel que ter que ver co sexo, se cadra por que este é un tema que boa parte da sociedade segue a considerar tabú; por iso nesta relación de expresións aparecen algunhas relacionadas con este ámbito e algunhas delas bastante fortes. Seguramente vós saibades máis, pero estas son as que eu atopei:

- Tirar pedriñas: botar piropos. Ex: "Tiroulle pedriñas a aquela moza"
- Achantarse: Botarse atrás. Ex: "Nese momento achantouse"
- Catear: suspender. Ex: "Cateei nove"
- Chungo: 1. Difícil. Ex: "Foi chungo o exame"; 2. Raro. Ex: "É unha peña chungo"
- Cocer: 1. Aburrirse. Ex: "Estou cocido"; 2. Aburrir a alguén. Ex: "Xa coces"; 3. Embededarse. Ex: "Cocouse"
- Croio: aplícase a unha persoa fea. Ex: "Mira que croio!"

- Ferver o pisco: estar excitada sexualmente unha muller. Ex: "A esa moza ferve o pisco"
- Friki: persoa rara. Ex: "Mira que friki é ese neno"
- Flemillas: aplícase a persoa feble. Ex: "Ese é un flemillas"
- Ghalar: comer. Ex: "Vou ghalar un bocadillo"
- Ghulai: homosexual. Ex: "Ese é un ghulai"
- Mazarse: emborracharse. Ex: "O sábado mazouse"
- Pavo/a: home/muller. Ex: "Que pasa, pavo?"
- Peña: grupo de xente. Ex: "Canta peña"
- Petado: 1. Cheo. Ex: "O local estaba petado"; 2. Persoa forte, musculosa. Ex: "Está petado"
- Petar: 1. Chocar. Ex: "Petou co coche"; 2. Penetrar. Ex: "Petoulle o cu"
- Rabear: vomitar. Ex: "Rabeou coma un porco"
- Sairse un cacho: estar ben, resultar interesante. Ex: "O actor saíuse un cacho"
- Tumbar fentos: practicar sexo de monte. Ex: "Imos tumbar fentos?"
- Zumbar: 1. Baterlle a alguén. Ex: "Vouche zumbar"; 2. Practicar sexo. Ex: "Zumbemos a catro patas"





O IES Ribeira do Louro gaña o 1º Premio de recolla de tradición oral

O 31 de outubro de 2008 o noso Instituto recibía na Casa das Palabras de Vigo este importante galardón, na modalidade de secundaria, convocado polo colectivo pedagóxico PONTE... NAS ONDAS. Este proxecto de recoillida de cantos de Nadal e Reis, coordinado pola profesora Paz Fernández Pereiro, púxose en marcha no curso 2005-06,

REDACCIÓN

A recollida de tradición oral é habitual no IES Ribeira do Louro. Aínda que o traballo inicialmente recollía cantos da Louríña, posteriormente se abriu a outras zonas próximas debido á procedencia do alumnado, por exemplo, Mondariz ou Vigo. Constatamos na recolla que os cantos eran semellantes.

AS MANIFESTACIÓNS MUSICAIS DO NADAL

Cantigas de Nadal

Aínda que en principio todas as cantigas de Nadal nos poden parecer iguais, non é así, e teríamos que facer tres clasificacións:

Por un lado están os **romances** como poden ser *A toca da Virxe*, *El ciego y las naranjas*, etc. Algúns chegaron ata hoxe por tradición oral e poden ter a súa orixe nos séculos XIV-XV; outros proveñen de pregos de cordel, xeralmente de orixe castelá, e xa datan do século XIX. Tamén neste apartado habería que incluír algunhas cancións romanceadas, moi espalladas por toda Galicia como pode ser *Madre, a la puerta hay un niño*.

Por outro lado teríamos as **panxoliñas** que non serían máis que coplas alusivas ao nacemento de Deus, ligadas por un retrouso.

O terceiro tipo serían os **vilancicos** de autoría culta, feitos por unha persoa enxeñosa e con recursos, como podía ser o mestre ou o cura. Estes vilancicos son os que semellan de creación máis recente.

En calquera dos tres casos as cancións adoitan comezar cunha petición de licenza para

cantar e rematan coa petición do aguinaldo.

Tanto as licenzas como os aguinaldos acostumaban a ser cantados en galego, pois eran inventados polos cantores, mentres que o corpo central, ao ser de autoría culta, estaba acotío en castelán.

Cantos de Reis

A clasificación dos cantos de reis vén sendo parecida aos de Nadal. Temos romances vellos, romances "a lo divino", coplas independentes ligadas por un ritornello e reis de autoría culta. E a estes teríamos que sumarlles os reis xocosos e os reis da Epifanía, sempre ligados a danzas consuetudinarias.

Segundo a zona, os reis podían comezar a cantarse polas casas sobre o día 3 de xaneiro.

(Fonte: CD *O Quiquiriquí*)

Vexamos algúns cantos recollidos neste traballo:

*Cantámosche os Reis perniñas de cabra,
cantámosche os Reis non nos deches nada,
cantámosche os Reis do kikiri-ki,
se non nos das nada caghámosche aquí!*

*Aquí estamos os dos reies
Dispostos para cantare
Si nos dan licencia
Vamos a comenzare.*

CANTO DE REIS (fragmento)

*Sol brillante
del cielo estrellado
y un sol aparece*

*Que viva y que reine
El berbo encarnado
El rey de los reyes*

Un rayo del cielo

partindo dun proxecto do músico Xosé Ramón Paz Antón, co que levamos colaborando varios anos. O alumnado que participou na elaboración do traballo cursaba daquela 3º e 4º de ESO e 1º Bacharelato, e agora son estudantes de bacharelato, de ciclos formativos e da universidade.



A profesora Paz Pereiro coas alumnas Alba Besada, Iris Boulosa, Iria Senra e Andrea Garrido, na Casa das Palabras, uns intres despois de recibir o premio (1000 € e placa conmemorativa)

Con luz tan brillante

*Los iba siguiendo
Y al portal
De Belén se paran
Y allí estaba el niño
Que andaban buscando*

*Que viva y que reine
El berbo encarnado
El rey de los reyes*

NOITIÑA DE NADAL

*Noitiña de natal
noite máis clara có día
camiñando vai Xosé
e maíla Virxe María.*

*Camiñan para Belén
máis de noite ca de día
e cando a Belén chegaron
xa toda a xente dormía,
e cando a Belén chegaron
xa toda a xente dormía.*

*Arrimáronse a un árbol
preto dunha fonte fría,
por alí pasa o porteiro
o que as chaves el tiña,
por alí pasa o porteiro
o que as chaves el tiña.*

*O porteiro non é porteiro
pois ten pouca cortesía
que se atreva a preguntar*

cando a Virxe viría.

*A Virxe non é para esta noite
nin tampouco pra a que viña,
e cheghando a media noite
a Virxe sabido había,
e cheghando a media noite
a Virxe sabido había.*

*Trae un neno bonitiño
ghordo, rubio e colorado,
pa que sea o pastor
e el cuidar o ghando.*

*Os pastores de Belén
todos xuntos van por leña,
pa calentar ao neniño
que naceu na noite boa,
pa quentar a este neniño
que naceu na noite boa.*

*Pastores ven vir
pastores chegar
a miralo neno, a miralo neno,
que en Belén está.*



Peixes e mariscos no IES Ribeira do Louro

Unha magnífica exposición fotográfica para aprender a identificar as especies

REDACCIÓN/

A Terra é o único planeta no noso sistema solar que ten unha superficie líquida: a auga cobre un 71% da superficie da Terra (o 97% dela é auga de mar e o 3%, auga doce), e os océanos e ríos albergan unha enorme diversidade biolóxica. Ademais, Galiza, con 1300 km de costa e con moitos miles de quilómetros de cauces fluviais, constitúe neste aspecto un contorno privilexiado.

Neste marco, o Departamento de Ciencias Naturais, dirixido por Luisa Tenreiro, e mais o Equipo de Normalización Lingüística deixaron preparada durante os meses de marzo e abril unha belida mostra fotográfica cunha finalidade principal: mellorar o noso coñecemento sobre as especies que habi-



Estudantes do noso Instituto observan atentamente as imaxes da exposición para poder completar os exercicios encomendados



Sonia Omil, e que simulan os distintos hábitats acuáticos, a comunidade educativa puido ollar en imaxes de alta calidade as características dunhas setenta especies do medio mariño e fluvial.

Nesta imaxe pódese comprobar as distintas posibilidades que ofrecía a exposición: fotografías con información explicativa, películas documentais sobre o mar, e software interactivo



Cada peixe e marisco aparecía acompañado dunha ficha explicativa na que constaba o nome en galego, o nome científico e a súa denominación noutras linguas (castelán, inglés e francés). Ademais, os alumnos de bioloxía de 4º ESO encargáronse de buscar información complementaria para a recensión de cada especie, e de elaborar carteis para entender a clasificación dos seres acuáticos fotografados nos seguintes grupos: artrópodos (crustáceos:

lagosta, lumbrigante, cangrexo...), moluscos (bivalvos: ameixa, ostra, mexillón, navalla, longueirón...; cefalópodos: polbo, a lura, a pota, o choco...; pelecípodos:

(rochosa: sargos, dourada, robaliza...; e areosa: rodaballo, linguado, solla...) e peixe da zona peláxica, é dicir, de altura: pescada, bacallau, etc. Os alumnos de 3º ESO tamén prepararon para o Departamento de Ciencias Sociais uns traballos sobre produción pesqueira e caladoiros.

De por parte, seguindo cunha dinámica nas exposicións iniciada durante o curso pasado, a propósito dunha mostra sobre árbores e plantas, proxectáronse uns 300 minutos de película documental sobre a vida nos océanos, e ofreceuse a



Imaxes de mariscos

tan os nosos mares e ríos. Sobre uns preciosos murais deseñados polos alumnos de 2º ESO, baixo a coordinación da profesora do Departamento de Plástica,



Lagosta



Lumbrigante



Ollomol



Robaliza



Peixe sapo

percebe). Mostráronse as principais especies dos nosos ríos: troita, salmón, lamprea, anguía, escallo, boga, carpa, espiñento, cangrexo de río autóctono e americano..., ou outras moi populares: esturión, lucio..., e verbo das especies mariñas elixíronse aquelas propias do noso litoral ou de interese para a nosa flota pesqueira: peixes da zona litoral



Fotografías de peixes sobre un precioso mural elaborado polos alumnos do Departamento de Plástica

posibilidade de interactuar mediante software para, entre outros aspectos, afondar no coñecemento das artes de pesca.